



RAMÓN VILLARES
XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
EDITORES

**OS EXILIOS IBÉRICOS:
UNHA OLLADA COMPARADA
Nos 70 anos da fundación
do Consello de Galiza**



**OS EXILIOS IBÉRICOS:
UNHA OLLADA COMPARADA
Nos 70 anos da fundación
do Consello de Galiza**

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2017
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Imaxe da cuberta

Bandeira do Consello de Galiza, que se conserva na Real Academia Galega, co seguinte lema: «Esta bandeira foi adequirida pol-os Galegos de Bos Aires i entregada a Don Alfonso R. Castelao como ofrenda à sua Patria e para que flamee n-ela o día da ansiada Liberdade. 28-6-1946»

Imprime

Grafisant, S.L.

Depósito Legal: C 1735-2017

ISBN 978-84-92923-88-5



Coa colaboración do Grupo de Investigación *Historia Política e dos Nacionalismos* (Hispona) da USC

RAMÓN VILLARES
XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
EDITORES

OS EXILIOS IBÉRICOS:
UNHA OLLADA COMPARADA
Nos 70 anos da fundación
do Consello de Galiza



(a)

actas

Presentación

Reúnen neste volume os textos presentados e obxecto de debate no marco do simposio *Os Exilios Ibéricos en Clave Comparada*, que co gallo do 70 aniversario da fundación en Montevideo do Consello de Galiza foi realizado en Santiago de Compostela os días 14 e 15 de novembro de 2014, coorganizado polo Consello da Cultura Galega e o Grupo de Investigación da USC Historia Política e dos Nacionalismos (HISPONA). O conxunto de experiencias aquí reflectidas, de estudos de casos e mais de reflexións conceptuais que se presentan ao público lector constitúen, ao noso entender, un achegamento orixinal, calidoscópico e cheo de suxestións teóricas e metodolóxicas que sen dúbida han arriquecer o debate internacional, fieis á fórmula de enxergar a historia de Galiza como unha célula de universalidade, e a historia do exilio galego como un laboratorio acaído para o tratamento de cuestións máis amplas, que se remiten ás novas olladas historiográficas sobre os exilios e as migracións.

Un primeiro obxectivo do encontro foi analizar a executoria e características do galeguismo exiliado, e nomeadamente as circunstancias que levaron á constitución do Consello de Galiza, a súa evolución e mais as súas características diferenciais dentro do exilio republicano español, tema que aborda o texto de Ramón Villares. A seguir, nunha primeira sección, dedicada aos debates conceptuais, tentamos inserir a experiencia do exilio galego e galeguista de 1939 dentro dun contexto teórico, historiográfico, xeográfico e conceptual máis amplo. Iso implicou, en primeiro lugar, abordar as categorías analíticas asociadas aos conceptos de exiliado e emigrante, as súas mudanzas a través do tempo e mais os seus cambios de significado, como recolle o texto de Fernando Devoto (Universidad Nacional San Martín / Universidad Católica Argentina, Bos Aires). Pero tamén reavaliar algunhas das definicións clásicas do que son as diásporas, os exilios e a emigración, así como as fronteiras, non sempre nidias,

entre elas, á luz de paradigmas coma o da historia transnacional, como abordan Xosé M. Núñez Seixas (LMU, Múnic / Arquivo da Emigración Galega) e, centrándose neste caso na paralela historia dos exilios latinoamericanos da segunda metade do século xx, Pablo Yankelevich (Colegio de México).

Nunha segunda sección é a quenda das análises transversais sobre os exilios, quer dende a perspectiva dunha familia política transnacional e as súas experiencias en diferentes países ou contextos de acollidas, quer dende a perspectiva dun grupo xeográfico determinado e a súa andaina por diversos lugares. Exiliados antifascistas europeos, tanto españois como alemáns, austríacos e italianos, que coexistiron e interaccionaron en Bos Aires e en México entre 1936 e 1945, como expón Andrea Acle-Kreysing (LMU Múnic / Universität Leipzig). Pero tamén os *outros* exiliados despois da II Guerra Mundial, os nazis, fascistas e colaboracionistas europeos que fuxiron a través de diversas rutas cara a América, cuxa andaina presenta máis dun punto en común coa dos antifascistas, como sinala Federica Bertagna (Università di Verona). Ou os exiliados comunistas galegos, que atravesaron diferentes continentes e tiveron perfís prosopográficos variados, inseridos nunha experiencia global, a do movemento comunista internacional, como analiza Víctor Santidrián (Fundación 10 de Marzo).

Nunha terceira sección abórdanse diversos casos de exilios ibéricos. De entrada, as diferentes vagas dos exilios antisalazaristas durante o Estado Novo portugués, na América e na Europa, analizados por Víctor Pereira (Université de Pau). Pola súa banda, Emilio Grandío (USC) trata polo miúdo un caso singular, o republicano galego Salvador de Madariaga e a súa temperá opción por unha incorporación plena da España peregrina e os seus proxectos políticos ao horizonte da unificación europea. Tamén é a quenda dos exilios ibéricos que presentaron características en boa medida semellantes ás do exilio galego, ao estar presentes neles pulsións identitarias diferenciais: os exilios vascos, obxecto do texto de Oscar Álvarez Gila (Euskal Herriko Unibertsitatea), e mais os cataláns, centrándose neste caso no primeiro exilio catalanista, analizado por Àngel Duarte (Universitat de Girona).

Un contributo específico, que une o exilio galego, portugués e brasileiro, é achegado polos traballos de Alberto Pena (Universidade de Vigo) e por Heloisa Paulo (Universidade de Coimbra). O primeiro deles está centrado na

presenza de expatriados e emigrantes no Portugal de Salazar e o seu apoio ao bando franquista na Guerra Civil española; o segundo está dedicado a indagar as relacións entre Castelao e o grupo selecto de republicanos portugueses (os *Budas* Cortesão, Morais, Moura Pinto) que logo acabaron sendo exiliados no Brasil. Trátase de estudos que non foron expostos no encontro realizado en Santiago de Compostela, senón noutra reunión que, sobre temática análoga, tivera lugar na Universidade de Coimbra algúns meses antes, pero que resultan moi acaídos para esta publicación. Ademais dos contidos analíticos propios dos artigos e das fontes orixinais que manexan, queremos chamar a atención sobre a edición de varias cartas de Castelao con estes exiliados portugueses que, sen dúbida, arriquecen o noso coñecemento da figura de Alfonso R. Castelao, pois non figuran no epistolario editado hai anos, ao coidado de X. M. Núñez Seixas (*Obras de Castelao*, vol. VI, 2000). As súas relacións con exiliados portugueses, vascos e cataláns, tanto na América como na Europa, mostran que o guieiro galego procuraba encontrar referentes políticos para un futuro republicano e iberista da Península Ibérica.

Como adoita acontecer neste tipo de encontros, diversos son os temas tratados e diferentes son as perspectivas de análise, así como os ámbitos xeográficos abordados. Porén, o público lector atopará unha gran complementariedade das olladas. Boa parte das preguntas que figuraron no frontispicio do simposio (Que é un exiliado? Como se pode delimitar a súa experiencia da dos emigrados? Existen características comúns aos diversos exilios ibéricos, antifascistas, fascistas, comunistas ou nacionalistas? É posíbel atoparmos un terreo conceptual común e superarmos o positivismo acrítico que adoito afecta os estudos sobre os exilios?) son respondidas, de maneira implícita ou explícita, polos textos aquí recollidos. Queremos agradecer a todos os participantes naquel encontro a dilixencia con que entregaron os seus textos que, pola nosa parte, non logramos dar a lume con semellante rapidez, debido sen dúbida á complexidade dos materiais que agora editamos e para o que foi esencial o traballo de Begoña Tajés, responsable editorial do Consello da Cultura Galega. Pero temos a certeza de que o obxectivo central daquel encontro foi alcanzado e probablemente non existe mellor homenaxe á memoria daqueles que, en novembro de 1944, tentaron manter viva nas beiras do Río da Prata a memoria da Galiza ideal e antifascista, que reconstruír a súa historia no marco das

experiencias que os vencellaban, e ás veces os arredaban, das de moitos outros trasterrados en Europa e nas Américas. Trátase basicamente dunha historia de exiliados, pero non de persoas illadas. Todas elas soñaban un futuro mellor para Galiza e a España desgarradas pola Guerra Civil e algo daqueles soños está presente nas páxinas deste libro.

Ramón Villares

Xosé M. Núñez Seixas

actas

Índice

6 PRESENTACIÓN

Ramón Villares e Xosé M. Núñez Seixas

15 O Consello de Galiza na estratexia dos exilios ibéricos, 1939-1950

Ramón Villares

95 DEBATES TEÓRICO-CONCEPTUAIS

97 El exiliado y el emigrante. Nociones, ideas, problemas

Fernando J. Devoto

123 Da historia política á análise transnacional: algunhas reflexións sobre os exilios no século xx

Xosé M. Núñez Seixas

145 Experiencias de exilio en la historia reciente de América Latina

Pablo Yankelevich

169 OLLADAS TRANSVERSAIS SOBRE OS EXILIOS

171 Exiliados europeos y cultura antifascista en Ciudad de México y Buenos Aires (1936-1945). Algunas hipótesis de trabajo

Andrea Acle-Kreysing

193 El exilio de nazis, fascistas y colaboracionistas (1945-2014)

Federica Bertagna

223 O caso galego dentro do exilio comunista internacional

Víctor Manuel Santidrián Arias

249 EXILIOS IBÉRICOS

251 O exílio dos comunistas portugueses em França (1950-1974)

Victor Pereira

267 Exilio, europeísmo y republicanism: Salvador de Madariaga

Emilio Grandío Seoane

293 ¿Exilio vasco, exilios vascos? Imágenes y debates entre la historia y la memoria

Óscar Álvarez Gila

329 «Dolça Catalunya. Pàtria del meu cor!». Glosas al exilio catalanista de primera hora

Ángel Duarte

355 ANEXO

357 **Galeguismo, franquismo e salazarismo. A colonia e os intelectuais galegos en Portugal durante a Guerra Civil española**

Alberto Pena Rodríguez

381 **Castelao e os «amigos portugueses»: o republicanismo e a liberdade como bandeiras comuns**

Heloisa Paulo

411 **Carta de Castelao a Jaime Cortesão, 2 de agosto de 1944**

417 **Carta de Castelao a Jaime Cortesão, Alberto Moura Pinto e Jaime de Morais, 11 de decembro de 1944**

423 **Nota sobre la colaboración con los portugueses (marzo de 1945)**

O CONSELLO DE GALIZA NA ESTRATEXIA DOS EXILIOS IBÉRICOS, 1939-1950

Ramón Villares

Consello da Cultura Galega

Universidade de Santiago de Compostela

A finais do ano 1944, nas beiras do Río da Prata, catro deputados republicanos e galeguistas constituíron o Consello de Galiza, unha institución que non só era novidosa no contexto da historia de Galicia, senón que, ademais, formou parte dunha estratexia política dos exiliados republicanos agrupados arredor da alianza Galeuzca. O obxectivo desta alianza era derrubar o réxime de Franco, retornar a España e recuperar ou «reconquistar» (esta era a palabra máis común na prosa dos exiliados) a democracia republicana derrotada militarmente cinco anos antes, pero cun matiz esencial: o recoñecemento da pluralidade nacional en España e a defensa dunha futura república federal que integrase as catro «nacionalidades» españolas (Castela e as tres integradas en Galeuzca), tamén aberta a unha posible incorporación de Portugal. Naquela altura xa mudara de vez a situación internacional que provocara a derrota bélica e política da República española. A Segunda Guerra Mundial estaba próxima a concluír, o exilio republicano comezaba a recuperar as súas institucións representativas e as posicións políticas das democracias occidentais permitían soñar con ese retorno a España polo que devecía a maioría dos exiliados que aínda non se decidiran a «desfacer as maletas» e abandonar a provisionalidade dun desterro que estimaban como algo temporáneo. O Consello de Galiza, impulsado e presidido desde o principio por Alfonso R. Castelao, contou coa axuda e complicidade doutras figuras políticas galegas —exiliadas ou emigradas antes do final da guerra española— asentadas tamén en América do Sur e coa solidariedade explícita dos líderes políticos de Euskadi e de Cataluña, nomeadamente de José Antonio Aguirre, Manuel de Irujo e Ramón Aldasoro, por parte vasca, e de Carles Pi i Sunyer e Manuel Serra i Moret, pola parte catalá.

A aparición do Consello de Galiza e a súa evolución como referente institucional, ata a morte de Castelao en xaneiro de 1950, coloca o galeguismo político nunha situación central na historia do exilio republicano e, en certo modo, tamén na propia política española da segunda metade da década dos anos corenta. Naquela altura de esperanzas pero tamén de bloqueos e de rápidas viraxes, desenvolvéronse as estratexias máis radicais para unha posible configuración política dunha España sen Franco, con singular protagonismo das posicións «autodeterministas» nas nacións galeuzcanas, pero tamén se deseñaron solucións alternativas de gran relevancia para o futuro político de España. Entre elas, a monarquía como forma de Estado —tanto no exilio como por parte do réxime de Franco— e, despois do congreso da Haia de xuño de 1948, un movemento europeísta entendido como

substrato dunha democracia diferente á que procedía dos tempos republicanos, que vinculaba o futuro de España co proceso de construción europea, como lucidamente defendeu o *lehendakari* Aguirre no seu *Mensaje de Gabón* na fin de ano de 1947 (Tarradellas 2014: 185 e ss.). Todas estas mudanzas teñen unha relación directa coa xeopolítica das grandes potencias que saíron vitoriosas do conflito bélico, debido á mutación da euforia producida pola derrota do «inimigo común» por unha aceptación das consecuencias da Guerra Fría, que cavaron fondas gábeas entre os dous referentes da nova política de bloques, os Estados Unidos de América e a URSS. A convulsa e cambiante peripecia política da España franquista e da España exiliada ou «peregrina» continuou a estar influída, se non determinada, polos novos rumbos da política mundial, como xa o estivera a propia guerra do 36, de modo que os anos da posguerra seguen a estar marcados pola que fora a principal marca da Guerra Civil de España como un conflito internacionalizado desde o seu principio.

Neste momento político, os exilios galeuzcanos, e dentro deles o Consello de Galiza como expresión dunha parte do exilio republicano galego, tiveron un evidente protagonismo. Dado que se trata de analizar de forma integrada esta conxuntura histórica, vou desenvolver de forma específica o caso do exilio galego e da súa principal institución, tratando de responder a varias cuestións. A primeira é revisar as alianzas do galeguismo político, desde o plebiscito estatutario de xuño de 1936 ata a aparición do Consello de Galiza, que se concretan basicamente na recuperación do pacto de Galeuzca, de longa tradición política (Estévez 1992; Granja 2012). A segunda cuestión ten que ver co proceso de institucionalización do galeguismo a través do Consello de Galiza, cuxa serodia fundación presenta algúns trazos específicos en comparación cos casos de Cataluña e de Euskadi: instalación en América do Sur e non en Europa; representatividade política limitada ao galeguismo e a unha parte do republicanismo; conexión fraca coa oposición interior; e nula experiencia de goberno nos tempos republicanos, dada a imposibilidade de levar a termo os resultados do plebiscito estatutario de xuño de 1936. Unha terceira cuestión que merece unha análise, tamén necesariamente comparada, é a participación de Castelao no goberno de Giral e as relacións do exilio cos núcleos galeguistas do interior, mudadas coa detención e encarceramento do seu principal responsable político, Ramón Piñeiro, aos poucos días de regresar de París en abril de 1946. Finalmente, analizarase a viraxe política do exilio a partir

de 1947-48, na que participan non só republicanos e socialistas, senón tamén figuras e institucións decisivas na estratexia Galeuzca, como eran o presidente do PNV e do Goberno vasco no exilio, José Antonio Aguirre, e o líder máis influente do exilio catalanista, o secretario xeral de Esquerza Republicana de Catalunya, Josep Tarradellas. Esta viraxe, que está detrás da crise do goberno Giral en xaneiro de 1947, deixou fóra de xogo a posición de Castelao nos medios políticos republicanos españois e adiou por máis dunha década a reincorporación do exilio galego á oposición democrática ao franquismo, cando se reorganiza o Consello de Galiza e se escolle un delegado en Europa, na persoa do republicano coruñés residente en París, César Alvajar; ese posto hérdao o seu fillo Javier Alvajar, que se mantén como tal ata a morte de Franco. A executoria dos Alvajar, que se corresponde cunha fonda reorganización do Consello de Galiza en Bos Aires, responde a outra fase política da oposición ao franquismo e, alén diso, a estratexias políticas claramente diferentes das defendidas por Castelao. Por esta razón, voume centrar na primeira etapa da institución, desde os seus precedentes próximos ata a morte de Castelao e a decisión de non elixir un novo presidente para ela.

UN EXILIADO ENTRE EMIGRANTES

Eduardo Blanco-Amor, un home moi atento á temperatura política da colectividade da emigración galega na cidade de Bos Aires, insistiu especialmente desde o diario *Galicia*, da Federación de Sociedades Galegas (FSG), na necesidade de distinguir claramente entre emigrantes («económicos»), exiliados políticos e, como unha fusión de ambos, de emigrados chegados a América por vías de reclamo familiar ou de veciñanza que acabarían por se integrar e transformar a vida política das organizacións societarias, ficando moi poucos como exiliados puros. Dado que os exiliados republicanos en Bos Aires, galegos ou non, representaron un número moi inferior aos dirixidos a México e mesmo á República Dominicana, o peso dos vellos emigrantes debería ser esencial no deseño das propostas políticas que cumpría elaborar por parte dos exiliados nunha perspectiva republicana, o que supoñía abandonar o «divisionismo» que arrastraban da experiencia bélica española e asumir a necesidade de proxectos unitarios, dado que a idea de «escindir —o de pretenderlo— la masa de los gallegos demócratas de la Argentina en

concretas ideoloxías de partidos, no es empeño de los emigrantes —no lo ha sido nunca— sino de los emigrados», sostíña E. Blanco Amor no *Galicia* («Nosotros los emigrantes», 28.4.1945), idea en que volve insistir no artigo «Al borde de la traición» (*Galicia*, 11.8.1945), cando afirma que «desde hace veinte años, este periódico y la Federación de la cual es vocero oficial son cosas de emigrantes, no de emigrados» (Núñez Seixas / Díaz 2011: 294-299).

A chamada de atención de E. Blanco-Amor non sempre foi atendida, e a historia da colectividade galega en Bos Aires durante a década dos corenta está repleta de enfrontamentos e de divisións internas, especialmente entre as dúas entidades máis poderosas, que eran o Centro Galego e a Federación de Sociedades Galegas. Dado que, con todo, o galeguismo político gozaba de notable arraigamento entre as elites máis politizadas dos emigrantes, a incorporación dunha figura relevante como Castelao á colectividade galega porteña podía supoñer unha oportunidade para facer política de exiliado ou adoptar unha estratexia máis próxima á dos emigrantes. Malia as constantes protestas de Castelao a respecto da importancia das masas emigrantes e da lexitimidade que lles prestaban ás reivindicacións autonomistas, a súa acción política durante o seu período arxentino estivo inclinada máis cara a unha posición partidaria que integradora. Os apoios dados para a creación da Irmandade Galega, como valado fronte ás posicións máis esquerdistas da FSG ou do grupo A Fouce, arredárono non só do nacionalismo máis radical senón tamén do apoio dalgúns exiliados próximos ou militantes do comunismo, como Luís Seoane ou Lorenzo Varela. O fomento dos centros provinciais e, finalmente, a fundación do Consello de Galiza foron claros exemplos desa política na que Castelao tomou partido a favor dun sector representado por figuras de vellos emigrantes, como Puente, Prada ou Abraira, claramente contrario ás posicións máis esquerdistas da FSG. Dito claramente, a estratexia política de Castelao en Bos Aires estivo máis próxima ás prácticas dos emigrantes que ás dos exiliados republicanos porque, no fin de contas, nin os exiliados lograron poñer en pé unha política de partido nin os emigrantes superaron o seu divisionismo. Produciuse unha «simbiose constante entre emigrantes e exiliados», na que estes últimos «adoptaron hábitos de emigrantes» e os primeiros asumiron posicións propias dos exiliados (Núñez Seixas 2011: 101-117). O único que os diferenciaba —e este é un matiz esencial— era que uns viviran a guerra de papel nas rúas de Bos Aires e os outros tiveran a experiencia da guerra nas trincheiras españolas da fronte bélica.

Neste contexto social e político, a proximidade entre os exiliados e os núcleos da emigración xa instalada en Bos Aires foi unha das razóns máis poderosas que encontrou Castelao para se decidir polo destino porteño. Era unha decisión que achegaba grandes oportunidades porque, dada a inexistencia dunha estrutura organizativa que o galeguismo exiliado puidese levar consigo, polo menos en comparación coa situación dos vascos e cataláns, o apoio das colectividades de emigrantes asentadas no Prata foi a única vía posible para que o galeguismo político atopase non só espazos de acción, senón tamén algúns recursos para poder actuar. Ir a Bos Aires, no canto de ficar nos EE. UU. ou apostar pola entrada en México, Santo Domingo ou Cuba, era a escolla máis racional que se lle presentaba a Castelao, unha vez perdida a Guerra Civil e cunha situación do galeguismo claramente marxinal nas estruturas que comezou a organizar o exilio republicano desde Francia na primavera de 1939. Marxinación que talvez sexa resultado da debilidade organizativa do galeguismo ou das protestas de pureza das que Castelao fai abondosa mención no seu epistolario, no que denuncia o mal uso (por veces, con comportamentos suntuarios) que os exiliados republicanos estaban a facer dos recursos económicos sacados de España. Pero ir a Bos Aires tamén comportaba riscos e limitacións, como se puxo de manifesto de forma especial a partir de 1944: lugar excéntrico no mapa do exilio republicano (concentrado en Francia e México) e peso excesivo dos emigrantes fronte ás dinámicas propias dos desterrados pola derrota bélica.

Castelao pensaba, xa durante a Guerra Civil, que o seu mellor servizo á causa republicana podería prestalo en América, a onde puido ser destinado como embaixador en Bos Aires, no canto de Ossorio y Gallardo, operación que se fanou despois da entrada de Negrín na presidencia do goberno e dunha necesaria remuda de diversos postos diplomáticos (González López 1989: 91). Con todo, ben puido ir á Arxentina en misión de apoio á República nunha cidade onde eran numerosos os residentes de orixe galega (arredor dos 300 000) e onde, ademais, a Guerra Civil española era obxecto de apaixonados debates na prensa, nos cafés e nas rúas (Quijada 1991). Na primavera de 1938, o grupo galeguista de Barcelona estaba a organizar a viaxe á capital porteña do líder galeguista, na que iría acompañado dunha delegación que conectaría cos grupos galeguistas de Bos Aires. Isto era o que lle anunciaba Xoán X. Plá, desde a Segredaría do Partido Galeguista en Barcelona, a un Luís Seoane que xa estaba a traballar nos medios galeguistas

porteños para reconstruír as pontes entre os desterrados e os que permaneceran no bando republicano (carta do 7.4.1938): «Castelao sairá d-un día pra outro pra Bos Aires, e moi posibelmente unha comisión de Ga[l]euza —da que eu formaría parte— sairá tras d-il. Nistes días estamos estudando as liñas da nosa laboura en América, recollendo antecedentes e dando remate a todo plan de tarefas pra o galeguismo en Bos Aires» (CCG-FD-PA). Aquela viaxe non se concretou e, no seu canto, o goberno republicano incluíu a Castelao na delegación que visitou a URSS no mes de maio daquel ano; viaxe da que el deixou referencias testemuñais (Alonso Montero 2012). Unha vez retornado da URSS, Castelao seguía matinando con viaxar a América para se asentar de modo preferente en Bos Aires, segundo lle conta a Prada, nunha carta do 22.6.1938, escrita desde Barcelona:

Quero escribirlle unha carta máis para que V. seipa que vou á Arxentina e para que llo comunique aos irmáns e aos amigos, sen darlle publicidade. Creo que sairei a primeiros de xulio. De modo que xa poden pensar en buscarme un sitio modesto pero moi limpo, onde poida vivir coa miña muller e traballar. Cómpreme unha fiestra con moita craridade. Tamén podía ser un par de habitacións con cocíña (n-este caso a miña muller cocinaría). En fin; xa lle direi con seguridade o día que saio. Teño que ir tamén a New York e Habana; pero farei centro en Bos-Aires. En New-York debo estar no mes de agosto e certamente non sei se vaia alá primeiro e dispois ahí ou se vaia dende ahí e volte ahí. Vou en misión oficial e levo mentres de traballar moito, moito, moito. Xa falaremos. (FC-RP)

Pero tampouco desta volta foi posible que Castelao arribase á Arxentina. A súa peripecia americana comezaría aos poucos días desta carta, ao viaxar aos EE. UU. na compañía de Luís Soto, pero sen encomenda diplomática oficial: cruzando o canal da Mancha escríbelle de novo ao seu amigo Prada (carta do 20.7.1938) para dicirlle que «vou sen carácter diplomático ou consular», pero non se esquece de advertirlle que «o meu deber está a carón de vós, das colonias de emigrados galegos» (FC-RP). En América do Norte permaneceu desde xullo de 1938 ata xullo de 1940, agás unha breve e moi proveitosa viaxe de catro meses á illa de Cuba. O seu lugar de residencia máis habitual nos EE. UU. foi a cidade de Nova York, onde desenvolveu unha notable actividade organizativa, pero sen lograr tecer unha trama afectiva nin dispoñer de contactos fortes coas redes do exilio republicano que, na súa maioría, estaban na cidade de México DF. Desde

o final da Guerra Civil, Castelao comezou a padecer as inclemencias dun exilio que o mantiña nun lugar que non lle apracía: «Estou triste» e «New York pésame moito», como lle confesaba a Lois Tobío en abril de 1939 (Castelao 2000: 294). Os dous anos vividos por Castelao entre os EE. UU. e Cuba supuxeron ademais unha mudanza fundamental: de representante oficioso dun goberno en exercicio pasou a ter a consideración de exiliado político, aínda que chegase a tal condición por un camiño particular e mesmo rexeitase algunhas das vantaxes (económicas e diplomáticas) que lograron as elites políticas republicanas exiliadas en América.

O exilio republicano vinculado ao Partido Galeguista non se beneficiou das axudas que, a través de organizacións como o Servicio de Evacuación de Exiliados Españoles (SERE) ou a Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles (JARE), sufragaron viaxes e primeiras necesidades dos milleiros de refuxiados que lograron viaxar nos barcos fretados desde Francia cara a diversos países de América, proceso en que, por outra banda, participaron varios republicanos galegos como Osorio-Tafall, Rancaño ou Viana Esperón, responsables do SERE e organizadores de varias expedicións cara a México ou Chile nos vapores *Sinaia*, *Ipanema*, *Mexique* ou *Winnipeg*. Dos poucos militantes (non máis de dúas ducias) do «Grupo Galeguista» que menciona Xoán X. Plá nunha interesante carta a Luís Seoane de abril de 1938 (CCG-FD-PA), resulta que, agás o caso atípico de Castelao e de Guerra da Cal, que saíron para América en misión oficial en 1938, os demais seguiron as rutas clásicas do exilio americano canda os republicanos (Suárez Picallo, Martínez López, Lois Tobío, López Durá, Elixio Rodríguez, Valenzuela, Delgado Gurriarán...) ou xa o fixeran por canles particulares ao principio da guerra (Luís Seoane, Sebastián González). Algúns asentáronse en Francia, como foi o caso do propio Plá, ou ficaron en España, como Carballo Calero. Outros chegaron ao exilio, sen estaren na fronte bélica, despois de duras penalidades. Antón Alonso Ríos, despois de pasar moitos meses polas aldeas galegas disfrazado de xornaleiro («O señor Afranio»), logrou chegar á Arxentina, onde fora xa emigrante, e Alfredo Somoza, parente de Castelao, ficou once anos agochado nun faiado coruñés antes de lograr saír cara a América, vía París, para se asentar no Río da Prata (Montevideo e Bos Aires). Ante a dificultade de recorrer ás estruturas de evacuación dos republicanos (SERE e JARE), algúns exiliados galegos acudiron á Central Gallega de Ayuda al Frente Popular, creada en Bos Aires pola FSG durante a Guerra Civil (Gómez Rivas 2006: 292). Con todo, a calidade do exilio galego era moi dife-

rente do vasco ou catalán, pois «la flor del pueblo gallego no ha podido huir», en palabras de Castelao nunha carta a Aguirre en 1944 (Castelao 2000: 432), o que a convertera no grosa da «Galiza mártir».

Era preciso saír de Nova York e procurar novos ares. Pensou en diversas alternativas (México, Cuba e mesmo Chile) que por diversas razóns non chegaron a se concretar, pero sempre pensou en ir para A Arxentina, «donde creo que voy a encontrar el calor de los míos», como lle dicía a Salvador de Madariaga en febreiro de 1940 (Castelao 2000: 342). O daquela profesor en Oxford contéstalle inmediatamente, aínda que con escaso afecto: «Me parece la Argentina el lugar más adecuado para que los españoles sin acceso al territorio de España puedan seguir en ella» (IJCEC-FM, carp. 34). O destino tan ansiado de ir a Bos Aires foi finalmente alcanzado en agosto de 1940. Alí, e previamente en Montevideo, foi recibido cun enorme entusiasmo pola colectividade emigrante máis populosa de toda a xeografía migratoria galega. Castelao ía ao encontro dun vello coñecido seu, como era a emigración, pero tamén chamado por unha activa elite, republicana e galeguista, que desde os anos vinte traballara de forma sistemática por erguer un proxecto político galeguista en conexión coa organización existente na Galicia europea. A experiencia republicana e, nomeadamente, a Guerra Civil acrecentaran a conciencia política dos emigrados porteños, que se converteron nun dos berces da resistencia á España franquista. Con esta confianza emprende a súa viaxe a Bos Aires, animado por un grupo de dirixentes da colectividade que xa estaban instalados de vello na cidade de Bos Aires e que resolveron, ás caladas, as necesidades materiais que se lle puidesen presentar a Castelao, quen, na práctica, se converteu nun «liberado» para o desempeño das súas actividades políticas. Así como moitos dirixentes do exilio republicano español mantiveron durante anos a súa capacidade de acción política grazas aos recursos de que puideron dispoñer os partidos, organizacións e o goberno no exilio, no caso de Castelao foron os emigrados os que soportaron esta obriga. Foi un trato honorable: Castelao converteuse en líder indiscutible do galeguismo político e os emigrados porteños fixeron del un verdadeiro símbolo (Núñez Seixas 2012).

Na condición de dirixente político, foi reclamado desde Bos Aires para ocupar a «xefatura do Partido Galeguista antramentras non poida funcionar democráticamente con sede en Galiza», en palabras de aceptación que Castelao remite desde Nova York aos «irmáns de Bos Aires» en setembro de 1939 (Castelao 2000: 302).

Arribar a Bos Aires parecía estar predestinado para Castelao. El fora un neno emigrante na Pampa arxentina, canda a súa familia a finais do século XIX, e agora, en 1940, chegaba como un líder político á capital do que el chamou en varias ocasións a «Galiza libre» ou a «Galiza ideal». A chegada de Castelao a Bos Aires, dous anos despois da súa saída de España, non foi unha fuxida, senón o inicio dunhas das fases máis fecundas da biografía de Castelao. A súa forza política, e mesmo a dimensión da súa obra ensaística, colleu novos rumbos na capital porteña, como amosa unha mesta literatura coetánea e recente sobre o autor (Núñez Seixas 2016). Tamén lle foi cómodo instalarse afectivamente na capital porteña e, desde logo, tamén no campo político do galeguismo republicano, no que militaban algúns dos seus mellores amigos políticos, por máis que, de acordo coas fichas que se conservan dos ingresados naquela altura no Centro Republicano Español (entre 1938 e 1948), só dúas persoas se declarasen explicitamente galeguistas (R. Prada e Castelao, que engade como filiación política «galleguista de siempre»). O resto dos ingresos corresponden a persoas ben coñecidas: Alonso Pérez, Antonio Baltar, Daniel Calzado, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste, Manuel Puente, Gumersindo Sánchez-Guisande ou Elpidio Villaverde, que se autodefinen como «republicanos» ou militantes de «Izquierda Republicana», coa excepción de José Blanco Amor, que se declara «republicano para España y demócrata para el resto del mundo» (FSG-Doc. 41).

Ata a chegada da II República, Castelao era moi coñecido en Galicia pola súa militancia nas Irmandades da Fala e no grupo Nós, pero especialmente polo seu traballo no campo xornalístico, cultural e artístico. Era «o noso xenial artista» do *Album Nós*, de *Cousas da vida*, das caricaturas nos principais xornais das dúas Galicias, mais tamén un escritor de técnica depurada e un investigador das *Cruces de pedra* na Bretaña e en Galicia. O réxime republicano fixo del o principal líder político do Partido Galeguista e un defensor do autonomismo galego e do plebiscito estatutario de xuño de 1936: un «Gandhi» galego, en «acotaciones parlamentarias» de W. Fernández Flórez. As vicisitudes da Guerra Civil reafirmaron a súa loita pola presenza de Galicia na política española e abriron a porta para que de artista e líder popular se transformase tamén no ensaísta que, a partir de toda a tradición intelectual que vai de Murguía e Brañas ata Vicente Risco, definiu unha idea de Galicia que aparece condensada no seu célebre texto *Sempre en Galiza* (1944). Faltaba dar o paso da institucionalización do autonomismo que a Guerra Civil coutara de súpeto. Este proceso tivo que ser feito no exilio, median-

te un esforzo de homologación da situación política de Galicia coas outras dúas nacións galeuzcanas, creando o Consello de Galiza no contexto dunha estratexia que tamén pasaba por consolidar as vellas relacións coas institucións políticas e de goberno de vascos e cataláns, para garantir as condicións dun posible retorno a España e, tamén, para reforzar a imaxe do exilio perante as potencias occidentais (Reino Unido, EE. UU. e Francia).

A idea de crear esta institución está asociada de modo directo coa personalidade política de Castelao e co seu liderado do galeguismo durante a II República, que se acrecentaría no exilio, pero tamén co apoio que lle presta a colectividade galega emigrada, especialmente forte nas beiras do Río da Prata. Isto explica unha característica diferencial do exilio galego, especialmente o de orientación galeguista, en comparanza co resto do exilio republicano español: a súa tendencia a escoller como destino á Arxentina, a onde algúns exiliados foron chegando, aos poucos, desde finais de 1936 (como Luís Seoane, Xosé Rodríguez «Vázquez de Calo», Antonio Baltar ou A. Alonso Ríos). O reclamo da cidade porteña, malia as dificultades que as autoridades arxentinas poñían aos recentemente chegados, era moi forte pola existencia de numerosas organizacións societarias que, desde moitos anos antes, expresaran a súa solidariedade co proceso político republicano e co autonomismo galego. Con algún dos líderes societarios mantiña o galeguismo, e persoalmente Castelao, excelentes relacións, que se fortaleceron coa súa chegada a Bos Aires en 1940. Abonde lembrar o nome dun antigo emigrante como Rodolfo Prada, ben instalado social e economicamente na capital porteña, que sería o principal interlocutor de Castelao xa durante a Guerra Civil e o seu principal valedor para instalarse en Bos Aires, e que puido ser definido como «o gran *factotum* do galeguismo porteño na posguerra» ou, en palabras do propio Castelao, «o conselleiro que mellor me entende i estima», segundo lle confesaba ao propio Prada nunha longa carta de abril de 1947, escrita desde París (Núñez Seixas 2011: 116; FC-RP).

A RECONSTRUCCIÓN DE GALEUZCA

Para encadrar a acción política de Castelao e do galeguismo do exilio é preciso analizar previamente a alianza de Galeuzca, da que dependeu durante uns poucos anos unha das estratexias máis sólidas dos exiliados, como de modo especial foi

o soporte para a creación do Consello de Galiza. A idea de Galeuzca era anterior á Guerra Civil e á propia II República, con dúas datas de referencias. En 1923 constituirase, aínda que por pouco tempo, a Tripla Alianza entre representantes de Cataluña, Euzkadi e Galicia e, logo, no verán de 1933 asinouse un novo pacto Galeuzca, como forma de presión a favor da convocatoria dos plebiscitos estatutarios de Euzkadi e de Galicia, con viaxes de representantes políticos e culturais das tres nacións galeuzcanas a Compostela, Donostia e Barcelona (Estévez 1992; Granja, 2012). Durante a Guerra Civil, esta idea non foi abandonada formalmente, pero a súa operatividade era moi débil, tanto por existiren outras urxencias como porque a parte galega da alianza reducíase a uns poucos líderes do Partido Galeguista que ficaran no campo republicano (Castelao, Martínez López, Xoán X. Plá...) que, ademais, participaban tamén da Solidariedade Galega Anti-feixista, constituída en Valencia a fins de 1937. Entre os seus membros figura un rechamante «Presidente del Consello Galego de Galeuzca» (que era X. Plá), sen que consten actividades específicas desta organización a non ser a proposta dunha acción diplomática na Arxentina, deseñada polo propio X. Plá, que daquela traballaba no *Comissariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya*, segundo lle confesa a Luís Seoane nunha carta de abril de 1938 (CCG-FD-PA). Foi no exilio cando esta alianza adquiriu uns trazos máis particulares, e cando logrou, aínda que fose por pouco tempo, ser identificada como unha alternativa específica para o deseño político dunha nova república, de carácter confederal e mesmo ibérica, polas constantes apelacións ao exilio demócrata portugués, residente en Londres ou no Río de Xaneiro. Dadas as esperanzas postas nesta alianza, nomeadamente por parte de Castelao, ben podería dicirse que se trata dun proxecto frustrado, polo menos a curto prazo, dada a viraxe estratéxica producida ao pouco tempo de finar o período bélico e abrirse moi logo a fase da Guerra Fría.

Desde que se comezan a reorganizar os exiliados nacionalistas vascos e cataláns a partir da ocupación de Francia polo exército nazi e o descabezamento dos seus gobernos (Companyns, fusilado en España; Aguirre, oculto en Bélxica e Alemaña), unha das liñas de acción máis presentes nas relacións políticas entre vascos e cataláns foi a de reforzar a súa alianza mutua e, na medida do posible, incorporar a presenza do exilio galeguista. Impúxose claramente, ademais, unha estratexia «autodeterminista» fronte á liña «autonomista» baseada na legalidade derivada da Constitución de 1931. Os dirixentes nacionalistas vascos Irujo

e Lizaso promoveron a fundación dun Consejo Nacional Vasco (11.7.1940), que naceu «con carácter nacional, no autonomista» (Jiménez de Aberasturi 1999: 345) pero, ao tempo, como unha solución substitutiva ao Goberno vasco atrapado en Francia, actuando de forma análoga ao exilio francés radicado en Londres baixo a dirección de Charles De Gaulle. Os obxectivos dos dirixentes vascos eran, non obstante, de natureza claramente galeuzcana, dado que concibían aquel Consello en Londres non só como un modo de preservar «la personalidad política vasca» perante a «catalepsia» que estaba a padecer o lexítimo Goberno vasco, «retenido en Francia», senón como unha forma de anoar de novo a alianza con Cataluña e, talvez, con Galicia. Así llo advertía Irujo a varios dirixentes vascos e cataláns días antes da aparición daquel Consello en Londres nunha carta datada o 29.6.1940:

Para que la unidad política vasca eficaz y jerarquizada —la de todos los demócratas vascos— no sufra quebranto como consecuencia de la catalepsia que el Gobierno vasco padece, retenido en Francia, hemos constituido, con carácter provisional, comunicándolo oficialmente al Gobierno Británico, el «Consejo Nacional de Euskadi» integrado por las personas que ostentaban cargo de gestión política en las cinco Delegaciones Generales de Euskadi [...]. Igual camino sigue Cataluña. Intentamos que Galicia nos imite, sin demasiada esperanza, dada la inercia de los gallegos (FCPiS, ca. 11, carp. 351).

A iniciativa dos exiliados galeuistas non podía acompañar as propostas de vascos e cataláns, tanto pola ausencia de institucións propias como pola concentración dos seus dirixentes nas beiras do Río da Prata. Isto explica que na «declaración conjunta» asinada o 18.1.1941 entre os Consellos vasco e catalán, no que se mencionan tanto Portugal como os «países de parla catalana», non apareza ningunha referencia a Galicia. Naquela altura, o que preocupaba aos dirixentes vascos e cataláns radicados en Londres era a creación dun «bloque pirenaico» que se estendese desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo, como unha cuña entre España e Francia, alén de fomentar que a España de Franco entrase na guerra mundial. Porén, en diversas cidades de América do Sur estaba tecéndose a alianza entre cataláns, vascos e galegos que acabaría na nova Galeuzca: «Lo mismo que nosotros aquí, catalanes, gallegos y vascos se reúnen desde mediados de marzo todos los sábados en el Centre Catalá», dicíalle Irujo a Pi i Sunyer por maio de

1941 (FCPiS, ca. 11, carp. 351). Un acordo de natureza galeuzcana, aínda que mantido en segredo, sería daquela asinado en Bos Aires por Aldasoro, Serra i Moret e Castelao (Estévez 1992: 112 e ss.)

Uns meses máis tarde, a situación comezou a mudar coa aparición pública en América do *lehendakari* Aguirre —que pasou a residir nos EE. UU.— e coa sinatura da «Carta do Atlántico» entre F. D. Roosevelt e W. Churchill, que declaraba que «se respetará el derecho de todos los pueblos para escoger la forma de gobierno bajo la que quieran vivir», o que espertou un grande entusiasmo entre os republicanos españois asinantes dun manifesto o 15 de agosto de 1941, encabezado por D. Martínez Barrio e no que aparece o galego J. Vázquez Gayoso (BVC-FE). Esta declaración tamén abría posibilidades para un relanzamento da alianza de Galeuzca na perspectiva autodeterminista que se viña mantendo tanto no exilio londiniense como nas colectividades exiliadas de América, nomeadamente en Bos Aires. O catalán Pi i Sunyer, presidente do Consell Nacional de Catalunya, escribelle desde Londres (28.10.1941) unha longa carta a Aguirre, onde asevera que é «indispensable el completo acuerdo vasco-catalán», discute a oportunidade de retornar á Constitución de 1931 e sinala que as «tres realidades [nacionais] que hoy existen en España son la misma España, Euzkadi y Cataluña», aínda que tampouco se esquece de que «hay también la posibilidad de que vaya cuajando la realidad adormecida de Galicia». En todo caso, reafirma as posicións de Irujo ao considerar a necesidade de que Cataluña e Euzkadi «se pongan a la cabeza de un movimiento que tienda a hacer revivir y vivificar la personalidad propia de los distintos pueblos peninsulares», o que facilitaría «integrar Portugal a un conjunto ibérico» (FCPiS, ca. 1, carp. 12). Case dous meses máis tarde, Aguirre responde entusiasmado á misiva de Pi i Sunyer, acepta a posición «autodeterminista» así como a oportunidade de encabezar ese movemento peninsular que auspiciaba o dirixente catalán, e tampouco esquece que se debe facilitar a adhesión de Galicia «en forma de grupos o de Comités [...], pero después de lanzado el programa por nosotros» (*ibidem*).

Isto era o que se tramaba entre os dous principais dirixentes do exilio vasco e catalán, residentes en Londres e Nova York. Pero o exilio galeuzcano instalado en diversos países suramericanos tampouco estaba parado. De feito, na propia carta de Aguirre anúnciase que en Bos Aires hai un pacto asinado, «que lo condicionan a la entrada de Franco en la guerra», hipótese que estima moi factible e que

reforzaría a perspectiva dunha futura «unión peninsular [...] deseada por ingleses y americanos». As relacións entre cataláns, vascos e galegos, que compartían festas nacionais e banquetes conmemorativos, eran frecuentes desde a chegada de exiliados ás diversas capitais de América Latina, nomeadamente en Bos Aires, Montevideo e México DF. O dirixente catalán Serra i Moret, residente en Bos Aires, anuncia ao seu amigo Pere Foix, en outubro de 1942, que «en l'ordre local, nosaltres sostenim l'organització de Galeuzca», porque «amb Castelao i Aldasoro fem un trio molt ben avingut que sap treure el máxim de partit de la situació que, si és adversa a tots, ho és més per als que vivim a l'Argentina» (Foix 1967: 195-196). Desde a perspectiva galega, Castelao dá noticias deste pacto nunha carta a Ramiro Isla Couto, que está en Bogotá, en xuño de 1941 (FC-RP). Nesta carta, Castelao anuncia que «renovamos eiquí a triple alianza dos vascos, cataláns e galegos baixo a vella desinación de Galeuzca e con enlace directo en Londres».

A alianza non foi publicitada debido ás restricións políticas que o Goberno arxentino mantiña a respecto das actividades dos estranxeiros, pero é claro que estaba a comezar unha nova etapa na estratexia política das tres nacións que integraban Galeuzca, como confirman as cartas cruzadas entre Irujo, Aguirre e Pi i Sunyer nos anos 1941-1942. Uns meses máis tarde (1.1.1942), Castelao escribía aos «irmáns galeguistas» para anunciarlles que «teño a ledicia de comunicarvos que se reanudou o pacto de Galeuzca», documento en que as «tres nacionalidades» se comprometían a non aceptar «por separado, un réxime de autonomía concedida pol-o Estado hespañol» (Castelao 2000: 380 e ss.). Aínda que Castelao dicía que este compromiso fora incluído a petición dos galeguistas, o certo é que non facía máis que confirmar a liña autodeterminista que viñan sostendo desde 1940 os principais dirixentes nacionalistas vascos e cataláns. Esta posición de Castelao recibiu, finalmente, un importante apoio de parte do *lehendakari* Aguirre, quen lle escribe en marzo de 1942 demandando de novo a necesidade de incluír naquela alianza «a ser posible» a galegos e portugueses (Jiménez de Aberasturi 1999: 403 e ss.). A relación cos portugueses foi unha constante tanto en Londres, pola presenza alí de Armando Cortesão, como en América, onde Castelao tentou conectar con exiliados do réxime salazarista residentes no Río de Xaneiro, como Jaime Cortesão, Moura Pinto ou Morais. O propio Aguirre, dentro da súa estratexia de pragmatismo político, falou extensamente co dirixente salazarista Antonio Ferro no vapor *Uruguay* —no curso da súa viaxe desde Bos Aires ao Río de

Xaneiro a finais do ano 1941—, onde lle entregou un informe de «14 cuartillas» para Salazar e onde xuntos avaliaron a situación política internacional: «Ferro me dijo que si América [EE. UU.] entraba en guerra, España no escaparía de ella» (carta a Pi i Sunyer, FCPiS, ca. 1, carp. 12).

A alianza galeuzcana parecía que estaba a punto de se consolidar, pero entrou nun «letargo» de máis de dous anos, debido a varios feitos concorrentes: a reactivación do exilio republicano español en México coa constitución da Junta Española de Liberación (JEL), a fonda división existente no seo do exilio catalán e a inexistencia dun órgano representativo de Galicia. Por estas razóns, o lanzamento público dun pacto Galeuzca demorouse durante máis de dous anos (Jiménez de Aberasturi 1999: 407 e ss.; Morales 2008: 215 e ss.). Desde logo, os problemas existentes no exilio republicano, nomeadamente na cidade de México DF, fixéronse patentes a partir de mediados de 1942. A cidade azteca converteuse nun lugar dun «ambiente asfixiante, lleno de ambiciones, de amenazas, de nerviosismo, donde se crean gobiernos, se inventan reconocimientos, se excita a las gentes y se las compromete»; en suma, un «centro de corrupción política», en palabras de Aguirre a Pi i Sunyer o 14.2.1944 (FCPiS, ca. 1, carp. 12), que ben podería facer súas o propio Castelao. Foi por aquela altura cando unha voz autorizada como Eduardo Blanco-Amor advertía na revista *A Fouce* aos galeguistas portefños sobre os riscos que comportaba a «subordinación» da súa estratexia política «ao que fagan os bascos e os cataláns», para concluír que «a posición paréceme desaxeitada» (Núñez Seixas / Díaz 2011: 278-280).

Pola contra, continuaban os contactos epistolares entre os principais dirixentes galeuzcanos. Alén do pacto Galeuzca asinado en Bos Aires-Montevideo en 1941, a elaboración de propostas «vasco-catalanas» (aínda sen a participación de Galicia) proseguiu en México como un medio de frear as propostas de republicanos e socialistas, como a JEL, que tentaban recuperar non só a Constitución de 1931, senón evitar a actuación autónoma das nacionalidades galeuzcanas. Un texto elaborado por vascos e cataláns, inspirado por Aguirre, sostiña que «ni catalans ni vascos se sotmetrien a la voluntat de la majoria dels espanyols», de modo que todo pacto para o futuro de España debería contemplar un acordo de carácter confederal entre as súas diversas nacións (Morales 2008: 259). A incorporación de Galicia a esta estratexia foise asentando nos anos 1943 e 1944. Naquela altura rexístranse intensas relacións epistolares entre Castelao e o *lehendakari* Aguirre,

como amosa a longa e programática carta que lle escribe o galego en novembro de 1943 (Castelao 2000: 397-413) e que debeu ser contestada polo vasco, pois este confesa a Pi i Sunyer (14.2.1944) que «he animado mucho a Castelao» para que se incorpore á «unión vasca y catalana», aínda que non deixa de dubidar das posibilidades galegas coa inclusión da manida frase «y en su caso Galicia».

Este proceso de converxencia entre os dirixentes dos tres exilios galeuzcanos non se detén e durante o ano 1944 prodúcense os pasos máis decisivos nesta dirección. En xaneiro de 1944, unha carta colectiva de «representantes de los catalanes, gallegos y vascos en la República Argentina que constituyen la organización de Galeuzca» (entre eles, Serra i Moret, Castelao e Aldasoro) diríxese ao *lehendakari* Aguirre para que os represente perante a JEL, constituída en México. A encomenda matiza que «si los órganos de la República de 1931-1939 pueden representar un entronque con el pasado, podrían también representar un paso hacia el futuro», para o que é preciso defender «nuestras exigencias de auto-determinación» (FPiS, ca. 83). Que esta petición era importante móstrao que o vasco Ignacio Lizaso, desde a delegación vasca en Londres (carta do 14.4.1944), lle remita a Pi i Sunyer esta carta dos «gestores de Galeuzca en Buenos Aires», así como copia dunha «carta del Presidente de Euzkadi al Sr. Castelao» e unha sucinta referencia ao pensamento de Aguirre sobre a necesidade dunha «Galeuzca renovada y eficiente» que abra «una nueva era para nuestras nacionalidades» (FCPiS, ca. 12, carp. 387). Eran momentos en que se estaba asentando un «pacto vasco-catalán» con «incorporación gallega», tal e como se afirma nun telegrama de Pi i Sunyer a Aguirre (2.5.1944), respondido afirmativamente polo dirixente vasco (30.5.1944), e que tería aínda varias confirmacións posteriores en telegramas e cables intercambiados en outubro e novembro daquel ano. En todos estes documentos aparece como liña programática o principio da «libre determinación», que era a doutrina sostida polos vascos e por unha parte do exilio catalán (Pi i Sunyer, Batista i Roca), pero tamén aparecía a idea dunha convocatoria de Cortes unha vez instalados en España, que cadraba mellor coa doutrina sostida por outra parte do exilio catalán, nomeadamente o *president* Josep Irla e a maioría de Esquerra Republicana de Catalunya, representada por Josep Tarradellas e Miquel Santaló, entre outros (Morales 2008: 215 e ss.). A acción dos exiliados, aínda no caso dos máis próximos doutrinalmente como son os galeuzcanos, estaba chea de matices e mesmo de fracturas internas.

A iniciativa política do grupo Galeuzca, como defendían Irujo, Pi i Sunyer e Aguirre desde 1940 e que agora recibe o apoio de Castelao, ía claramente por diante da acción dos republicanos asentados maioritariamente en México DF, que non lograron reconstruír as institucións parlamentarias e de goberno ata a segunda metade do ano 1945. Para aquela altura, a evolución de Galeuzca, aínda sen estar constituída formalmente, xa desenvolvera o esencial das súas liñas programáticas e, ao tempo, tamén tropezara coas primeiras dificultades que colocaran no seu camiño tanto o pragmatismo vasco como as fondas divisións internas do exilio catalanista. A alianza de Galeuzca mantivérase «ao ralentí» ata mediados de 1944 e colleu novos folgos a finais daquel ano coa creación do Consello de Galiza. De feito, nunha das publicacións que representaba a voz do galeguismo porteño, *El Orensano*, dicíase que Galeuzca «está chamada a gravitar preponderantemente en la reestructuración de la nueva España» (10.2.1945), insistindo no seu trazo «non separatista». Na prosa de Castelao tamén abundan estas consideracións, pero tamén na doutros dirixentes porteños máis radicais como Moisés da Presa no seu artigo «Galeuzca, fórmula de Unión» (*El Orensano*, 24.3.1945). Porén, malia que emerxe con forza a partir daquela data, as diversas estratexias de futuro que había no seo de Galeuzca non chegaron a un punto de concordia. Seguía en pé a confrontación entre «legalismo republicano» e a defensa do dereito de «libre autodeterminación»; era moi desigual o nivel institucional das tres partes da alianza, cun goberno en pleno exercicio como o vasco, un *president* da Generalitat como Irla, sen goberno, que estaba enfrontado ao Consell de Pi i Sunyer de Londres, e un «fideicomisariado» como o Consello de Galiza, recentemente constituído, pero con fraca acollida entre o exilio galego non asentado no Prata. Alén diso, a estratexia máis «legalista» da Esquerra catalá acabou por encontrar un aliado inesperado nas posicións do *lehendakari* Aguirre, quen xa antes do final da guerra mundial (carta a Castelao, 19.3.45) parece apostar por «participar en la restauración republicana» e, posteriormente, por estar presente nos primeiros gobernos presididos por José Giral e Rodolfo Llopi.

Pero antes de chegar a este punto, no que o Consello de Galiza e a figura de Castelao terán un protagonismo evidente, cómpre concluír con algunhas referencias ao propio lanzamento do proxecto galeuzcano e a unha das obras máis sólidas deste, que foi a publicación da revista *Galeuzca*, na cidade de Bos Aires, entre agosto de 1945 e xullo de 1946. O balance da alianza galeuzcana é difícil de

establecer porque inzaron manifestos e propostas, pero foron fracos os resultados. Os seus promotores, en especial Castelao, foron moi optimistas respecto deste pacto, mais as análises historiográficas actuais son claramente pesimistas. Desde a perspectiva catalá, o saldo é que «hi va haver més declaracións d'intencions que práctica política», de modo que Galeuzca «no va tenir cap incidència significativa en la política de l'oposició antifranquista» (Morales 2008: 261). Para o exilio vasco, despois da aceptación da legalidade republicana representada polo goberno Giral e da caída do Consell catalán de Londres a finais de 1945, «Galeuzca estaba sentenciada, al menos en sus planteamientos iniciales», malia as protestas de Castelao, «el más débil de los tres» dirixentes galeuzcanos (Jiménez de Aberasturi 1999: 669). A estratexia política do goberno vasco no exilio xa mudara meses antes, coa sinatura do «Pacto de Baiona» entre diversas forzas políticas e sindicais vascas (marzo 1945), onde os nacionalistas xa renunciaran á autodeterminación (Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: II, 138).

A elaboración do acordo sobre Galeuzca foi tarefa lenta. Unha chea de rascuños de textos programáticos, que non chegaron a ser asumidos cabalmente polos tres integrantes da alianza, foron redactados desde distintas capitais do exilio galeuzcano. Tamén se visualizou a irmandade galeuzcana nos numerosos mitins e banquetes realizados polas comunidades de exiliados en Bos Aires, Montevideo ou México, o mesmo que na propia Europa: en data tan cedoira como setembro de 1941, segundo lle contaría Pi i Sunyer a Aguirre (carta do 28.10.1941), os exiliados galeuzcanos celebraron a Diada catalá con «solidaridad vasco-catalana, junto con la estimada y valiosa adhesión gallega», que probablemente procedería do Castelao residente en Bos Aires (FCPiS, ca. 1, carp. 12). No ano 1943, como resultado do traballo dunha «ponencia vasco-catalana» en México, aínda se seguía a colocar como unha simple hipótese a incorporación de Galicia a unha futura «federación de estados» nos que Cataluña e o País Vasco deixaban aberta a porta, non obstante, «a Euskal Herrría e als Països Cataláns» (Morales 2008: 259). Os textos máis elaborados producíronse durante o ano 1944, no que se rexistran diversas propostas dos vascos Lizaso (en Londres) e Aldasoro (en Bos Aires), do catalán Batista i Roca (en Londres) e, finalmente, do pacto subscrito por Aguirre, Pi i Sunyer e Castelao en outubro de 1944, de acordo cun texto redactado por Serra i Moret e Castelao en Bos Aires (Estévez 1992: *passim*). O propio Castelao remitíalles aos galeuistas do interior, a finais de 1944, «copia do novo pacto de

Galeuzca, xa aprobado por nós e que para ser publicado soio agardamos o parecer do Consello catalán de Londres», dando por feito que sería un «pacto tripartito» subscrito «pol-os tres presidentes» (Castelao 2000: 472).

Os problemas non virían de Londres senón do propio *lehendakari* Aguirre, a quen Castelao nesta carta de 1944 consideraba «a mellor e máis nova capacidade política de toda Hespaña» (Id.: 473). A pesar dos telegramas cruzados entre os dirixentes galeuzcanos, o pacto non sería asinado máis que por dirixentes de segundo nivel, na cidade de México, o 22 de decembro de 1944. Por parte galega asinarían, como «delegados do Partido galeguista», Xan López Durá e Florencio Delgado Gurriarán. Pero é interesante destacar que o propio Aguirre desautorizou ese pacto como algo local, segundo un telegrama que lle envía a Pi i Sunyer en xaneiro de 1945: «Firma Galeuzca Mejico es carácter local entra (sic) alumnos (sic) partidos sin intervención Gobierno. Abrazos. José Antonio Aguirre» (FCPiS, ca. 1, carp. 12). O proxecto Galeuzca iniciaba unha nova ruta, que tería aínda certo percorrido no interior a través da presenza de dirixentes como Joseba Rezola ou Ramón Piñeiro na Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas (ANFD), pero que xa estaba en parte desvirtuado polas conversas que esta plataforma interior mantiña cos monárquicos. Que a posición de Galeuzca era controvertida, tamén no interior, é claramente admitido nun texto redactado por Ramón Piñeiro en febreiro de 1945 («Situación actual de Galeuzca»), onde colocaba o problema en termos moi semellantes aos que sostíña Blanco-Amor en Bos Aires polas mesmas datas: «Representaría un grave error de cálculo el suponer que la simple fuerza política de Galeuzca basta para triunfar por sí sola contra la fuerza política del resto de España [...]; el camino acertado es precisamente el contrario: tomar en conjunto el problema general de España y dentro de él situar y definir el nuestro» (Castro 2000: 140).

Esta apelación realista de Piñeiro revela non só que o seu pensamento está máis próximo ao do *lehendakari* Aguirre que ao de Castelao, senón que, meses antes de se producir a segunda convocatoria das Cortes republicanas en México e da formación do goberno Giral, as posicións de Galeuzca estaban xa moi debilitadas, talvez menos na súa estrutura organizativa que nos seus obxectivos políticos. A estratexia política de Galeuzca entraba nun terreo descoñecido. Na convocatoria das Cortes republicanas de xaneiro de 1945, a maioría dos deputados galeuzcanos adoptara a decisión de non asistir, de acordo coas instrucións

de Pi i Sunyer, Irujo e Castelao (que non Irla nin Aguirre), pero, aínda así, unha parte dos deputados cataláns decidiu apostar por reforzar a súa alianza cos republicanos españois, o que arrefriou as posicións autodeterministas dos nacionalistas vascos. Pola súa banda, a política do nacionalismo vasco comezaba a virar cara a posicións legalistas. O propio Aguirre dubidaba entre aliarse co *Consell* catalán de Londres ou coas posicións mantidas en Francia por Irla e Tarradellas, quen acababa de fundar a plataforma *Solidaritat Catalana*, promovendo unha posición favorable ao Estatuto de 1932 fronte ao confederalismo que mantíña o grupo catalán de Londres e moitas das «comunidades catalanas» de América (Morales 2008: 400 e ss.). Aguirre tampouco enganou a Castelao, a quen lle anuncia nunha carta de marzo de 1945 que chegara o momento de «participar en los grandes acontecimientos que se avecinan, prestando nuestro máximo concurso a la restauración republicana», isto é, que era preciso adoptar unha política de colaboración cos republicanos (aos que Castelao acumaba despectivamente como «repúblicos») para botar auga no viño da estratexia de Prieto. Como diría poucos meses máis tarde Antoni M. Sbert, da Esquerra máis legalista, ao seu retorno da conferencia de San Francisco, «aliarnos amb els bascos i els gallecs [es] donar força al feixisme» (Jiménez de Aberasturi 1999: 665-668). Durante o resto do ano 1945 íase xogar unha importante partida para o futuro político do exilio. E, mentres Castelao e os seus amigos emigrantes de Bos Aires se lanzaban a unha campaña galeuzcana (viaxes de Prada pola América do Sur, publicación da revista *Galeuzca*, xestións para lograr a unión das forzas republicanas en México), a progresiva recuperación das institucións republicanas comezaría a erosionar a alianza dos nacionalismos periféricos e o seu peso no taboleiro político do exilio.

A debilidade política e organizativa de *Galeuzca* non impediu, porén, que este movemento lograra algúns éxitos moi notables. Un deles foi a publicación mensual, durante todo un ano, da revista do mesmo nome: *Galeuzca. Galiza-Euzkadi-Catalunya*, cuxo primeiro número está datado en agosto de 1945. Os seus doce números, imprentados na cidade de Bos Aires e moi apoiados polos dirixentes galeuzcanos alí residentes (Castelao, Aldasoro, Serra i Moret), constitúen un indicador excelente do que significaba este movemento: unha alianza máis cultural que propiamente política. Os textos de carácter político non escasean nas páxinas dos seus doce números, pero o máis relevante son os artigos de fondo, de carácter histórico-cultural, que integran case todos os números da

publicación. Resulta ilustrativo comprobar que, alén de reproducir discursos ou mensaxes políticas de Castelao, Aldasoro ou Aguirre, as principais contribucións da revista estean dedicadas a cuestións como a historia altomedieval de Euzkadi (cinco artigos de Ildefonso de Gurruchaga), ao casarío vasco (catro artigos de Manuel de la Sota), á historia da Cataluña anterior a 1714 (catro artigos de Pere Mas) ou á historia antiga de Galicia, con tres artigos dun autor «tradicionalista» como Francisco Elías de Tejada e cun artigo do vello político liberal Manuel Portela Valladares sobre a Compostela medieval. Se Galeuzca nacera morta, como con tristura confesaría anos máis tarde o propio Castelao, tamén resulta evidente que nin o seu principal voceiro homónimo foi capaz de servir como unha plataforma do ideario galeuzcano naqueles momentos de tantas mudanzas, tanto no exilio como na política mundial. En realidade, se comparamos a revista *Galeuzca* con voceiros como *A Nosa Terra* ou o propio *El Orensano*, compróbase a boa calidade doutrinal dos seus artigos de fondo, recuperando textos de Eloy Luis André ou de Alexandre Bóveda ou acollendo lúcidos artigos de Lois Tobío ou de Vázquez de Calo, pero resulta ben patente a súa debilidade política.

Houbo algunhas tentativas posteriores de restaurar esta publicación vinculada a unha proposta iberista cos portugueses, mais a idea non prosperou. Castelao, que daquela estaba en París, xestionou cos vascos Irujo e Lasarte a posibilidade de unir a revista porteña coa revista *Iberia*, que en Europa promovía Armando Cortesão, «alto funcionario de la Unesco», en palabras de Irujo a Aguirre nunha carta do 31.10.1946 (Fondo Irujo, 12399.pdf). A idea era formar un comité de redacción composto por dous representantes cataláns (Pi i Sunyer e M. Santaló), vascos (Lasarte e Irujo), portugueses (Cortesão e Domingues dos Santos) e galegos (Castelao, «mientras que no se diera con otro gallego que pudiera concurrir a esas reuniones»). O propio Irujo sostiña ante Aguirre que o proxecto desta *Iberia/Galeuzca* debería ser sostido economicamente polo goberno vasco: «Si nosotros no ayudamos, *Iberia* no saldrá». Foi o que aconteceu, o que demostra a debilidade política da estratexia Galeuzca no momento de maior presenza de ministros galeuzcanos no goberno do exilio. Meses máis tarde, estas posicións serían xa claramente inviables. Pero antes de que tivese lugar o bloqueo político da posición Galeuzca a partir a crise dos gobernos republicanos en 1947, imos ver a principal achega do exilio galego a todo aquel proceso, que foi o Consello de Galiza.

FUNDACIÓN DO CONSELLO DE GALIZA

A idea de crear unha organización que amparase a acción política do exilio galeguista está implícita ou explicitamente formulada desde os tempos da Guerra Civil, despois de que a perda do territorio galego impedise na práctica a aplicación do Estatuto de autonomía, a diferenza do que acontecera no caso vasco. Pero a súa aparición definitiva non se produce ata novembro de 1944, no epicentro da reconstrución de Galeuzca e tamén nos albores do novo mundo que a inminente fin da guerra mundial parecía abrir. Foi o terceiro pé da alianza Galeuzca, nacido algo tarde, pero que conseguiu converterse en referente, máis simbólico que efectivo, do que era a estratexia galeuzcana naquela altura histórica. Tres grandes problemas presenta a análise desta institución do exilio galego. O primeiro, ser unha creación tardía e de representatividade política limitada, o que non aforrou críticas e resistencias desde o seu propio momento fundacional. O segundo, o funcionamento interno do Consello de Galiza, os seus recursos e financiamento. E, o terceiro, a súa principal acción, que foi a integración de Galicia na defensa do réxime republicano, a loita por participar no seu primeiro goberno no exilio e o abandono deste por parte de Castelao en xaneiro-febreiro de 1947. Como pano de fondo está a relación do Consello de Galiza e do seu principal dirixente, Castelao, cos galeguistas do interior e, nomeadamente, coa figura de Ramón Piñeiro, relación tecida de encontros e desacordos que son moi comúns na dinámica dos exiliados de calquera país, pero que no caso galego deron lugar a interpretacións totalmente maniqueas sobre o enfrontamento entre Castelao e Piñeiro (Garrido 2009).

A adopción do nome de Consello para esta institución galega non foi tan evidente como puidese parecer, pois houbo dúbidas entre adoptar o nome de Xunta e o de Consello, que parecía máis da época. Na experiencia do exilio existían institucións análogas, pois cataláns e vascos fundaran cadanseu Consello en 1940, como un medio de asegurar a continuidade dos antigos gobernos autonómicos e, alén diso, dotarse dun instrumento institucional para poder actuar ante o Foreign Office inglés, dado que, naquela altura, o Reino Unido representaba a principal resistencia aos ataques da Alemaña hitleriana. Era tamén unha forma de preparar o futuro peninsular, pois «tot depenía d'una cosa: que Franco entrés en la guerra», como diría algo máis tarde Batista i Roca (Morales 2008: 191). Máis relevante é

reparar na composición destes Consellos, dada a vontade dos seus impulsores de lograr unha notable representatividade político-territorial. No caso vasco é ben clara esa vontade, ao incorporar «las cinco delegaciones generales de Euzkadi» en Londres, Bos Aires, Caracas e México, alén de Francia: dos dez membros, catro residían en Bos Aires, aínda que só un deles pertencía a un partido non nacionalista —Aldasoro, de Izquierda Republicana—, que exercería de vicepresidente desde Consello vasco e logo de membro do Goberno vasco (Jiménez de Aberasturi 1999: 345 e ss.). Esta institución, presidida por Irujo, duraría pouco máis do que durou a clandestinidade do *lehendakari* Aguirre, quen recuperou axiña a dirección da política vasca no exilio: «En el exterior no puede ni debe, ni habrá en política vasca otra dirección que yo no marque» (Morales 2008: 195). Esta era a mensaxe do *lehendakari* a Irujo en decembro de 1941, apenas dous meses despois de recuperar a súa liberdade de acción en América, cando aparece coa súa verdadeira identidade na fronteira brasileira-uruguaia en outubro daquel mesmo ano. No caso do Consell catalán, a súa representatividade política era tamén relativamente alta, ao formaren parte del militantes da Esquerra (Pi i Sunyer), de Acció Catalana (Bosch-Gimpera), do PSUC (Martorell), varios profesionais de prestixio, así como algúns nacionalistas radicais (Batista i Roca, Trueta). Pero o gran apoio desta organización do exilio catalán —e teatro dalgúns dos combates internos máis duros— foron as «comunidades catalanas» formadas en diversas cidades de América, nomeadamente en Bos Aires, Santiago de Chile, Bogotá, Nova York e México DF, por iniciativa do propio presidente do Consell, Carles Pi i Sunyer (Morales 2008: 197). Como vemos, as institucións vasca e catalá, aínda que fundadas en Europa e radicadas en Londres, loitaban por contar co soporte dos exiliados en América, que, con menor forza que no caso galego, tamén incorporaban a dirixentes das colectividades que emigraran antes da Guerra Civil.

Castelao seguirá un camiño inverso. Será en América e, basicamente, no Río da Prata onde concibe o Consello de Galiza e serán máis ben vellos emigrantes que propiamente exiliados os principais sostedores da institución. Castelao pensaba nunha institución parecida ao que logo resultou ser o Consello de Galiza desde que comezou os preparativos para dirixirse a Bos Aires. Na carta que lles escribe aos «irmáns de Bos Aires» (6.9.1939), na que acepta o convite que lle fan, alude a un «Consello ou Comité que se formase con irmáns desterrados en diferentes países», aínda que daquela descartase a súa formación por razóns de

operatividade, porque «no intre en que os destinos de Galiza e do Galeguismo poden depender de determinacións súpetas e inaplazables non hai máis remedio que tronsar provisionalmente os modos democráticos que sempre foron a mellor gala do Partido» (Castelao 2000: 301). Ano e medio máis tarde, nunha carta a M. Meilán, volve insistir no asunto ao lle falar da necesidade de «crear algo en América», algo así como unha «entidade patriótica» (Castelao 2000: 357-358). Con todo, o que daquela preocupaba a Castelao era refundar o galeguismo entre os emigrados, para o que liquidou o Partido Galeguista e alentou a creación de Irmandades Galegas, desde A Habana a Bos Aires, como un instrumento para crear opinión galeguista, o que xustificaba o seu traballo político, como lle diría ao *lehendakari* Aguirre.

No que se refire á creación do Consello, Castelao pensaba, desde a súa conversión en xefe do galeguismo, nunha organización restrita que por veces denominaba «comité», na que se acumulase «n-un home, ou en varios homes» a capacidade para tomar decisións. Catro anos máis tarde, ese comité chamaríase finalmente Consello de Galiza. Non sabemos a que se debe esta demora na aparición do Consello, pois os seus catro membros fundadores (Castelao, Alonso Ríos, E. Villaverde e R. Suárez Picallo) levaban xa varios anos en Bos Aires ou Santiago de Chile, nin tampouco a razón de que os galeguistas de Bos Aires dirixidos por Castelao non tentasen imitar o que estaban a facer vascos e cataláns en Londres, que, ademais, fomentaron unha estreita relación coas comunidades de exiliados en América, o que debía ser ben coñecido para o propio Castelao, dadas as súas constantes relacións con Aldasoro, Lasarte, Serra i Moret ou Pelai Sala. Talvez a explicación máis acaída desta institucionalización do autonomismo galego ten que ver con razóns de oportunidade política, co final da guerra mundial no horizonte e cun apoio explícito dos dirixentes vascos e cataláns sobre a necesidade de conformar unha estratexia galeuzcana. Pero tamén se pode explicar como resultado da madurez política e ideolóxica que estaba a acadar o exilio galego, dadas as constantes reservas que vascos e cataláns viñan mostrando a respecto da «realidad adormecida de Galicia», como diría un Pi i Sunyer moi radical na primeira carta que lle escribe a Aguirre en outubro de 1941 (FCPiS, ca. 1, carp. 12). Poucos anos máis tarde, en febreiro de 1944, o propio Aguirre comunica a Pi i Sunyer que para organizar «las nacionalidades periféricas» ante as manobras políticas do exilio en México DF e, nomeadamente, de Indalecio Prieto e a JEL,

era imprescindible contar co apoio de Galicia: «He animado mucho a Castelao para que constituya un Consejo o Junta que represente el sentir gallego», tal como lle contaba o vasco ao catalán (FCPiS, ca. 1, carp. 12). Contar co apoio galego significaba reforzar a estratexia de Galeuzca fronte á recuperación das institucións republicanas en México DF, movida pola reunión de importantes exiliados organizada na universidade da Habana en 1943 e pola constitución da JEL baixo a influencia de Indalecio Prieto.

Castelao non ouviu ás xordas a recomendación de Aguirre e comezou a traballar neste proxecto de «Consejo o Junta». O primeiro rascuño dunha institución semellante leva o nome de «Xunta de Galiza» e parece que foi redactado en Bos Aires e logo revisado en Montevideo, dado que aparecen corrixidas todas as referencias a Bos Aires coa engádega da capital uruguaia. Este rascuño chamado «Proposta» non está asinado, pero a súa redacción parece ser da propia man de Castelao, aínda que a súa inspiración foi atribuída a un emigrante e galeguista porteño, Fuco Regueira (Núñez Seixas 2011: 115). A estrutura desta Xunta non se separa moito do que acabaría por ser o Consello de Galiza: composición restrita (cinco membros) e apelación directa aos emigrados que moran en Bos Aires e Montevideo, «cibdades veciñas que ben poden considerarse metrópolis da Galiza libre» e que xa alentaran a loita autonomista galega e o plebiscito do Estatuto en xuño de 1936. Alén diso, esta proposta reafirma a vinculación da causa galega coa democracia e coa legalidade republicana, e considérase unha plataforma para «levar ao mundo a voz dos galegos amordazados polo nazifeixismo». Os obxectivos centrais desta Xunta están contidos nos seguintes treitos:

Que a coleitividade galega de Bós-Aires [e Montevideo] sempre se manifestou ardidamente partidaria do réxime democrático e que ansía o retorno á legalidade republicana de Hespaña, a través da liberdade de Galiza.

Compre crear un Órgao representativo de todol-os emigrados galegos de Bós-Aires [e Montevideo], que, a falla d-un auténtico Goberno de Galiza —porque o Estatuto non chegou a ser promulgado— [...]

Este órgao chamara-se «Xunta de Galiza» e compoñerase de cinco membros: un Presidente e catro Conselleiros. (FP-FRP)

O seguinte paso dado por Castelao foi promover definitivamente a formación do Consello de Galiza. Con «absoluta reserva» comúncalle a Ramón Suárez Picallo, residente en Santiago de Chile (carta do 20.4.1944), que «xa nos puxemos dacordo cós homes que representan a Euzcadi e Cataluña» para darlle expresión político-institucional á idea de Galeuzca mediante a creación dun «Consello Nacional de Galiza», que facilite un pacto tripartito, «non de partidos, senón de gobernos», idea que na mesma altura lle confirma a Valentín Paz-Andrade, residente en Vigo, para que proceda a organizar o galeguismo no interior (Castelao 2000: 420-426). Ao pouco tempo, en maio de 1944, Castelao viaxa a Montevideo para se ver co seu amigo Lois Tobío, a quen lle leva algúns documentos e reportaxes de prensa: un número da revista *Scrutator*, ademais dun mapa do peso electoral das autonomías plebiscitadas antes da guerra e dun artigo político escrito durante a Guerra Civil («The True Basis of Peace in Spain»), no que se sostíña que os «rebeldes» franquistas colocarían fóra da lei «nove millóns de persoas dun total de vinte e catro millóns no Estado español», no caso de triunfar o seu proxecto de «estado totalitario español» (CCG-FD-LT). De regreso en Bos Aires, un entusiasmado Castelao escríbelle a Tobío reiterando o moito que precisa do seu parecer de experto xurista: «Faime o favor de me mandar os esquemas que che pedín. Eso será ouro para min» (Castelao 2000: 427). Esta colaboración de Tobío está tamén confirmada nas súas memorias, nas que alude a que «falamos longo encol do tema [...] e do xeito de lle dar unha forma legal» (Tobío 1994: 535), que non foi outra que a de considerar a institución como un «fideicomisariado» da vontade do pobo galego expresada no plebiscito estatutario de xuño do 1936. Entre Bos Aires e Montevideo comezou, pois, a se configurar a institución soñada por Castelao. Outros testemuños consideran, así mesmo, que foi importante o multitudinario acto promovido por Manuel Puente e Francisco Regueira con motivo da publicación do *Sempre en Galiza* (2 de xullo de 1944) no que se apoiaría a idea de constituír un «Governo no exilio» (Abraira 1989: 156).

A elección dos deputados fundadores do Consello de Galiza veu determinada pola súa presenza na América do Sur e polo reiterado criterio de Castelao de vincular a súa acción política coas colectividades emigradas. Alén do propio Castelao, subscribiron a acta fundacional outros tres deputados residentes en Bos Aires ou en Santiago de Chile: un galeguista (Suárez Picallo), outro agrarista (Alonso Ríos) e un terceiro, republicano azañista (Elpidio Villaverde). Eran unha mino-

ría no conxunto do exilio republicano galego, que contaba con cinco deputados residentes en México (Edmundo Lorenzo, Pedro Longueira, Alejandro Viana, Bibiano Osorio-Tafall, Ramón Fernández Mato), un nos EE. UU. (Emilio González López) e tres en Europa (Santiago Casares Quiroga, Manuel Portela Valladares, José Calviño Domínguez), alén dalgúns que estaban aínda ocultos (Alfredo Somoza, Adriano Romero Cachinero). Tamén tiñan algunha actividade política no exilio varios galegos que foran elixidos noutras circunscricións (Alejandro Otero, M. Martínez-Risco) ou figuraban como ex-deputados pola provincia de Ourense (Alfonso Pazos Cid, Alfonso Quintana). En conxunto, no exilio estaban trece deputados dos corenta e nove elixidos nos comicios de febreiro de 1936, aínda que uns trinta pertencían a candidaturas encadradas na Fronte Popular. Parece obvio que non se trataba de asegurar unha representatividade política transversal para a nova institución, senón de reforzar a vinculación directa coas posicións galeguistas de Castelao e recoñecer o peso das colectividades emigrantes dos países do Río da Prata. A explicación que ofrece destes criterios ao *lehendakari* Aguirre é ben clara (carta do 12.6.1944): «El mismo día que se constituya el Consejo invitaremos a todos los diputados gallegos que se hallan refugiados en América a formar parte de él [...] y les advertiremos [...] que tendrán que renunciar previamente, no a su ideología, pero si a la disciplina de cualquier partido no gallego al que pudieran estar afiliados» (Castelao 2000: 434). A consecuencia foi que, agás o republicano Alfredo Somoza —que chegou a América en 1948— e unha tépeda aceptación de Portela Valladares por medio dunha carta dirixida a Castelao, escrita coas mañas dun vello político, ningún deputado se incorporaría plenamente á disciplina do Consello de Galiza.

O Consello foi presentado formalmente o 15 de novembro de 1944 na cidade de Montevideo, para evitar conflitos co goberno arxentino: «Jamás rozaré con mis acciones las normas gubernativas de este país», advertira Castelao nun discurso pronunciado o 2 de xullo de 1944, con motivo da homenaxe organizada pola publicación do *Sempre en Galiza* no hotel Claridge de Bos Aires (Anasagasti 1985: 215). A acta de constitución, asinada polos xa mencionados catro deputados fundadores —que se definen como «os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-América»—, contén un programa político claramente adecuado á estratexia de Galeuzca. En primeiro lugar, a institución é definida como «un corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade

de Galiza..., que arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936», o que xustifica a natureza do Consello como un «fideicomisariado» da vontade do pobo galego, que debe ser gardado polos catro deputados fundadores, aínda que «asistidos por un extenso núcleo de emigrados galegos» residentes na «metrópole ideal dunha Galiza libre». En segundo lugar, adóptase unha posición autodeterminista pero «descartando de antemán o separatismo» e «abogando por unha unión pacionada de todol-os povos diferentes de Hespaña, ou mellor dito, da Península», o que supón a defensa dun «Estado plurinacional republicano» en cuxa composición se acepte o principio de que «os povos sexan os verdadeiros suxeitos do dereito político», para garantir que a vontade política dos galegos, «unha ínfima minoría de votos no corpo político de toda España», non se vexa «indefectiblemente vencida pol-o peso numérico dos votos non galegos». E, en terceiro lugar, acórdase «conferir a Presidencia do Consello de Galiza» a Castelao, «quen fica autorizado dende este intre para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia persoalidade e triple forza, nunha concordia xeral hespañola, capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en Hespaña».

Este documento, malia a súa brevidade, resume o pensamento de Castelao expresado no seu *Sempre en Galiza* e incorpora as posicións que viñan mantendo os diversos dirixentes galeuzcanos, como pode comprobarse no epistolario de Castelao (carta a Aguirre do 29.11.1943) e nos discursos pronunciados en mitins como o de 1943 no estadio Centenario de Montevideo: rexeitamento dos límites impostos pola Constitución de 1931, estado plurinacional e república federal. Pero tiña tamén outro matiz que non lle pasa desapercibido ao cronista d'*A Nosa Terra* do acto de presentación da institución, que sinala que a acta fundacional «emancipa os seus persoeiros da tutela dos partidos non galegos», para remachar que «esta é a chave da autodeterminación» (ANT, 433, dec. 1944, p. 3). A constitución do Consello de Galiza supoñía, por tanto, a culminación do traballo político desenvolto por Castelao no marco das alianzas tecidas con vascos e cataláns nunha dirección nada «legalista» e moi «autodeterminista». De feito, a aparición do Consello estaba vinculada de forma directa co avance dos acordos de Galeuzca. Isto explica que a constitución do Consello de Galiza fose divulgada, en primeira instancia, mediante cablegramas enviados a Pi i Sunyer e J. A. Aguirre, ao presidente catalán Irla e mesmo a Josep Tarradellas (Castelao 2000: 451 e ss.),

así como aos galeguistas do interior e a outros correspondentes que estaban no exilio en México (López Durá), Chile (Xermán Vidal), pero tamén en Francia (Martínez-Risco, Portela Valladares). Tamén lles foi comunicado, nunha carta escrita en termos semellantes ao resto dos seus correspondentes, aos demócratas portugueses Jaime Cortesão, Moura Pinto e Morais, que moraban no Río de Xaneiro (carta do 11.12.1944). A actividade epistolar de Castelao naquelas semanas posteriores á fundación do Consello é frenética, o que aproveita para fixar as bases doutrinais da acción galeguista no contexto da previsible recuperación das institucións de goberno da República e do papel que debe desempeñar a alianza Galeuzca. Nestas cartas persoais, Castelao insistía na idea de que o Consello de Galiza «viene a satisfacer una necesidad largamente sentida», que era como unha expresión política do proxecto global de Galeuzca. Era unha estratexia pensada para intervir directamente na política do exilio, fronte á posibilidade de que se reconstruísen as institucións de goberno (convocatoria de Cortes e formación dun novo goberno), na que o papel de Galeuzca debería aspirar a tratar cos republicanos «de potencia a potencia, prevalecidos de que sin nosotros no van a ninguna parte», como lle dicía Castelao a Aguirre aos poucos días de se constituír o Consello de Galiza. Nunha longa carta aos galeguistas do interior, Castelao tamén lles daba conta da nova institución e reiteraba puntos doutrinais que viña sostendo desde anos antes, especialmente no que se refire á «estructura do futuro Estado», definido como «plurinacional», no que o papel do galeguismo se define como «o único ideal que pode salvar a Galiza senon tamén a Hespaña» (Castelao 2000: 480-481).

A intención de Castelao, como lle revela a López Durá (México DF), era interpelar ao resto de deputados galegos que estaban no exilio americano, para lograr a súa incorporación ao Consello de Galiza, así como aos deputados residentes en Europa. De modo un pouco inxenuo, pensaba que poderían adherirse á dinámica do Consello, pero das propias palabras de Castelao dedúcese que carecía de contacto directo cos seus compañeiros parlamentarios, ata o punto de non saber nin o enderezo para lles escribir, confiando a López Durá esta tarefa na capital azteca. Isto explica que a acollida prestada a esta nova institución por parte do exilio republicano galego en México (onde residía a maior parte dos deputados galegos) fose moi desfavorable, con críticas que deixaron algún rastro escrito. Tamén foi desigual a recepción do Consello por parte dos emigrantes e dos emigrados por-

teños. Mentres que *A Nosa Terra*, voceiro da Irmandade Galega, dedicaba páxinas enteiras a glosar a importancia e obxectivos do Consello, no xornal *Galicia* da FSG (2.12.1944) despachábase o asunto con este encabezamento á publicación da acta fundacional da institución: «En Montevideo se ha constituido el Consejo de Galicia integrado por cuatro diputados gallegos, según se refiere en la nota que gustosos publicamos». Máis frialdade, imposible.

Entre as críticas máis severas están, desde logo, as producidas en México. Pode servir de exemplo a carta dirixida a Castelao, sen datar, pero situable claramente a finais do ano 1944, que obra entre os papeis de Luís Soto e que parece estar redactada con posicións próximas ás defendidas polo PCE (AHPO-FS, ca. 14.637, carp. 111), aínda que non consta se lle foi remitida ao seu destinatario. O texto, escrito en castelán, concentra as súas críticas no feito de que o Consello «Nacional» de Galicia non sexa «una organización de lucha y de combate» para apoiar «el combate de los guerrilleros, la resistencia de los campesinos, el sabotaje y la lucha de los obreros y los marinos» que, a xuízo do autor, converten a terra galega en «una de las trincheras antifranquistas más poderosas de España». Rexeita asemade o exclusivismo de que os fundadores sexan só «cuatro diputados gallegos» e lamenta a subestimación que o Consello de Galiza fai dos partidos e organizacións políticas e que non se tivesen en conta as organizacións que operan en Europa, tanto no interior («Unión Nacional») como en Francia («Frente Liberador Gallego»). En suma, a esencia da crítica está na parcialidade da composición do Consello de Galiza e non tanto nos obxectivos fortes deste, como o recoñecemento de «los derechos de autodeterminación de los pueblos», que o autor desta epístola acepta plenamente, así como o texto estatutario plebiscitado en 1936. Conclúe a carta cunha apelación á amizade con Castelao, da que ademais ten constancia a través de «el amigo Prada» e coa petición de realizar na cidade da Habana «una reunión continental con todos los diputados gallegos elegidos en el año de 1936» para lograr un «verdadero Consejo Nacional de Galicia».

Como pode verse, a crítica comunista do recente Consello de Galiza era tanto de forma como de fondo. Algunhas destas críticas serían feitas un ano máis tarde polo Bloque Republicán Nazonal Galego (BRNG), fundado en Tolosa en decembro de 1945, presidido por M. Portela Valladares e inspirado por Enrique Lister, cuxa aparición se pode entender como unha alternativa ao propio Consello de Galiza, dada a pluralidade política que o caracterizaba e a súa autodefinición como

un «Consejo General de Galicia», en palabras do propio Lister (Gómez Rivas 2006: 295-299). Pero esta organización non chegou a descualificar a institución comandada por Castelao. Moito máis aceda foi a crítica realizada por un grupo de México, autotitulado «Voces socialistas desde México», e asinada por deputados elixidos en 1936 (Otero, Quintana, Longueira) e por antigos dirixentes sindicais en Galicia (Porteiro, Serantes, Rúa). O texto deste manifesto foi enviado por Delgado Gurriarán a V. Paz-Andrade con ocasión da redacción da biografía de Castelao, o que explica que obre entre os seus fondos epistolares (CCG-FD-PA). A súa elaboración parece ser movida pola pretensión de Castelao de se incorporar ao Goberno republicano formado en México a partir da celebración das Cortes desde agosto de 1945. As críticas ao Consello de Galiza e ao propio Castelao son directas e carentes da elegancia esperada de colegas parlamentarios, pois falan do «autotitulado Consejo de Galicia» e da «personal ambición» de Castelao, ao que despachan despectivamente como «codicioso dibujante rianxeiro». Alén deste ton pouco temperado, o fondo da cuestión está na denuncia da marxinação que o Consello de Galiza fai dos «gallegos socialistas», que se reivindicán como actores importantes da «elaboración y triunfo del Estatuto plebiscitado en nuestra tierra el 28 de junio de 1936». Os ecos deste manifesto socialista chegaron lonxe pois no xornal *La Prensa* de Nova York un lector «antiseparatista» afirma ter no seu poder «un manifiesto firmado por sesenta ilustres gallegos en el exilio, desautorizando por completo la actuación del dibujante Castelao» (Comín Colomer 2009: 274). Non estraña que, nun texto posterior, Castelao acusase este golpe cualificando aquel manifesto como «un folleto cheo de injurias e calumnias» (Castro 2000: 300), aínda que era evidente tamén que, con menos carraxe, pensaban o mesmo do Consello de Galiza outros republicanos galegos como Viana Esperón, de quen o rianxeiro diría, a propósito do seu mutismo nas Cortes de México, que «como galego é unha calamidade» (Castelao 2000: 570).

Porén, o problema principal con que se encontrou o Consello de Galiza non foron estas críticas que, en parte, tamén serían asumidas por algúns exiliados porteños, como Núñez Búa ou Luís Seoane, por entidades como a FGS e, por outras razóns, tamén polos galeguistas do interior. O máis relevante foi a viraxe que se estaba a producir, xa desde finais de 1944, no seo de Galeuzca e do seu principal valedor, que era o vasco Aguirre, a quen alerta Castelao nunha carta do 3 de xaneiro de 1945 sobre o feito de que a constitución do Consello de

Galiza estaba vinculada directamente coa sinatura do novo pacto de Galeuzca, pero «así como el Consejo Gallego salió a la luz y marcha viento en popa, no así la publicación del pacto tripartito, que se viene aplazando por causas que desconozco» (Castelao 2000: 489 e ss.). O pacto foi adiado *ad kalendas graecas* pola decisión do propio Aguirre e polos conflitos internos das institucións e partidos republicanos de Cataluña —Pi i Sunyer e Batista i Roca contra Irla e Tarradellas—, pero o que revela esta queixa é a viraxe que se comezaba a dar na estratexia global de Galeuzca, que, como vimos antes, dependía moi directamente do impulso vasco. Neste sentido debe entenderse o acordo tomado nunha sesión do Consello organizada en Montevideo en marzo de 1945, segundo o que, á vista da «situación reinante» na España franquista e das «circunstancias por que atraviesan las relaciones de los políticos exiliados», os membros do Consello de Galiza reiteran a súa «estrecha compenetración con el Gobierno Vasco y las Fuerzas Organizadas de Cataluña» e alegan non ter responsabilidade sobre as «desavenencias republicanas», impropias do «momento histórico» que estaba a vivir o exilio (*El Orensano*, 7.4.1945 e IGI-Fondo Cupeiro, carp. 2). Esta afirmación alude á forte división existente no seo do exilio catalán, pero tamén parece unha chamada de atención sobre as dificultades existentes en México para reconstruír as institucións representativas e de goberno, despois do fracaso da convocatoria de Cortes a principios de 1945, que o propio Consello de Galiza recusara explicitamente. Galeuzca seguía viva, pero debía camiñar por carreiros distintos aos previstos nos anos anteriores.

ORGANIZACIÓN E RECURSOS DO CONSELLO DE GALIZA

Retornemos a Castelao e á súa percepción de que o Consello de Galiza navegaba a toda vela. Podía ter razón o presidente rianxeiro desde a perspectiva propiamente local de Bos Aires e Montevideo. Pero a súa estrutura organizativa e os recursos materiais de que dispuña non estaban para moitas alegrías. Por iso, a constante invocación de Castelao sobre a homologación do Consello cos gobernos vasco e catalán non deixa de ser un *wishful thinking* desprovisto de todo realismo. Nas memorias dalgún dos sostedores do Consello, como Manuel Meilán, cando é preguntado por se aquel era «coma quen, un goberno no exilio»,

a súa resposta é contundente: «Non, non era iso. O que se pretendía era manter viva a representatividade electoral lexítima dos deputados no exilio e traballar nas institucións da República para consolidar o proceso autonómico iniciado» (Samuelle 1993: 137). En realidade, o Consello de Galiza non podía inventar de repente unha estrutura de goberno que vascos e cataláns botaran a andar durante a etapa republicana e mantiveran logo no exilio, malia a duplicidade organizativa que en certos momentos ambos tiveran en Londres. En América non xurdiu, por parte de Castelao, nada parecido aos Consellos vasco e catalán de 1940, de modo que o nacemento do Consello galego foi máis ben un resultado da estratexia de Galeuzca que unha expresión da capacidade organizativa do exilio galego, que en moi curta medida aceptaba as posicións políticas do pensamento político de Castelao, tanto desde o campo socialista como do republicano e do socialista ou sindicalista. Neste sentido, a gran vantaxe do Consello de Galiza foi crear unha imaxe de marca, coa súa bandeira e co seu logotipo que, decontado, comezou a figurar na correspondencia oficial emitida desde Bos Aires, e unha certa capacidade para homologarse formalmente como un dos «tres gobernos» a que de continuo facía referencia Castelao. De todas as formas, cos recursos de que dispoñía, poderíamos soste-lo que os exiliados galegos porteños, coa impagable axuda dos emigrantes, lograron erguer un referente institucional onde non había nada, nun lugar que se volvía excéntrico canto máis se aproximaba o final da guerra mundial.

Comecemos polo máis elemental, que é a súa estrutura organizativa. A diferenza do caso vasco, o Consello de Galiza carecía de locais propios e a súa rede de delegacións era moito menor do que lograron ter tanto vascos como cataláns. En realidade, nesta primeira fase, o Consello tiña delegacións con algunha organización en Montevideo, México e Santiago de Chile, alén de representantes a título persoal en Cuba (X. Álvarez Gallego), Nova York (E. González López) ou Porto Rico (Sebastián González), pero non logrou naquela altura constituír unha delegación en Europa, ata que se incorporase a familia Alvajar a finais dos anos cincuenta. Unha forma de superar estas limitacións era aproveitar a mobilidade que, por razóns profesionais, tiñan para visitar gran parte do continente americano (e mesmo España) algúns profesionais como Rodolfo Prada, representante dos laboratorios do Dr. Andreu. El era «o noso Prada», quen durante os anos 1944 e 1946 levaría a cabo varias xiras en calidade, segundo

Castelao, de «embaixador do Consello de Galiza» (Castro 2000: 83). Nos meses de setembro-outubro de 1945, Prada realiza un amplo «periplo» por toda a América hispana, desde Chile ata México, pasando por Venezuela, Colombia e Cuba, que o xornal *A Nosa Terra* alcumou como propio dun «San Paulo de Galeuzca» (ANT, 434, p. 2). Naquel periplo, que se parecía vagamente ás xiras que fixeran tempo atrás algúns líderes do exilio (Aguirre, Martínez Barrio, Prieto...) mantivo contactos políticos con catalanistas (Sbert ou Santaló) e con republicanos e socialistas (Martínez Barrio ou Jiménez de Asúa), pero os seus resultados foron máis propios de quen difunde as súas propostas que de quen lograr atraer ao seu terreo os interlocutores contactados. Prada regresou «encantado» da viaxe, no sentir de Castelao (Castelao 2000: 493), pero o seu interlocutor, que era Aguirre, non mudou a súa posición. Con todo, como resultado destas viaxes e do traballo epistolar de Castelao, o Consello logrou erguer unha rede de correspondentes e delegados que se manterían, de forma intermitente, durante moitos anos. Así invita a Xermán Vidal a facerse cargo da delegación en Chile, onde debería apoiar o labor de Suárez Picallo; a López Durá en México; a Silvio Santiago en Caracas, e, naturalmente, reforzouse a vinculación con Montevideo mediante a creación dunha «Segredaria» que debería actuar como domicilio social do Consello de Galiza, polas comodidades que ofrecía a capital uruguiaia. Tamén terían un delegado en Lisboa (Manoel Fernandes), así como as necesarias relacións cos galeguistas do interior, centralizadas en Vigo na persoa de Fernández del Riego. Con algo de fachenda isto é o que Castelao lles conta aos galeguistas do interior en marzo de 1945:

Chegou Prada do seu percorrido por toda América. Realizou unha inxente laboura a prol da organización galeguista e do entendimento con vascos e cataláns. Hoxe contamos con grupos en moitos países. En Cuba con moita forza, que ourenta e dirixe Alvarez Gallego. En Chile está Picallo traballando ben e manténdose en pé. Sebastián González está en Porto Rico, sen núcleo de galegos. Temos un bó grupo en Venezuela. Illa Couto [Ramiro] represéntanos en Bogotá. Etc. Etc. Todo vai moi ben [...]. En México, a nosa Delegación está presidida por López Durá e Delgado Gurriarán, que firmaron o pacto local de Galeuzka e manteñen a triple alianza a moita outura [...]. Será moi posible que dentro de tres meses saia para Portugal un Delegado do Consello –persoa de moito empuxe– que se porá en relación con vós. (Castro 2000: 161)

En canto ao goberno interior do Consello, non consta que tivese un apoio de carácter administrativo estable. Nos gastos que a Comisión pro-Consello recoñece, figuran apenas algúns pagos de salarios durante sete ou oito meses a «Vázquez», que debe ser Xosé Rodríguez «Vázquez de Calo», moi vinculado naquela altura a Manuel Puente e que exercía asemade como secretario da Irmandade Galega de Bos Aires. Tamén era un frecuente colaborador d'*A Nosa Terra*, onde publica nada menos que dez artigos entre xullo de 1944 e outubro de 1945, aínda que a partir de mediados do ano 1945 xa non é mencionado como tal nos libros do Consello. Parece evidente que a presenza de «Vázquez de Calo» se explica pola súa relación con Manuel Puente. Na fotografía do banquete ofrecido na casa de Puente a Castelao con motivo da fundación do Consello de Galiza (publicada n'*A Nosa Terra*, 433, dec. 1944, p. 6), Vázquez figura en primeiro plano e, ademais, esta é unha das poucas fotos orixinais que conservaría a súa familia daqueles tempos de exiliado en Bos Aires. Anos máis tarde, aparece nas actas do Consello un segundo apoio administrativo, confiado a G. Frieiro, sen maior información sobre a súa identidade.

O Consello de Galiza non tivo tampouco unha sede representativa. A casa de Manuel Puente era o lugar habitual de reunión dos seus membros e dos delegados exteriores cando viaxaban a Bos Aires, que xeralmente era «aos sábados», como lembrarían anos despois asistentes habituais como M. Meilán ou Abreira: «O Consello de Galiza mantinha reunions semanais com um grupo de colaboradores. Realizávan-se os sábados pola tarde na casa de D. Manuel Puente, numha sala que ainda hoje está como entom» (Abreira 1989: 161). A casa de Puente, na porteña avenida Ribadavia, tamén acollía as reunións da Irmandade Galega e foi lugar de realización de banquetes en datas simbólicas da institución. Alí tamén estaba o arquivo do Consello de Galiza, que infelizmente o paso por diversas mans foi mirrando ou fragmentando (Daniel Calzado, Bieito Cupeiro, Valentín Fernández...). Isto explica que non se conserven na súa integridade as actas das reunións nin outro tipo de documentación ou correspondencia, agás a producida polo propio Castelao e outros dirixentes galeguistas. Pola contra, a documentación referente ao Consello de Galiza é moito máis copiosa para a súa segunda etapa (a partir de 1959-1960) que para a correspondente á presidencia real de Castelao, o que non cadra ben coa súa repercusión política. Pode tirarse, con todo, algunha información útil dunha carpeta titulada «Consello de

Galiza», con datos económicos de ingresos e gastos, seguida de quince follas en que se resumen «Aitas de Reunións Oficiaes», que foi depositada no Parlamento de Galicia, procedente da familia de Daniel Calzado. Existen algunhas outras fontes, máis extensas e con mellor apoio epistolar, que corresponden aos anos sesenta e setenta, agrupadas no fondo Xavier Alvajar, procedente da delegación de París (Arquivo Municipal de Betanzos), ou no fondo, parcialmente repetido, traído desde Bos Aires por Bieito Cupeiro, que foi entregado a Isaac Díaz Pardo e depositado no antigo Instituto Galego de Información. As «Aitas», breves e pouco formais, corresponden á segunda xeira do Consello, mentres que os datos económicos, sendo tamén moi sumarios, cobren practicamente toda a vida activa do Consello, tanto na fase fundacional, na que Puente e o seu grupo mantiña o control sobre a institución, como na época en que se incorporou unha nova xeración de dirixentes (Valentín Fernández, Fiz Fernández, Cupeiro...). Naturalmente, os datos que se dan deseguido tamén se benefician doutras fontes de información procedentes dos propios epistolarios dos protagonistas (Castelao, Prada, Abraira, Puente, Tobío, Paz-Andrade, Del Riego...) e da prensa coetánea, nomeadamente *A Nosa Terra*.

Unha imaxe sumaria da estrutura institucional do Consello de Galiza e dos seus recursos pode configurarse a través da «Comisión de Contribuintes pro-Consello de Galiza», ese grupo constituído por «uns cantos homes ricos», en expresión de Castelao (Castelao 2000: 556). No libro desta Comisión figuran os nomes dos contribuíntes, cantidades que achegan mensual ou anualmente e unha moi desigual relación de gastos cargados na partida de ingresos. Como pode verse no cadro 1, a contabilidade levada durante os anos de presidencia de Castelao identifica o núcleo duro dos sostedores económicos da institución e que, en parte, tamén coincide co grupo que acordou ocuparse dos gastos persoais do matrimonio Castelao, a xulgar polas referencias, moi posteriores, de Xosé B. Abraira. A contribución de Manuel Puente, un emigrante orixinario de Salvaterra, republicano e presidente da Cámara de Comercio Española Republicana, con negocios comerciais na distribución de xoiaría, foi a máis importante en todo este período. A súa posición respondería á cualificación de «rico» que emprega Castelao e, desde logo, Puente responde á imaxe de valedor ou mecenas entre exiliados, tanto na colectividade emigrante de Bos Aires como na Galicia europea (lembremos a *Historia de Galiza* encomendada a Otero Pedrayo en 1947).

Puente ocupaba tamén a presidencia da Irmandade Galega e foi o organizador de grandes mitins políticos, como o que tivo lugar en Montevideo en xuño de 1945 para conmemorar o noveno aniversario do plebiscito do Estatuto, ao que se desprazaron máis de duascentas persoas desde a capital arxentina. As achegas de Puente «pro-Consello de Galiza» non eran moi elevadas, pero mantivéronse estables no primeiro lugar de todos os contribuíntes —ata a súa separación do Consello a fins da década dos cincuenta— e supoñían algo máis da cuarta parte do total dos ingresos que recadaba a Comisión, o que explica que sexa considerado nas referencias xornalísticas como presidente da «Comisión de Facenda» do Consello e como tal actúa en moitos banquetes e «xantares patrióticos» (ANT, 466, dec. 1948). Tamén figuraba como principal apoio económico do voceiro *A Nosa Terra*, como mostran as axudas reunidas en 1949, das que, de 3402 pesos, mil corresponden á Irmandade Galega e cincocentos pesos son achegados polo propio Puente (ANT, 468, maio 1949).

Un segundo grupo de valedores do Consello axuntaba cantidades claramente menores, pero significativas, como é o caso de Xesús Porto, Perfecto López, Xosé María Cascallar e Claudio Fernández, que eran todos eles emigrantes con boa posición económica debida á súa condición de representantes de grandes firmas farmacéuticas ou automobilísticas (Mercedes Benz, Dodge...). Outro grupo de menor relevancia económica nas cotas achegadas que, porén, non concorda coa súa importancia política e coa súa actividade nas sociedades galegas. É o caso de Alonso Pérez, presidente da sociedade mercantil «Alborada», que xestionaba o patrimonio da FSG, e nomeadamente de Xosé B. Abreira e Rodolfo Prada, cuxas mínimas achegas deben estar compensadas polas cotas que con Puente e «uns vinte» galeguistas de Arxentina e de Uruguai destinaban «para axuda de Castelao» (carta a Díaz Pardo de 1.8.1986), distribuídas da seguinte maneira: da Irmandade de Montevideo (catro persoas), de Rosario (dúas), de Mendoza (dúas), «os demais éramos todos de Buenos Aires». En palabras de Abreira «Isto levou-se no mais rigoroso segredo. Durante anos ninguén soubo de que vivía o matrimonio ilustre» (CCG-FD-XA) e esta solidariedade mantívose durante vinte e oito anos, ata a morte de Virxinia Pereira, viúva de Castelao. Noticias posteriores, como as ofrecidas por Manuel Meilán, residente en Montevideo desde os anos corenta, confirman claramente esta decisión de asumir o apoio económico privado ao matrimonio Castelao:

Acordamos constituir dous grupos privados de persoas, un en Uruguai e outro na Arxentina. A única condición que se puxo é que tódolos que participasemos naquela axuda debiamos ser galeguistas probados e que non se soubese publicamente que estabamos a colaborar na mantenza de Castelao. Levouse todo con tanto segredo que os da Arxentina non sabían sequera que existiamos. (Samuelle 1993: 92)

Estas informacións de Abraira e de Meilán permiten sospeitar que as doce persoas residentes en Bos Aires deben coincidir, no esencial, coas que se integran na comisión de contribuíntes. Fúndase esta sospeita no feito de que este reducido elenco de membros da Comisión pro-Consello non se corresponde coa enorme capacidade de convocatoria que tiña Castelao e, por extensión, o Consello de Galiza naqueles anos. Nos mitins e banquetes que con frecuencia organizaban —en certo modo, como substitutivos de reunións formais da propia institución—, a nómina de participantes era moi elevada pero, sobre todo, había nomes que as referencias de prensa salientan constantemente e que, en cambio, non aparecen nesta documentación interna do Consello de Galiza. Por iso, cómpre chamar a atención tamén sobre os nomes que non figuran nesta Comisión pro-Consello. E entre eles hai algúns ben significativos, que encontramos, por exemplo, no banquete que convoca Puente para celebrar a fundación do Consello. Ademais do anfitrión, fundadores do Consello e membros da «Comisión de Facenda», aparecen como comensais R. Rey Baltar e J. R. Vázquez, vinculados á Irmandade Galega; os presidentes do Centro Galego e dos centros provinciais; G. Sánchez Guisande, frecuente orador naqueles banquetes; Francisco Regueira, director d' *A Nosa Terra* —de quen se desfaría en eloxios Otero Pedrayo no seu libro *Polos vieiros da saudade*—; ou Xosé Núñez Búa, residente en La Plata, pero moi activo nos medios societarios e políticos porteños. Isto permite supoñer que o apoio ao Consello de Galiza entre a colectividade debía ser moito máis sólido do que dá a entender este reducido número de contribuíntes. En todo caso, a distinción entre o propio Consello e esta Comisión de Facenda foi mantida por M. Puente como un sinal de identidade da institución fundada por Castelao. Así o sostiña no discurso pronunciado en decembro de 1948, no «xantar patriótico» ofrecido por Castelao «aos que enoutecen o nome da nosa Terra», no que seguen a figurar os mesmos fundadores, coa excepción de Daniel Calzado:

Como presidente da Comisión de Facenda está autorizado para decir que endexamais o Consello [de Galiza] recibeu diñeiro. A Comisión é a única que o manexa e a que finanza os proieitos que o Consello somete á súa aprobación. Deste xeito, o Consello de Galiza é dunha pureza e dunha diñidade que pode servir de exemplo a todos [...]. Agradeceu aos seus compañeiros de Comisión a axuda valiosa que prestan á causa galega, nomeándoos para que sexan coñecidos e alabados. (ANT, 466, dec. 1948)

Cadro 1. Membros da Comisión de Contribuíntes pro-Consello de Galiza (1944-1950) (valores en pesos arxentinos)

Nome	Cota anual
Manuel Puente (Presidente da Comisión)	1200
José B. Abraira (Secretario)	120
Antonio Alonso Pérez (Tesoureiro)	240
Jesús Porto (Pro Tesoureiro)	600
Perfecto López	600
José María Cascallar	600
Claudio Fernández	600
Rodolfo Prada	300
José S. Rodríguez	240
Faustino Iglesias	120
Daniel Calzado (*)	240
Alfredo Magdalena	120
Total ingresos regulares anuais	4980
Ingresos extraordinarios (1947), de seis centros societarios (Federación, Centros Coruñés, Lucense, Orensano, Pontevedrés, Corcubión	150 pesos
(*) Deixa de cotizar en xuño de 1946	

Fonte: *Consello de Galiza. Comisión de Contribuíntes pro-Consello de Galiza*. Arquivo do Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, fols. 100-121. Elaboración propia.

Esta Comisión, con algunhas alteracións menores, mantense estable ata o ano 1959, cando ten lugar unha profunda reorganización do Consello, que supón o abandono de parte do núcleo duro formado en tempos de Castelao: Puente, Prada, Abraira, aínda que continúan dous dos fundadores, Alonso Ríos e Suárez Picallo, ademais doutros membros de primeira hora, como Antón Alonso Pérez.

As cantidades pagadas por cada contribuínte mantéñense nominalmente fixas ata 1954, aínda que a desvalorización monetaria comezou a ser importante a partir de 1948-1949, cando pasou o valor en dólares de 4,20 pesos (xaneiro de 1945 a 1948) a 15,20 en 1950. De acordo coas informacións impresionistas que o viaxeiro Otero Pedrayo lle dá á súa nai durante a estadía en Bos Aires nos meses de xullo e agosto de 1947, o peso arxentino valía tres pesetas españolas e a estadía completa no hotel tiña o prezo de 62 pesos, que eran 180 pesetas «al cambio oficial», e engade que «la comida es un poco más barata que en España» (Otero Pedrayo 2007). Como termo de comparación, podería dicirse que os membros da sociedade Legionarios Civiles de Franco, fundada en 1937 en Bos Aires, tiñan como cota cantidades «cercanas a los cien pesos» e que algún dos próceres máis entusiastas entregaba quíntos pesos (Velasco-Martínez 2015: 79, 91). En todo caso, esta contribución económica —que anualmente apenas chegaba aos mil dólares— non permitía facer moitos gastos, como imos ver decontado. En comparación cos recursos que tiveron as diversas institucións do exilio (SERE ou JARE, así como Comité Técnico de Ayuda a los Republicanos Españoles [CTARE]) ou os gobernos plenamente constituídos (o vasco e o republicano), os diñeiros do Consello de Galiza tiñan un montante verdadeiramente liliputiense (Herrerín 2007). A distribución dos fondos económicos polo goberno Giral a partidos, ministros e gobernos autónomos foi un dos seus grandes cabalos de batalla. Pero alén das retesías por este motivo, abonde saber que aquel goberno propuxo, nunha sesión á que asistiu Castelao, contada por Irujo a Pi (carta do 9.10.1946), a partida de «un millón de francos mensuales» para os gobernos catalán e vasco e as súas delegacións, o que segundo os cálculos de Irujo debería supoñer uns 40 000 «pesos mejicanos o dólares que es lo mismo» (FCPiS, ca. 11, carp. 351). Non consta ningún ingreso desta procedencia nos documentos do Consello de Galiza.

O capítulo de gastos desta Comisión é o que revela máis claramente o tipo de actividades desenvolvidas polo Consello de Galiza. A contabilidade non é moi elaborada e presenta mesmo algúns datos algo confusos. Tampouco se rexistran datos de forma sistemática e minguan fortemente a partir de finais do ano 1947, o que se corresponde co retorno de Castelao de París e co devalo político da estratexia de Galeuzca. Alén diso, aparecen de cando en vez aboamentos a membros da Comisión que deben corresponder ao que hoxe chamamos «gastos que xustificar», así como cantidades menores que non son periódicas nin moi eleva-

das. Identificamos, non obstante, dez rubros nos que estes gastos teñen mención expresa da súa finalidade, o que permite advertir que no conxunto deste cinco anos sobrancean os gastos salariais; os relativos ás delegacións do Consello en Santiago de Chile, México, Montevideo ou, aparentemente, dos galeguistas do interior (F. Fernández del Riego); unha subvención periódica á revista *Galeuzca*; gastos debidos a cablegramas e algunha conferencia telefónica con Castelao cando estaba en París, alén doutros gastos de orde persoal. O propio Castelao recoñecería, de forma un pouco excesiva, que «cartas aéreas e cablegramas» eran a ruína das finanzas do Consello (Castelao 2000: 597).

Cadro 2. Principais gastos da Comisión pro-Consello de Galiza (1945-1949)
(valores en pesos arxentinos)

Concepto	Cantidade
Salarios de Vázquez (15.11.44 a 15.7.45)	1.225
Salarios de G. Frieiro (feb.-set.1949)	400
Delegacións de México, Montevideo e Chile	1.478
Pagos a Fernández del Riego (Galicia)	975
Pago a Alfredo Somoza, deputado (1948)	1.866
Revista Galeuzca (seis pagos bimensuais)	1.355
Radiólogo Plácido Fernández (1949)	1.000
Cablegramas e conferencias	1.384
Premio «Consello de Galiza» (Colombia)	200
Viaxes a Montevideo	343
Floristería Rex	235
Libros (<i>Cruces e Estampas</i>)	103
Imprentas	78
Total (parcial)	10.642

Fonte: *Consello de Galiza. Comisión de Contribuíntes pro-Consello de Galiza*. Arquivo do Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, fols. 100-121. Elaboración propia.

Esta relación de gastos non se corresponde cos ingresos que, de se realizar todos de modo regular, deberían elevarse, no período 1945 a 1949, a un total de 24 810 pesos, o que significaría que o importe destes gastos identificados suporía apenas o 43 % do total de ingresos teoricamente producidos. Con todo,

non importa tanto ese desfasamento contable como saber a natureza dos gastos ocasionados. Un dos gastos máis indicativos da actividade política do Consello son os máis de cincuenta cablegramas, ademais dalgunha conferencia telefónica, que cobren basicamente os anos 1945 a 1947. Alén dos gastos de natureza propiamente administrativa, destinados a manter informadas as delegacións de México, Montevideo ou Santiago de Chile, hai anotacións de cablegramas enviados á Habana, Nova York ou Río de Xaneiro que mostran a rede de contactos que estaba a tecer o Consello de Galiza e, directamente, o propio Castelao. Tamén se mencionan cablegramas a líderes políticos (Aguirre, Tarradellas, Irujo, Martínez Barrio, Giral...) ou ao propio Castelao durante a súa estada en París. A partir do retorno, a actividade decrece case totalmente. Non se mencionan gastos relativos ás viaxes dos deputados do Consello de Galiza ás Cortes celebradas en México en novembro de 1945 nin á viaxe a París do ministro Castelao, aínda que estes gastos xa deberon ser sufragados polas finanzas da República.

CASTELAO, MINISTRO

Así titulaba en primeira plana o xornal *A Nosa Terra* (445, marzo 1946) a noticia de que Castelao fora nomeado ministro polo presidente José Giral, acompañada dos textos literais dos telegramas cruzados entre ambos, nos días 22 e 23 de marzo daquel ano. O entusiasmo que este nomeamento provocou nos medios políticos e societarios riopratenses foi enorme. Sucedéronse unha serie de homenaxes e banquetes de despedida, así como un agasallo ben simbólico: a entrega dunha bandeira de Galicia (coñecida logo como do Consello de Galiza), por iniciativa das delegacións de Chile, Mendoza, Montevideo e Rosario, que constitúe un dos fitos simbolicamente máis importantes daquel proceso de exaltación do Consello de Galiza e, sobre todo, do presidente Castelao. O novo ministro foi obxecto dunha «emocionada despedida» no porto bonaerense, pero o máis importante é a interpretación que os galeguistas porteños efectúan desta incorporación ao goberno da República: despois de centos de ministros galegos, «por ves primeira, a nosa Terra está representada no Goberno Hespañol», condición que se debía, na opinión do editorialista do voceiro da Irmandade Galega de Bos Aires, á esixencia das «forzas democráticas que en Galiza traballan barilmentes [...] de acordo coa

Alianza Democrática organizada en toda Hespaña» (ANT, 449, xullo 1945, p. 1). Era un triunfo de Castelao, dos grupos nacionalistas vascos e cataláns e, como suxire esta nota, tamén da oposición interior, parcialmente inspirada na estratexia galeuzcana. Isto lévanos a analizar tres aspectos dos acontecementos que se producen desde agosto de 1945 ata a primavera de 1947: a) a constitución do primeiro goberno do exilio republicano español, presidido por Giral; b) o labor desenvolvido polos grupos do interior e, para o noso caso, polos galeguistas aliados cos nacionalistas vascos e cataláns, así como coa ANFD, e c) a presenza de Castelao en París como ministro e as razóns do seu abandono do goberno Giral, entrada e saída que son expresión da fortaleza e da fractura da estratexia de Galeuzca como unha alternativa viable para derrubar o réxime de Franco.

Sobre o primeiro punto, é preciso ter en conta que o goberno Giral, formado en agosto de 1945, foi o resultado de longas negociacións entre os principais líderes do exilio, primeiro para resolver a presidencia da República e, logo, para cumprir o encargo de formar goberno que, malia todas estas dificultades, puido ser considerado como «gobierno de la esperanza» (Tusell 2012: 145 e ss.). Era un goberno de maioría republicana, pero con vocación de integración da pluralidade de partidos e sindicatos que seguían activos no exilio, coa novidade de que incorporaba dous ministros que representaban partidos e gobernos autónomos (Santaló, de Esquerza, e Irujo, do PNV). Aquí foi onde se fixo patente a debilidadade do Consello de Galiza, que non logrou entrar naquel goberno republicano, porque nin o pacto Galeuzca estaba asinado oficialmente nin o galeguismo tiña capacidade de manobra suficiente para actuar nos medios políticos de México. Houbo, certamente, queixas pola ausencia dun ministro galego naquel goberno pois, a xuízo do voceiro da Irmandade galega de Bos Aires, «a tramitación da crise foi conducida pola inercia de moi vellas costumes», sinalando que, se en 1931 había un ministro galego no goberno provisorio (Casares Quiroga, da ORGA), «con mais razón debía telo agora» que «xurdeu o feito político de Galiza cunha puxanza extraordinaria» (ANT, 441, set. 1945). A posición da prensa galeguista de Bos Aires foi moi crítica cun goberno que, en opinión d' *El Orensano*, era un «gabinete aceptable para 1930, pero no para 1945» («Galicia y el gobierno español en Méjico», 22.9.1945).

A composición do goberno Giral deixou fóra, alén dos galegos, a fracción socialista «negrinista» e os comunistas. Malia estas ausencias, o goberno Giral

combinaba dunha forma algo alambicada a estratexia republicana procedente da JEL coas demandas galeuzcanas, contando coa inesperada presenza como ministros de figuras como Irujo, quen diría anos máis tarde que «no veía claro aquello (las brumas de Londres)» e que votou en contra nos debates internos do seu partido pero, como lle acontecera en 1936, «resulté nuevamente designado ministro», cargo que obviamente aceptou daquela como fixera antes (Jiménez de Aberasturi 1999: 655). Parece evidente que a estratexia de Aguirre era manter unha estreita alianza coas institucións republicanas españolas, das que, anos antes, tanto renegaba. A posición do galeguismo era, en troques, moito máis crítica coa natureza política daquel goberno no exilio, que en parte esquecía o feito substancial da derrota bélica e do exilio: «Es necesario convertir la guerra civil española en un auténtica Revolución, así con mayúscula», diríase nas páxinas d' *El Orensano* (22.9.1845).

O galeguismo autonomista tivo que seguir un camiño algo máis tortuoso, pero finalmente chegaría a formar parte daquel goberno. As presións a favor da integración dun ministro galego volveron aparecer con ocasión da reunión das Cortes en México (7 a 9 de novembro de 1945). Telegramas procedentes de entidades galegas de Montevideo ou Santiago de Chile, dirixidos a Giral, solicitaban «reconocimiento derechos, aprobación Estatuto gallego y participación Galicia gobierno de la República» (FUE, PCM, carp. 38-2). O contencioso galego tiña, non obstante, un obstáculo previo que foi moi debatido naquelas sesións parlamentarias: o nomeamento da Comisión de Estatutos, dado que o texto galego estaba, desde as Cortes celebradas en Montserrat, nun «limbo parlamentario». Esta cuestión concedeu gran protagonismo aos deputados do Consello de Galiza, que acudiron desde América do Sur, dous pola ruta do Atlántico (Castelao e Villaverde) e os outros dous pola ruta do Pacífico (Alonso Ríos e Picallo), nun periplo que aproveitaron para facer escalas e promover actos de propaganda en cidades como Río de Xaneiro, Bahía, Caracas, A Habana, Nova York e Santiago de Chile, ademais de Perú e Panamá, segundo o relato do propio Castelao (Castro 2000: 218). Nos debates parlamentarios, Castelao defendeu a «adhesión dos deputados galegos» ao goberno Giral e, obviamente, a creación da Comisión de Estatutos, á que logrou que se incorporasen mesmo republicanos, socialistas «negrinistas» (Edmundo Lorenzo) e centristas (Fernández Mato), alén dos nacionalistas vascos e cataláns. Foi unha loita máis polo «fuero» que polo «huevo»,

dado que o Estatuto galego non podía ter aplicación práctica de non retornar a España as institucións do exilio, pero axudou a reforzar a posición do Consello de Galiza no contexto das institucións republicanas agora restauradas.

Estas institucións, con sede na cidade de México DF, non podían desenvolver eficazmente os seus obxectivos de lograr un recoñecemento diplomático internacional e achegarse á oposición interior que estaba a traballar en España. O cerco ao réxime de Franco, alén do tépedo apoio da ONU e das democracias occidentais, non era suficiente para derrubar o réxime do xeneral Franco. Comezou a debaterse daquela a viabilidade do lexitimismo republicano, xa na sesión de novembro das Cortes de México, por parte dunha figura que acadaría un enorme protagonismo nestes anos, malia non formar parte do goberno, que era Indalecio Prieto (Tusell 2012: 151 e ss.; Sánchez Cervelló 2011: 61 e ss.). A posición de Prieto, favorable á fórmula dun plebiscito —o que supoñía non acreditar na posibilidade de que o goberno Giral recuperase directamente o poder en España—, era unha fenda aberta no edificio das institucións republicanas e, de paso, abría a posibilidade de entenderse cos monárquicos e con sectores de interior, como os militares. Este debate sobre as limitacións da República para implantar en España un réxime democrático tamén foi asumido pola oposición interior, representada pola ANFD, na que participaban activamente os nacionalistas vascos e galegos, o que nos conduce ao asunto particular da relación de Castelao e do Consello de Galiza cos galeguistas do interior. Eles foron tamén decisivos nas negociacións para incorporar a Castelao ao goberno Giral.

As relacións cos galeguistas do interior, despois dun primeiro contacto de Ramón Piñeiro con Castelao cara ao ano 1943 (Castro 2000: 77), mantivéronse fluídas desde finais de 1944 ata a primavera de 1946, con intercambio de informes e posicións políticas que comezaron con grande entusiasmo pero que se foron arrefriando co paso do tempo, a medida que a oposición interior trazaba con maior precisión a súa estratexia política e lograba acordos non só cos vascos e cataláns, senón tamén con republicanos e anarquistas, a través da ANFD. Malia algúns desacordos xa patentes desde os primeiros meses do ano 1945 (Castro 2000: 143-144; Beramendi 2011: 365), a contribución do interior foi decisiva para a entrada de Castelao no goberno republicano, despois da viaxe de Ramón Piñeiro a Francia en febreiro-marzo de 1946, que, desde logo, non é merecente de ningunha «desmitificación», como se argumentou de forma pouco consistente

(Gómez Rivas 1995: 11-17). A partir deste momento, alén do episodio da detención e encarceramento de Piñeiro, a distancia entre as posicións políticas defendidas por Castelao e o grupo do interior foi aumentando ata chegar a unha ruptura que non se faría explícita ata uns anos máis tarde. A evolución das posicións duns e doutros mostra claramente que o interior dispuña dunha información sobre a política de oposición ao franquismo moito máis precisa —devida, en gran parte, á proximidade cos nacionalistas vascos do interior— que a que manexaba o grupo de Castelao en Bos Aires. Un exemplo desta boa información é o informe sobre a «xuntanza das Cortes en México», datado o 15 de novembro de 1945, no que se percibe con precisión a gravidade da intervención de Indalecio Prieto naquela sesión parlamentaria (8 de novembro), que «estivo a punto de derrubar o Goberno Giral» (Castro 2000: 213). O único correspondente desde América era Castelao (e, de forma indirecta, Prada), mentres que desde Galicia escriben informes ou cartas Ramón Piñeiro e, por veces, F. Fernández del Riego ou Fermín Penzol, despois do encarceramento de Piñeiro.

Esta diverxencia entre exilio e interior foi moito máis explícita no caso galego que no resto das nacións galeuzcanas, que dispuxeron desde a liberación de Francia de núcleos moi organizados tanto en Iparralde (con sede en San Juan de Luz) como no Rosellón (con sede en Perpignan), na beiriña da fronteira pirenaica. Ademais, desde principios de 1945, os vascos tamén tiveron unha forte presenza en París, onde, como comprobará Castelao, apenas había persoas galegas de confianza ás que poder acudir, como lle acontecería con Xoán X. Plá. Infelizmente, os galeguistas estaban separados por unha fronteira case impermeable como era a portuguesa, todo un océano por medio e unha residencia a dez mil quilómetros de distancia con excesiva dependencia dos núcleos de emigrados. E por se estas diferenzas non fosen xa importantes, tivo unha gran relevancia a desigual estrutura organizativa dos galeguistas porteños e os do interior. Os primeiros transformaran desde 1941 a delegación do Partido Galeguista nunha Irmandade Galega, coa esperanza de incorporar a esta o sector da Sociedade Nazionalista Pondal, o que lograron só a medias, mentres que se afastaban do resto dos republicanos moderados e dos socialistas e comunistas. A liquidación do Partido Galeguista comezou en América. Pola contra, no interior foi reconstituído entre 1943 e 1944 o vello Partido Galeguista, dotado dunha nova directiva na que dous antigos militantes das Mocidades Galeguistas (Piñeiro e Fernández del Riego) se converteron

nos dirixentes máis activos. Fronte ao entusiasmo nacionalista de Castelao, os do interior amosaranse moito máis cautelosos e conscientes da conciencia política existente en Galicia, menor que en Euskadi e Cataluña, o que explica a súa estratexia de privilexiar a incorporación do galeguismo a plataformas políticas amplas e non limitarse unicamente ás posicións de Galeuzca.

A disputa entre o exilio e o interior tivo o seu eixe arredor de dous aspectos centrais. O primeiro era a diagnose sobre o futuro político de España. O segundo, as alianzas e os instrumentos necesarios para actuar naquela dirección. Canto ao primeiro, comezan a xurdir desde 1945 disensións ao redor do *cleavage* que viña marcando a liña política do exilio galeuzcano: legalismo ou autodeterminismo, como xa vimos na tortuosa evolución do pacto Galeuzca. Este debate agochaba unha cuestión esencial: se debería respectarse a legalidade procedente da Constitución republicana de 1931 e dos estatutos aprobados baixo o seu amparo ou, pola contra, se debía darse por morta a II República e ir cara a un novo réxime republicano, de carácter federal pero, sobre todo, resultado da existencia de catro «soberanías políticas», como sostíña Castelao nunha carta ao Partido Galeguista en decembro de 1944: «Soberanía nacional, si; pero onde hai varias nacionalidades, como en Hespaña, debe haber varias soberanías» (Castelao 2000: 478). A resposta do interior foise matizando en sucesivos informes dirixidos a Castelao ou ao Consello de Galiza, pero insistindo en que «a solución legal do noso problema» é lograr que o Estatuto de 1936 sexa aprobado polas Cortes republicanas e non fiar o futuro a unha hipotética solución rupturista, dado que «unha postura maisimalista non sería secundada hoxe pol-a opinión galega e levaríanos a un isolamento ausoluto e ineficaz» (Castro 2000: 146). Do que se trataba, a xuízo dos galeguistas do interior, era de vincular a sorte «dos nosos pobos» á política xeral republicana, o que na práctica supoñía aceptar a posición do *lehendakari* Aguirre. Aínda non se abrira paso, pero xa se albiscaba no horizonte a alternativa monárquica que se faría patente poucos meses máis tarde.

Canto ao segundo problema, as diverxencias tamén foron claras desde principios de 1945. Tratábase de avaliar a lexitimidade política do Consello de Galiza e saber quen representaba a quen. Nun primeiro momento, Castelao entendía que ía haber unha fluidez total nesas relacións e que non cabía facer distincións neste asunto, propoñendo que se debería constituír no interior un Consello de Galiza composto por persoas preparadas «para tomaren as rendas do goberno da

nosa Terra no intre preciso, que será aquel no que se derrube a ditadura», pero advertindo que non se pensase que os exiliados aspiraban a chegar á festa coa mesa posta, senón que recoñecía aparentemente a primacía do interior: «Non se trata de que vós sexades os nosos representantes, senón ao contrario: nós somos eiquí os que vos representan a vós», proclamaba na misiva dirixida aos do interior aos poucos días de se constituír o Consello de Galiza (Castelao 2000: 483-486). Porén, esta idea foi rexeitada desde o interior ao pouco tempo porque «cambiaron algunhas das circunstancias». Dunha banda, non compartían que, dada a súa composición política «tan limitadísima», o Consello de Galiza puidese representar cabalmente a política galega e, por tanto, acaban por non seguir os criterios de Castelao de crear no interior unha delegación da institución aparecida en Montevideo. E tampouco concordan co feito de que o Consello de Galiza, se aspira a estar presente de forma eficaz na política republicana, permaneza en Bos Aires, senón que debe trasladarse a Francia e proceder á súa reorganización, «dándolle a amplitude representativa precisa para asegurar a unidade política galega», segundo asegura un informe do Partido Galeguista titulado expresamente «Comentario aos temas que vós tratades», de abril de 1945 (Castro 2000: 169 e ss.). Esta concentración política en Francia foi a decisión que acabaron tomando a fins de 1945 institucións e dirixentes do exilio, desde o goberno Giral ata o goberno vasco, e mesmo algúns dirixentes cataláns (Pi i Sunyer, Santaló) ou comunistas (Carrillo). Os únicos que carecían de acubillo en Francia eran xustamente os galeguistas, onde os poucos exiliados galegos recoñecidos (Casares Quiroga, Martínez-Risco, Alvajar, Núñez...) eran republicanos pouco adeptos ao Partido Galeguista. E, doutra banda, os galeguistas do interior tampouco confiaban na estratexia de Galeuzca, que entendían que estaba virtualmente bloqueada polas decisións de Aguirre e do propio Pi i Sunyer, que, por razóns diferentes, non asinaron o pacto, de modo que aquela alianza non representaba pobos senón «grupos de opinión», salvo no caso vasco, que está presente un representante do seu goberno.

Con independencia deste progresivo afastamento entre o exilio porteño e os galeguistas do interior, o certo é que a actividade política desenvolvida por estes durante os anos 1945 e 1946 foi moi intensa, nomeadamente grazas ás actuacións de Ramón Piñeiro no seo da ANFD, tanto dentro da península como durante a súa misión en Francia, na que foi actor decisivo para o nomeamento de Castelao como ministro do goberno Giral. O protagonismo de Piñeiro na

ANFD é, en principio, un motivo de orgullo para o propio Castelao, que se ilusiona coa posibilidade de que o galeguismo lidere toda a oposición interior. Non era para tanto, pero o certo era que nacionalistas vascos e galegos desempeñaron, xunto aos anarquistas, un papel moi relevante no deseño da estratexia interior na segunda metade do ano 1945 e primeiros meses de 1946. A plataforma da ANFD, fundada en outubro de 1944, malia recoñecer a importancia do exilio, fundou a súa liña política na elaboración dunha alternativa propia para derrubar a Franco, que supoñía a integración de sectores ben diversos do interior (republicanos, socialistas e cenetistas), pero sen aceptar de forma plena as reivindicacións de Galeuzca, presentadas en reunións celebradas en xaneiro de 1946 por Rezola, Piñeiro e un nacionalista catalán que «no intervinio mucho» (Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: II, 145 e ss.). A integración de Galeuzca no seo da ANFD non chegou a se producir, debido ás reticencias que provocaba a demanda galeuzcana de obter un recoñecemento constitucional específico na eventual reconquista do poder en España polos republicanos. A posición da ANFD contiña, pola contra, algunhas propostas de profundo calado político, como era a súa apertura a manter conversas cos sectores moderados do réxime franquista (monárquicos e militares) e a convicción de que para derrubar a Franco e asentir un réxime democrático en España era preciso non só que retornasen as institucións republicanas do exilio, senón tamén unha decidida acción interior (Tusell 2012: 101-105). Nesta posición política estaban xa naquela altura algúns dos galeuzcanos que participaban nas conversas coa ANFD, así como o catalanista Pous i Pagés, que, aínda recoñecendo a importancia da Generalitat, rexeitaba ser «una mera corretja de transmissió de consignes i estratègies pensades i dirigides des de l'exili» (Santacana 2014: 46-50). E, a xulgar polo testemuño do anarquista galego J. García Durán, escrito dez anos máis tarde, tamén a CNT estaba a favor desta hexemonía do interior: «O goberno [republicano do exilio] menosprezou ou polo menos subestimou a forza do interior [...] e é en España onde ten que xogarse a carta que acabe coa situación» (García Durán 2001: 151). A diverxencia entre as posicións políticas do exilio e as do interior é unha constante, debida en boa medida ao paternalismo con que se miraba desde fóra as accións de resistencia e de oposición trazadas no interior, con máis valor se cabe debido á forte onda represiva do réxime de Franco, que decimou organizacións como a Esquerra catalá ou a CNT. De feito, o apoxeo de deten-

cións políticas en España, segundo estatísticas oficiais da Dirección General de Seguidad, prodúcese nos anos 1946-47 (Herrerín 2004: 155).

Na aproximación entre o goberno Giral e a oposición interior —non comunista— deben entenderse as negociacións que desembocaron no nomeamento de Castelao como ministro, no que converxeron forzas ben diversas, pero sobre todo procedentes do ámbito de Galeuzca. A presión a favor da incorporación dun representante galego no primeiro goberno Giral foi constante desde mediados de 1945, porque esta era a forma de consolidar institucionalmente o autonomismo galego. Xa Castelao nunha carta a López Durá de agosto daquel ano, ademais de lle dar a coñecer o texto literal enviado ao *lehendakari* Aguirre, no que lle confiaba a representación do Consello de Galiza, admite que o esencial «é conquistar un posto e despois virá a persoa que o debe ocupar». Esa persoa, no sentir de Castelao, apuntaba a que fose Portela Valladares, a quen piadosamente salvaba, pois estaba «por fortuna adherido ao Consello de Galiza» (Castelao 2000: 550). A alternativa a favor de Portela gozaba de certo apoio dos dirixentes vascos e tamén sería defendida polo Bloque Republicán Nazonal Galego (BRNG), presidido formalmente polo propio Portela, no que participaban republicanos (Casares Quiroga, Risco, Núñez e Alvajar), algún socialista, o galeguista Plá e dous comunistas, entre eles Enrique Líster, que era o seu principal aval, presentándose esta plataforma como unha alternativa ao Consello de Galiza (Gómez Rivas 2006: 295-297). O propio Castelao admitía nun informe remitido aos galeguistas do interior que poderían aceptar a Portela «sempre que o nomeamento fose indicado por nós». Isto sucedía antes de viaxar ás sesións de Cortes celebradas en México en novembro de 1945, pois con motivo desta viaxe Castelao amósase contraditorio. Por veces reivindica que o ministro galego debe ser o presidente do Consello de Galiza ou, de non ser o caso, debería actuar a solidariedade mutua dos membros de Galeuzca de entraren no goberno todos ou ningún, mentres que, noutra ocasión, alega no seu descargo que «eu defenderíame todo canto poidera para non ser eu quen o ocupase» [o ministerio]. Pero chegado o momento de que Giral fixese unha proposta, recoñece Castelao que «a verdade é que non fomos invitados a integrar o Goberno nin se nos dixo que tiñamos un posto reservado, tal e como afirmou [Julio] Jáuregui nos seus telegramas» (Castro 2000: 213-266). A cuestión pendía do apoio dos vascos Aguirre e Irujo cando tivese lugar unha posible reorganización do goberno, pero as opcións do Consello de Galiza e de Castelao aínda estaban no aire. E foi neste con-

texto cando coa axuda material e política dos vascos, e «nun xesto patriótico» que moito entusiasinou a Castelao, Piñeiro cruza os Pireneos nun frío día de febreiro de 1946 para levar a cabo negociacións co goberno Giral en nome dos galeguistas do interior, arroupado pola ANFD e pola presenza case coetánea en París do seu amigo o anarquista galego Juan García Durán (daquela, secretario da ANFD). Esta peripecia foi contada por ambos nas súas acordanzas ou memorias, coincidindo a versión dos dous en que foi determinante a axuda material que lles prestaron os exiliados vascos, non só no paso da fronteira, senón sufragando as súas viaxes ata París (Piñeiro 2002; García Durán 2001).

As negociacións en París teñen diferentes versións e un final algo inesperado, que foi a incorporación de Castelao ao goberno Giral e o retorno á península de Piñeiro. Pero, en substancia, o obxectivo que levaba Piñeiro foi logrado finalmente ao ser nomeado Castelao como ministro, sen carteira, para o que era preciso asegurarse o apoio directo de vascos e cataláns co obxectivo de vencer as reticencias do presidente Giral. Sobre a actitude dos nacionalistas vascos había naquela altura percepcións diversas. O propio Castelao quíxase, nun informe dirixido aos galeguistas do interior asinado o 31 de marzo do 1946, de que en México «Aguire e Irujo se esqueceran do tratado con eles. Moita amizade, moito agarimo, pero até o de hoxe aínda ninguén se xogou por nós» (Castro 2000: 299), pero tamén é claro que, sen o apoio de Manuel de Irujo e de Josep Tarradellas, a candidatura de Castelao podería non saír adiante. Por parte catalá, nunha circular escrita por Tarradellas en abril de 1946, considérase un «éxit de la política catalana la inclusión en el Govern republicá del senyor Castelao, representant dels nacionalistes gallecs» (Tarradellas 2014: 121). E, por parte vasca, sabemos que Piñeiro, nas reunións organizadas entre ministros de Giral e representantes da ANFD, apareceu nelas como «delegado gallego» e tamén como amigo do ministro anarquista Leiva e do tamén anarquista Luque, un dos fundadores da ANFD. Pero esas mesmas fontes deixan caer severas críticas sobre o comportamento do lancaño e o duplo xogo que, segundo eles, estaba a levar, pois, de non aceptar Giral o nome de Castelao, «debería pedirse nombre al interior», o que os negociadores interpretaron como unha «autopresentación como mejor alternativa en el puesto del ministro galleguista» (Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: 149). Fose ou non deste modo, o certo é que Castelao foi finalmente nomeado ministro, queixándose Irujo de que, astutamente, Piñeiro se adiantara a anunciar a noticia a Castelao, o que non

parece ser unha deslealdade grave, polo menos co propio correligionario, quen considerou «a chegada de Santiago [Piñeiro] a París cousa providencial, pois de non ir el cicáis non lograríamos o que con tanta xustiza pretendíamos» (Castro 2000: 302). De feito, nunha entrevista de Castelao publicada no xornal porteño *Opinión Gallega* (13.4.1946), á pregunta de se a súa entrada no goberno Giral fora unha «imposición de la resistencia interior», a resposta é contundente: «El gran movimiento de resistencia que actualmente existe en el interior, me impuso para integrar el gabinete», desfacéndose en eloxios —que moi logo perderían intensidade— sobre «esos bravos luchadores» do interior. Todo isto explica que a entrada de Castelao no goberno republicano fose saudada como un grande éxito tanto no interior como en América, e incluso por parte de dirixentes de organizacións políticas e sindicais residentes en México (desde a UGT ata o PSOE e o PCE). Algúns deles, antes moi reticentes coa fundación do Consello de Galiza, asinan un entusiasta manifesto dirixido ao presidente Giral para congratularse da presenza de Castelao no goberno, «en quien vemos los gallegos republicanos exiliados —en feliz coincidencia con las fuerzas republicanas organizadas en el interior, cuyos deseos le fueron transmitidos a V.E. en París— al fiel representante de nuestros ideales comunes de República y Autonomía» (ANT, 451, set. 1946, p. 1). Era o corolario a tantas ducias de cablegramas que desde o outono de 1945 remitiran ao goberno Giral as organizacións societarias galegas de América. En suma, a entrada de Castelao no goberno Giral supoñía un triunfo das teses de Galeuzca e, mesmo, do Consello de Galiza fronte ao BRNG de Lister e Plá e, por outra banda, era unha evidente confirmación do papel que o interior estaba a desempeñar na política de oposición ao franquismo.

A presenza de Castelao no goberno Giral tivo pouca duración e careceu, asemade, de trazos políticos específicos, salvo nas súas privilexiadas relacións cos membros de Galeuzca e, mesmo, con exiliados portugueses, como o ex-primeiro ministro Domingues dos Santos. Unha das teimas de Castelao, que estaba «muy preocupado con estos problemas», asegura Irujo en novembro de 1946, era asegurar a continuidade da revista *Iberia*, impulsada inicialmente polo político portugués, porque podía supoñer unha aposta máis peninsular que a fenecida *Galeuzca*, que atopaba moitas resistencias entre «los republicanos españoles que todavía son hijos espirituales de los godos», segundo Irujo (FI, 12399.pdf, cartas a Aguirre, 31.10.1946 e 28.11.1946). Nesta proposta atopou unha grande axuda en Irujo,

que mesmo tentou convencer ao *lehendakari* Aguirre para que a financiase, se non totalmente, polo menos de forma parcial aquela publicación. O custo estimado por Irujo, nunha carta a Aguirre do 6 de xaneiro de 1947, sería de medio millón de francos franceses (isto é, uns vinte mil dólares), o que aseguraría a publicación durante seis meses, proposta que non prosperou (FI, 12399.pdf). As iniciativas máis relevantes de Castelao son, pois, aquelas que tenden a reforzar ou visuar a alianza de Galeuzca, como foi a idea de que o ministro Barcia acudise a unha reunión da UNESCO acompañado por «los tres ministros catalán, gallego y vasco» ou a demanda constante de reunións dos ministros galeuzcanos para trazar políticas conxuntas no goberno Giral.

Respecto doutras iniciativas políticas, a actividade de Castelao deixou poucas pegadas. Polas noticias recollidas no voceiro galeguista *A Nosa Terra*, parece existir unha «segredaría en París» de apoio ao labor do ministro Castelao, extremo que o rianxeiro nega de forma tallante nunha carta a Prada. É probable, porén, que privado do concurso de X. Plá, lle prestase algunha axuda de modo informal César Alvajar, con quen Castelao chegou a ter trato durante a súa estadía na capital do Sena, o que parece prefigurar andanzas posteriores de Alvajar como representante en Europa do Consello de Galiza. En todo caso, as actividades desenvolvidas por Castelao e contadas naquel voceiro son moi escasas, reducíndose, en termos políticos, a reproducir a entrevista que, tras a súa chegada, lle fai Alvajar para o voceiro do goberno republicano, *La Nouvelle Espagne*, e, posteriormente, aos incidentes propiciados pola crise e caída do goberno Giral, no inverno de 1947, na que a posición política de Castelao foi, como logo veremos, tan firme como pouco realista. Alén diso, en París padeceu un «cólico hepático» que o tivo «retido no leito» durante case dous meses e foi tamén alí onde descubriu a doenza que o levaría á tumba, o que minguou claramente a súa acción política. Tampouco consta que mantivese relacións con outros galegos exiliados en París ou que botase man das estruturas administrativas do goberno republicano, nas que daquela estaba o seu amigo Lois Tobío, que fora nomeado polo goberno Giral, en outubro de 1946, «nuestro Delegado en Montevideo», posto desde o que podía coordinar os envíos («tanto en dinero como especie») destinados á «resistencia interior» (FUE-PCM, 39.1). De acordo coa visión que Irujo lle transmite ao *lehendakari* Aguirre, que debeu interesarse por Castelao, a resposta do navarro sobre a súa actitude persoal e política non pode ser máis clara:

[Castelao] está muy bien. Muy amable, muy amigo. Pero su táctica es la de no hacer, la de no malquistarse con nadie. En los Consejos calla. En relación con sus amigos gallegos de Francia, Madrid y Galicia, calla también. Agradece mucho nuestros ofrecimientos pero no los acepta. No escribe a nadie. (FI, 12399.pdf, carta do 20.11.1946)

A fraqueza da acción governativa de Castelao, que ademais era ministro sen carteira, podería explicarse por varias razóns. Primeiro, que a súa chegada a París se demorou case cinco meses a partir do nomeamento, dadas as dificultades para lograr un visado para entrar en Francia. El viaxou, na compañía do tamén ministro Augusto Barcia e do dirixente vasco José María Lasarte, no paquebote *Campaña* en xullo-agosto de 1946. Desde o propio barco escribiulle unha carta ao seu amigo Irujo chea de entusiasmo sobre a situación que deixaba na América, pero moi incerta sobre a situación política en París: «Nada sé de lo que ahí me espera» (Castelao 2000: 625). Tamén debilitou a acción de Castelao a súa soidade política, e persoal, na capital francesa, onde coñecía a moi pouca xente, agás algúns dirixentes políticos do exilio: «Aquí nos tienes en el viejo París, bastante entristecidos y talvez desengañados», confesáballe ao fillo de Prada a fins de setembro de 1946 (Castelao 2000: 626), mensaxe que reitera nas cartas que escribe polo Nadal daquel ano. Nunha longa carta que lle escribe a Rodolfo Prada, a modo de balance da súa estadía en París, insiste en se queixar da soidade política e mesmo afectiva que padece en París, onde só pode confiar (e non sempre) nos seus amigos vascos: «Os cataláns non saben que eu existo»; cos republicanos e socialistas non se leva, e con galegos como Manuel Martínez-Risco, asentado en París, non chega a se entrevistar nin privadamente, malia o trato que tiñan as súas esposas. Non estraña que Castelao lles conte aos seus correspondentes que naquel París que el coñecera e vivira en 1921, «ando en obscuridades absolutas», tanto físicas (era inverno) como morais e políticas.

Por outra banda, o artífice da súa entrada no goberno, que era Piñeiro, decidiu retornar a Madrid en marzo de 1946, onde ao pouco tempo foi detido, xunto aos irmáns galeguistas Saco, ao nacionalista vasco Koldo Mitxelena e ao anarquista García Durán, e condenado a unha pena de cárcere da que cumpriría máis de tres anos (Dasilva 2011). Os motivos para abandonar París, decisión que tamén tomou o seu amigo García Durán, nunca foron ben entendidos por Castelao, que botaba de menos a asistencia política de Piñeiro, sobre todo nos meses que

pasaron entre o nomeamento e a toma de posesión do cargo. Aínda que non está claramente argumentado na versión de Piñeiro, parece evidente que unha cousa era lograr a entrada dun galeguista no goberno republicano e outra compartir as posicións políticas dese goberno e, nomeadamente, do propio Castelao, que traía de América unha visión política moi intransixente, de «consustancialización» de Galicia coa República, moi propia da posición Galeuzca. Como xa vimos antes, a oposición interior estaba enfrascada nunha estratexia que supoñía criticar o inmovilismo do exilio, atado á defensa da República e pouco atenta á evolución da política internacional. Nun informe da CIA sobre «Statements of a Leader of the Partido Galleguista in Spain» do 2 de xaneiro de 1947, que é das poucas veces en que o nome de Castelao é mencionado nos arquivos da intelixencia norteamericana, aparece unha información que parece moi próxima ás posicións que mantiñan as fontes do PNV (e, parcialmente, tamén Piñeiro):

The party [Galeguista] in Spain was responsible to a great extent for the nomination of Alfonso Rodriguez Castelao, instead of a representative from the interior, as Galician Minister in the Spanish Republican Government-in-exile. The party was disappointed at Castelao's failure to advise the executive committee immediately after his arrival in France of his futur plans. The political secretary of the party went to France to urge his appointment and it was he who proposed Castelao for the post. Unfortunalety, this trip of the political secretary resulted in his ultimate arrest and that of two other leaders of the party. These men remain in the prison of Alcala de Henares (CIA-Report, <https://www.cia.gov/library/readingroom/document/cia-rdp82-00457r000200400006-3>)

Por curioso que pareza, estaban mellor informados algúns membros do interior, entre eles Piñeiro e nacionalistas vascos, que moitos exiliados. De feito, a estratexia dos vascos foi adaptativa, segundo a coñecida expresión de Jesús Leizaola de «tomar todos los tranvías», isto é, estar abertos á vía monárquica e a unha solución «legalista» de base estatutaria (Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: II, 144 e ss.). Esta baixa confianza dos galeguistas do interior na política do exilio, agravada polas disensións xa ben explícitas sobre a representatividade política do Consello de Galiza, explica o retorno de Piñeiro. E por se todo isto non fose suficiente, entrou polo medio unha figura controvertida («intrigante», «pleiteante», «fácil ao soborno» ou «moinante» son algúns dos epítetos que lle dedica Castelao),

que era o antigo militante do Partido Galeguista, agora conectado cos comunistas e informante (pagado) dos vascos, o viveirense Xoán X. Plá, a quen Piñeiro e os galeguistas do interior encargaron actuar de enlace ante o ministro Castelao. Das opinións e andainas en Francia de Plá, nos meses en que Castelao estivo en París, existe abondosa información recollida nas fontes vascas, parcialmente publicada (Garrido 2009; Núñez Seixas 2016). As relacións entre Castelao e Plá eran pésimas, cando menos desde a época de residentes en Barcelona, o que, pola contra, non cadra nada ben co piadoso silencio que se garda sobre a figura de Plá, que a documentación existente permite analizar en termos moito máis severos que ao propio Piñeiro. As queixas de Castelao sobre Plá foron constantes nas relacións epistolares que dirixe aos galeguistas do interior e aos seus amigos de Bos Aires. Despois de levar xa catro meses en Francia, sostíña Castelao que Plá «aínda non se puxo á fala connigo», aínda que consta a existencia dunha carta de Plá dirixida a Castelao (xaneiro de 1947) moi crítica coa persoa e coa liña política do ministro galego, que o debeu reafirmar nos seus prexuízos sobre a conduta do «delegado especial» do Partido Galeguista que nomeara Ramón Piñeiro na súa viaxe a Francia. A carta de Plá tivo, meses máis tarde, unha dura resposta de Castelao: «Eu non me nego a falar con vostede; pero estimo que vostede e mais eu nada temos que realizar en común xa que vostede non me asistiu cando podía serme necesario» (Castro 2000: 372 e ss.; Castelao 2000: 640). Estas queixas de Castelao sobre Plá, así como as que expresa sobre o retorno precipitado de Piñeiro a Madrid, son a mellor expresión dunha constante na biografía do líder galeguista, quen sempre procurou un apoio firme para a súa actividade política, desde Vicente Risco ou Paz-Andrade, ata Alexandre Bóveda ou Rodolfo Prada. En París, talvez máis que en ningures, precisaba dun asesoramento que os membros do Consello de Galiza non lle podían prestar, o que condenou a Castelao a vivir nunha sorte de orfandade que foi, sen dúbida, unha das claves do seu desacougo político e vital. Con todo, este desamparo non explica cabalmente o modo abrupto en que remata a súa etapa de ministro. Estaba a mudar a política do exilio e tamén as posicións das democracias occidentais, nomeadamente da Gran Bretaña. Tamén estaba ao axexo a logo chamada «Guerra Fría» entre os dous grandes bloques da xeopolítica mundial. Castelao era parcialmente consciente destas mudanzas, pero non foi quen de incorporalas á súa análise política.

A CRISE DO GOBERNO GIRAL E A SAÍDA DE CASTELAO

A posición de Castelao no goberno republicano caracterizouse por manter unha total fidelidade á tradición republicana e aos mandatos galeuzcanos, o que supuña un rexeitamento frontal das tácticas de Indalecio Prieto, moi contrarias de vello ás demandas estatutarias galegas, pero que, nesta altura, tendían a debilitar as institucións republicanas. Mais as posicións de Prieto non eran ocorrencias tácticas, pois atoparon aliados mesmo entre os outros membros da alianza Galeuzca ou en socialistas como Serra i Moret, que tanto protagonismo tivera en Bos Aires na reconstrución de Galeuzca. A crónica dos feitos daquel convulso ano 1946 e primeiros meses de 1947 é ben coñecida e pode resumirse no fracaso do «goberno da esperanza» ou no desencanto que denuncia un observador tan atento como «Gaziel», un 8 de xaneiro de 1948, cando dá conta no seu dietario da «triste farsa» xogada polas potencias occidentais respecto do réxime de Franco, «cuya víctima es la democracia española» (Gaziel 2005: 85-86). Unha vítima que tiña no seu reverso o feito evidente de que o franquismo es «hoy más firme que nunca». Algúns exiliados do exterior, desde París a México DF, tamén se decataron desta realidade. Pero antes de chegar a este final, cómpre reconstruír os fitos deste proceso, tendo como pauta a propia peripecia de Castelao e a posición de Galicia no contexto da estratexia de Galeuzca.

O presidente Giral desenvolveu durante a segunda metade do ano 1946 unha intensa actividade diplomática, nomeadamente ante as Nacións Unidas, que culminou coa resolución da ONU do 12 de decembro de 1946, na que recomendaba a exclusión da España franquista dos organismos internacionais, así como a ruptura de relacións diplomáticas co réxime e a retirada de embaixadores residentes en Madrid, acción que levou a cabo a maioría dos países con representación en Madrid. De forma paralela, os socialistas e nacionalistas vascos mantiñan constante relación co *Foreign Office* británico e con outras representacións diplomáticas en Londres ou París, como as de Checoslovaquia. Era un cerco diplomático ao franquismo que, pola contra, non gozaba nin da unanimidade internacional nin tampouco do propio exilio republicano español. A posición do partido socialista e, nomeadamente, de Indalecio Prieto era moi crítica co goberno de Giral e coas súas posibilidades reais de regresar a España: «Siempre he creído que nuestro Gobierno [de Giral] no era más que un estorbo

[...] que no llegará jamás a puerto [...]. Por consecuencia, nuestro deber es no solamente cortar las amarras, sino hundir el barco», tronou Prieto nun discurso pronunciado en México DF aos cinco días de se producir a resolución da ONU. A vida do goberno Giral estaba sentenciada e no seu final foi «determinante» a posición do PSOE, partido que «tenía una representación parlamentaria para hacer dimitir a un gobierno» (Tusell 2012: 185 e ss.). Deste modo, abriuse unha crise de goberno que supuxo o abandono do presidente Giral, que foi substituído polo socialista Rodolfo Llopis, quen presidiría un goberno con menor número de ministerios (sete fronte a catorce), pero cunha composición política relativamente próxima ao de Giral: socialistas, republicanos, comunistas e nacionalistas vascos e cataláns. A ausencia de maior peso cualitativo no goberno Llopis sería a de Alfonso Castelao, que foi, por tanto, un dos protagonistas da crise do goberno Giral e un dos principais sacrificados nela.

A finais de decembro do ano 1946, as dificultades do goberno Giral eran manifestas para moitos observadores, incluídos algúns dos ministros que formaban parte del. Irujo anúncialle a Aguirre, o 28 de decembro de 1946, que «aquí la crisis anda por la calle», un día despois de que tivese lugar un Consello de ministros no que se abriu un debate entre os socialistas (De Francisco, Trifón Gómez) e o Presidente do goberno que, naquela altura, logrou concitar un apoio maioritario, incluído o do comunista Carrillo. Pero as diverxencias políticas irían en aumento. O desencadeante da crise non foi unicamente o resultado das manobras de Prieto e dos acordos tomados polos socialistas en México ou en Tolosa, que marcaban a táctica dos ministros socialistas, senón que no fondo estaba a presión do goberno británico, ocupado por laboristas que tiñan unha relación fluída con diversos dirixentes socialistas. O propio Irujo informaba ao *lehendakari*, despois dun Consello de ministros xa ben movido (carta do 27.12.1946), que Llopis e outros dirixentes socialistas «esperan en Toulouse a que el Sr. [Ernest] Bevin [titular do *Foreign Office*] los llame, con el fin de oír de este último el plan que sugiere para la formación del gobierno intermedio» (FI, 12399.pdf). A diplomacia británica non confiaba no goberno Giral como unha solución política para substituír a Franco sen risco dunha nova guerra civil («pasar a los tiros» decía daquela un atento observador como Madariaga) e non descartaba forxar alianzas con militares e monárquicos para facer máis aceptable a caída de Franco, posición que defendía boa parte da oposición interior organizada

na ANFD. Nun informe recollido nos arquivos da CIA titulado *Resume of the Spanish Political Situation*, datado o 11 de xaneiro de 1947, dise textualmente na epígrafe 21, relativo aos monárquicos:

They have also the sympathy of influential persons in the Western European Department of the Foreign Office, who believe that the strategic, political and economic interests of Great Britain in Spain would be better safeguarded by a moderate monarchy [...] than by a republic more or less widely supported but open to extremist influences. (CIA Report: <https://www.cia.gov/library/readingroom/document/cia-rdp82-00457r000300440007-7>)

O resultado máis importante da crise do goberno Giral non foi, porén, a súa substitución por un dirixente socialista, senón a creba producida na alianza Galeuzca e o sacrificio, entre outros, de Castelao como ministro. O dirixente galego, malia a aparente inacción que lle achacaba semanas antes o seu amigo Irujo, revela estar moi atento ao problema central da política do exilio. Na opinión do rianxeiro, transmitida a Aguirre por Irujo, alén de existir unha clara influencia da masonaría na resolución da crise, que se «tramita en la logia masónica de la calle Cadet, a la que concurren los mandiles del Gobierno», o máis relevante é que «la tesis de esa logia es que no salgan del Gobierno elementos que representen fuerzas parlamentarias, sin que importe que salgan aquellos, que aun representando fuerzas populares, no tengan diputados en el Parlamento», opinión que Castelao debía coñecer a través de Augusto Barcia e que o propio Irujo confesa que «la he oído yo de labios del propio Don José Giral, no como solución masónica sino como parecer personal» (FI, 12399.pdf, carta do 6.1.1947). E tal foi o que aconteceu, unhas semanas despois, logo de fracasar unha tentativa de encargar a presidencia do goberno ao republicano Augusto Barcia e de non abrirse camiño unha solución máis audaz, de confiar o goberno a un dirixente vasco ou catalán. Finalmente, o elixido foi un político que, na opinión do nacionalista vasco Liza-so, pertencía ao grupo dos «socialistas claudicantes» que trataban de «apuñalar la República» debido á súa submisión aos criterios do *Foreign Office* británico.

Ideas que concordaban claramente coas posicións de Castelao, que, antes de se producir a saída do goberno, desenvolveu unha dura loita contra aquela estratexia que alcumaba de «prietista» e «lerrouxista», no sentido de colocar España cima da

República. Nas notas recollidas nos seus *Cadernos*, Castelao escribe que se trata dunha «política claudicante que ben se pode chamar anglo-prietista» (Castelao 1993: 84). Os ecos da acción de Castelao tiveron moita repercusión en América, pero tampouco lle pasaron desapercibidos a varios dirixentes «galeuzcanos» que, con algunha mala conciencia, acabaron por recoñecer que Castelao tiña razóns para se sentir «ofendido» pola tramitación da crise, non só polo triunfo das teses socialistas e dos libertarios, senón por continuaren como ministros no goberno Llopias tanto Irujo, dirixente do PNV, como Santaló, membro da Esquerra catalá, por máis que tivesen algunhas razóns de peso para facelo. Era a acta de defunción da alianza Galeuzca, que tardaría moitos anos en se poder recompoñer. A tese de Castelao foi exposta oficialmente no Consello de ministros do 21 de xaneiro de 1947, nun discurso que logo publicaría en Bos Aires o xornal *A Nosa Terra* (abril de 1947) cun título algo fachendoso: «Galiza asume a defensa da República». A idea central de Castelao é que se trataba dun «gravísimo error» a caída do goberno Giral, «en el preciso momento en que acaba de conseguir su primer resonante triunfo» na ONU, porque esta acción supoñía darlle bazas ao réxime de Franco e abría a porta a unha solución monárquica, para rematar cunha declaración de fe republicana e galeguista. A defensa que Castelao facía do ideal republicano é sincera, pero era proclamada nun foro e nun contexto nos que a confianza na forma de estado republicana como ariete para derrubar a Franco minguara claramente.

Mi actitud es netamente republicana, no solamente porque siento de verdad el republicanismo, sino porque al defender la República, defendiendo a mi tierra, a mi pueblo, a mi Galicia, que es la razón suprema que me ha traído al Gobierno. (ANT, 455, p. 5)

Ademais das razóns políticas que están na base do enfrontamento de Indalecio Prieto co goberno Giral, é preciso ter en conta algunhas razóns de natureza económica que contribuíron a enfraquecer a solidariedade das organizacións do exilio coas institucións daquela recuperadas. Como é ben sabido, desde o propio ano 1939, houbo unha dura confrontación entre Negrín e Prieto polo control dos recursos xestionados polo SERE (negrinista) e pola JARE (prietista), tanto na axuda para o traslado de refuxiados republicanos a América como na distribución destes entre a poboación exiliada. Unha vez constituído o goberno Giral e co apoio do executivo mexicano, os responsables dos «diñeiros do exilio» foron

convocados a unha rendición de contas por parte das novas autoridades republicanas, obxectivo que non puido lograrse debido a diferenzas no procedemento, o que deteriorou as relacións entre Giral e Prieto ata o punto de que «parece evidente que la crisis que puso fin al gobierno Giral estuvo relacionada con la [no] aprobación de la gestión» dos recursos procedentes do *Vita* que controlaba Prieto (Herrerín 2007; Velázquez 2014). Por outra banda, e de forma independente desta disputa sobre a xestión dos diñeiros do exilio, tamén se observa que a distribución dos cada vez máis magros recursos de que dispuña o goberno republicano era un dos motivos de litixio entre os ministros de Giral, de modo especial pola asignación que debía concederse aos gobernos vasco e catalán, representados polos ministros Irujo e Santaló. Para dicilo con palabras de Tarradellas —recollidas por Irujo en decembro de 1946—, nas que parece esquecer o que sostiña uns meses antes a respecto da entrada de Castelao no goberno: «Yo no creo en Galeuzca. No soy partidario de situar el problema gallego a la misma altura que el catalán y el vasco [...]. Nosotros tenemos mucho que perder y lo jugamos todo [...] Galeuzca es un desafío contra Madrid» (Garrido 2009: 133). Todo axudaba, por tanto, a debilitar as posicións de Galeuzca no escenario da política do exilio republicano e, para o caso de Galicia, pode dicirse que a corda rompeu pola parte máis débil. Pero alén das reticencias políticas, estaban as necesidades económicas, nomeadamente as dos cataláns. Desta situación fala extensamente Castelao nunha carta ao seu amigo e conselleiro Rodolfo Prada, meses andados despois da crise do goberno Giral:

[...] existen causas de tipo moi material, que os obrigan [vascos e cataláns] a rebaixar as vellas intransixencias nacionalistas. Os Gobiernos autónomos veñen cobrando dos fondos da República 50.000 pesos mexicanos cada mes, ou sexa 300.000 cada un d-eles ao ano, para sosterse como institucións da República e se eu non podo decir que o Goberno vasco xa esgotara o seu tesouro e xa teñen necesidade de axudas, podo afirmar, en troques, que o Goberno catalán somentes vive d-eso, por eso e cicáis para eso. Esta custión quero aclararlla a vostede, para que d-ela faga o uso que sexa necesario. Cando [Augusto] Barcia [ministro de Facenda] propuxo a redución de todol-os gastos e o pago en francos franceses ao troque oficial, non se lle tocou aos emolumentos que cobraban os Gobiernos autónomos; pero abondou que se lles intentase pagar na moeda do país para que se alporizaran con toda caste de armas. Nas vísperas da xuntanza derradeira da

ONU, cando Giral se dispoñía a sair para Nova York, Irujo dirixeuulle unha carta na que o ameazaba coa retirada da representación vasca se non se lles seguía abonando o «anticipo» en pesos mexicanos (así eles seguirían negociando no *marché noir*). Os vascos, en privado, decían aituaren así en beneficio dos cataláns, pois a eles, realmente, sóio lles preocupaba o asunto como demostración simbólica de respecto ao seu Goberno; pero eu sospeito que os fondos de que dispoñían deben estar esgotados ou dando as boqueadas, como están os da República, e fúndome no intrés que Irujo tiña en que Barcia iniciara as negociacións d-un empréstito, queréndome complicar a min n-ese asunto, ao que me neguei por razóns político-moraes. (FC-FRP, carta do 10.4.1947)

Castelao non podía impedir a crise do goberno Giral, pero era claramente consciente de que a súa actitude era a propia dun *outsider* que camiñaba pola súa conta, tomando unha posición que o propio Castelao cualificaría de «atrevimento» na mesma carta escrita a Prada. Non logrou nin a solidariedade dos ministros vasco e catalán, que se conduciron cun pragmatismo que Castelao non entendía, sobre todo, no caso dos vascos. Aínda que lle doese a actitude de Irujo e a viraxe de Aguirre, nunca chegou a romper relacións e amizade con eles, como lle conta privadamente ao seu amigo Prada e como demostran accións posteriores, entre elas a espléndida acollida que lle presta o Consello de Galiza a Irujo con ocasión da súa viaxe a Bos Aires, en setembro de 1948 (ANT, 464, set. 1948). Pero retornemos ao mes de xaneiro de 1947. A pesar da crise do goberno Giral, Castelao aínda tiña esperanzas de que o sucesor na presidencia fose o republicano Augusto Barcia, con quen tiña bo trato, pero ao que se opuxeron forzas como os cataláns de Esquerra. Finalmente triunfaron totalmente as teses de Prieto e dos libertarios, o que favoreceu a ruptura da alianza de Galeuzca, coa «eliminación» do ministro galego. Xa fóra do goberno republicano, Castelao continuou aínda case medio ano en París, cunha actividade política bastante intensa tanto entre o exilio galego en Francia (Garrido 2009: 153 e ss.) como nos seus contactos cos dirixentes «galeuzcanos», que seguían apoiando as posicións de Castelao e o seu posible retorno ao goberno. Retorno que era imposible na presidencia de Llopis, pero que tivo algunha posibilidade na etapa presidida polo republicano Álvaro de Albornoz, que comezou a súa andaina a partir do mes de agosto de 1947. Mais, para daquela, Castelao xa embarcara cara a Bos Aires, na que sería a súa derradeira viaxe transatlántica, procurando un acubillo afectivo que en Francia non tiña e

para reforzar o seu «tinglado porteño», en maledicentes palabras de Plá. A saída de Castelao do goberno republicano non deixou de preocupar a varios dirixentes dos partidos de Galeuzca. Un dos máis críticos coa forma de tramitar a crise foi o nacionalista vasco residente en Londres Ignacio de Lizaso, en cartas escritas aos poucos días da dimisión de Giral (cartas do 6 e 10 de febreiro de 1947), nas que lle recriminaba aos ministros vasco e catalán o seu comportamento, avogando por manter a posición de Galeuzca:

La única verdad, la que un día lamentaremos, es que vascos y catalanes hemos torpemente posibilitado el que los socialistas «claudicantes» se hayan adueñado del poder [...]. Pero cometido este error, lamentable y de consecuencias funestas a mi juicio, ¿vamos a remacharlo con nuestra participación en el gobierno de la «claudicación» que va derechamente a apuñalar la República desde dentro? [...]. Creo que debes hablar de esto con José Antonio [Aguirre] muy seriamente [...]. Creo sinceramente que has hecho mal en aceptar el puesto en el nuevo gobierno. (FI, 12422.pdf)

A complexidade da situación política do exilio explica que sexan moi diferentes as reaccións producidas fronte a esta crise que serviu certamente de parteagas na historia política do exilio republicano. Unha parte moi importante da Esquerra catalá, por vía do ministro Santaló, actuou de acordo coas posicións dos socialistas («¿Fue acaso neutral la posición de Santaló?», preguntábase Lizaso). Pero tampouco era inocente a táctica de Aguirre, quen estaba ao corrente das andanzas de Prieto e das posicións que mantiña o *Foreign Office* británico, vistas as notas confidenciais de reunións e entrevistas de dirixentes vascos co ministro Bevin (16.9.1947) ou con Indalecio Prieto (22.3.1948), que se conservan entre os papeis de Irujo (FI, 11597.pdf e 12741.pdf, respectivamente). Con todo, de ser certa a información que Joseba Rezola lle pasa a Xoán X. Plá, segundo a que os vascos forzaran ata o límite a inclusión de Castelao no goberno Llopis (Garrido 2009:154), sería unha mostra de que a liña Galeuzca non estaba de todo abandonada. Xa con Castelao en Bos Aires, houbo un novo intento de o incorporar ao goberno presidido por Álvaro de Albornoz, segundo notas das conversas tidas en abril de 1948 entre este e Irujo, nas que se declara disposto a «considerar una designación de Castelao como ministro para sud-América, siempre a título de personalidad», pero as razóns que esgrime para manter as súas dúbidas son

un retrato descarnado do que o republicanismo español pensaba da diversidade nacional interior:

Sobre Galicia yo tengo mis ideas. Así como Cataluña, Euzkadi y Portugal son tres hechos diferenciales dentro de España, Galicia es solamente un país retrasado, que no se puso a la altura de Portugal ni a la de Castilla, pero que no puede considerarse como país sustancialmente distinto. En cambio, Cataluña y Euzkadi son dos países con hecho diferencial acusado y hay que reconocerlo. (FI, 11294.pdf)

Castelao e a súa esposa Virxinia retornaron a Bos Aires nos meses de xullo-agosto de 1947, azunados polas mostras de afecto procedentes de América e, mesmo, co engado de poder abrazar o seu amigo Otero Pedrayo, que era o convidado de honra da primeira das Xornadas Patrióticas organizadas polo Centro Galego na capital porteña. Foi certamente daquela cando se fixo máis patente a excentricidade de Bos Aires no concerto do exilio republicano e non digamos no da política mundial. Nesta fase final da vida activa de Castelao, a súa actividade política foi cada vez menos intensa e tamén menos atenta ás grandes mudanzas que estaban a acontecer na política europea e mundial. O seu retorno non aviveceu as actividades do Consello de Galiza porque a vida da institución ficaba escurecida pola figura do seu presidente. Foron anos en que, segundo avanzaba a doenza física de Castelao, se acrecentaba tamén a súa dimensión de símbolo do galeguismo, nomeadamente en Bos Aires: «Era un símbolo en vida, una referencia moral, pero no era un auténtico líder» (Núñez Seixas 2012: 226). Con todo, non foron tempos baldeiros na biografía de Castelao. A súa actividade centrouse en culminar os proxectos culturais que comezara moito tempo antes, como a publicación d' *As cruces de pedra na Galiza* ou redactar unha segunda parte do *Sempre en Galiza*. Tamén en alentar grandes proxectos, como a *Historia de Galiza* encomendada por Manuel Punte a Otero Pedrayo poucas semanas despois do seu retorno de Bos Aires, proxecto que o propio Castelao anunciaría oficialmente no «xantar patriótico» que tivo lugar a finais do ano 1948 (ANT, 466, p. 1). Pero talvez a obra máis significativa do último Castelao foi a de natureza fortemente simbólica: celebración de datas patrióticas (plebiscito do Estatuto, morte de Pardo de Cela, Día dos mártires galegos) e redacción de memorables discursos como o *Alba de Groria*, pronunciado no derradeiro Día de Galiza ao

que puido asistir (25 de xullo de 1948), que serviu de testamento vital do seu pensamento sobre a tradición galega. Tamén se ocupou de elaborar un relato sobre a súa experiencia parisiense e as relacións cos galeguistas do interior, que está ben condensado en artigos de prensa e no seu epistolario. A súa idea central non foi, desde logo, facer unha autocrítica, senón reafirmarse nos seus principios doutriniais sobre o ideario republicano («Nin República do 31 nin Monarquía»), proclamar as vantaxes de Galeuzca («A idea mais grande que xurdeu en Hespaña dende fai máis dun século») e mesmo terzou no asunto do federalismo europeo, unha contribución oportuna ante a viraxe cara a un movemento europeísta que arranca claramente no congreso da Haya de 1948, no que participan algúns dos seus mellores amigos políticos, como eran os nacionalistas vascos. Era unha proclamación de federalismo que chegaba a destempo, pero que non está privada de certa utopía cando se refire á «Unión Europea» (ANT, 460, 1948). Na celebración do aniversario do plebiscito do Estatuto de 1949, ao que Castelao xa non puido asistir, enviou unha mensaxe en que condensaba as ideas fortes sobre as que, de poder facelo, falaría naquel acto conmemorativo: republicanismo desterrado, partidos divididos, goberno agonizante, convenio socialista-monárquico e comité federalista «hespañol» (ANT, 469, xuño de 1949).

A morte de Castelao en xaneiro de 1950 foi o momento culminante neste tránsito de líder a símbolo. As mostras de respecto que naquela altura recibiu dan a medida do que significaba a súa desaparición, pero tamén que se estaba a cerrar unha etapa do exilio galego e das súas relacións tanto co resto do exilio republicano como coa oposición interior. Con todo, algo da semente botada por Castelao estivo presente nos actos organizados con ocasión da súa morte. En Bos Aires, o seu enterro, alén de multitudinario, foi un acto de carácter unitario de toda a colectividade asociada nas diferentes entidades porteñas, aínda que se lle recoñeceu un papel principal ao Centro Galego e ao seu presidente, Xosé Villamarín. A noticia da súa morte causou no interior «una enorme impresión», pero «los comentarios de prensa sobre el hecho, salvo raras excepciones, una pena» (CCG-FD, LS, carta de F. del Riego, 12.1.1951). Houbo algúns telegramas de condolencia de claro nesgo institucional (arcebispo, alcalde de Compostela, RAG, Universidade, Padroado Rosalía de Castro e Museo de Pontevedra), mentres que os enviados desde fóra de España reflectían máis cabalmente a repercusión de Castelao no mundo da emigración e da política do exilio, pois aos centros galegos

de Cuba, Nova York, Montevideo, Río de Xaneiro, Caracas ou Chile engadíronse figuras como Portela Valladares, Aguirre ou Pelayo Sala (ANT, 474, xullo 1950). A esmagadora presenza dos emigrantes, máis que dos exiliados, nesta hora última de Castelao non fai senón reafirmar o que fora a súa vida desde que chegou a América a mediados de 1938. Houbo, non obstante, dúas homenaxes que tiveron un maior calado político. A primeira foi o especial d' *A Nosa Terra*, coordinado por Prada e Luís Seoane, no que foi reunido un extenso grupo de amigos e de colaboradores políticos de Castelao, tanto do interior como do mundo da emigración e do exilio. Entres os do interior están Otero Pedrayo, «Ben-Cho-Shey», Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, os escritores Aquilino Iglesia, Ánxel Fole ou Ramón Cabanillas, e os investigadores Xesús Carro ou F. López-Cuevillas. Os colaboradores do exterior son, na súa maioría, do ámbito societario, pero tamén do exilio (Marcial Fernández, González López, Irujo, Serra Moret, Tobío, Núñez Búa, Somoza, etc.), sector en que se botan en falla algúns exiliados moi activos na vida cultural e política porteña, como o grupo de Luís Seoane, daquela xa esfarelado por diversos países (Varela, Espasandín, Dieste...).

Outro acto de homenaxe de contido máis galeuzcano foi o celebrado en París, no mes de febreiro de 1950, que congregou a varios representantes das institucións republicanas e dos partidos vascos e cataláns, pero no que non deixa de ser algo rechamante que a participación galega se reducise a unhas «cuartillas telegráficas» escritas por Xoán X. Plá en Montauban que foron lidas no seu nome polos organizadores. Segundo explicaría pouco tempo despois Irujo («Los muertos mandan», escrito en 1952), «los vascos le queríamos mucho; le queríamos de veras» porque Castelao era un «gran demócrata y un eximio patriota». Pero o máis relevante da velada de 1950, considerada como un «acto muy simpático» por parte de Manuel de Irujo, segundo llo conta a Julio Jáuregui (carta do 13.2.1950), foi a intervención dun exiliado portugués:

La figura más aplaudida, con notoria diferencia sobre todos los restantes, fue José Domingues dos Santos, el expresidente del Gobierno portugués, que habló en portugués, sin que ni uno solo de los circunstantes dejara de entenderle cuando pedía, con gran elocuencia, un régimen de Comunidad Ibérica en el que todos los demócratas peninsulares vivan en su patria, y todas las patrias en un espacio común. (FI, 2448.pdf)

Nas beiras do Río da Prata, as decisións tomadas polas entidades societarias e polo Consello de Galiza revelan que ficaron algo desconcertadas pola desaparición de Castelao: «orfos mais non desherdados» foi o resumo dos seus sentimentos. A Comisión Intersocietaria acordou, na súa xuntanza do día 8 de xaneiro de 1950, considerar o día da morte de Castelao como un «Día del duelo» e engadir tal data, «no adiante», ás festas patrióticas que xa estaban daquela en vigor (Plebiscito, Pardo de Cela, Mártires galegos). Pero máis importantes foron os acordos tomados polo Consello de Galiza. Na xuntanza do día 1 de febreiro de 1950, reunidos os conselleiros vivos (Alonso Ríos, Villaverde e Suárez Picallo —representado por Prada—) cos «asesores» Manuel Puente, Xosé B. Abreira e Ramón de Valenzuela, consideran que a «falla de Castelao» supón un «momento crucial para vida do Consello» e, por proposta do republicano Elpidio Villaverde, acordan «que se non cubra o posto de Presidente e que, temporalmente, siga presidindo Castelao, de xeito simbólico, funcionando [o Consello] baixo a dirección do Segretario [Alonso Ríos]», que asume deste modo a «autoridade máisima». Tamén se acorda naquela xuntanza «declarar reliquia hestórica a bandeira que cubriu o ataude de Castelao», así como seguir prestando á súa viúva «as asistencias que corresponden á súa xerarquía» e como «depositaria do arquivo» do Consello. Pasado un mes, e datada en Montevideo, o Consello de Galiza emitiu unha «Decraración» en que se confirman os acordos anteriores, coa engádega de que «a doutriña que nos ensinou [Castelao], será Ley (sic) d-as nosas aitividades» e que manteñen como obxectivos políticos «defender a liberdade de Galiza i-o restabrecemento d-un Goberno republicán na Hespaña». Como recoñecemento do papel histórico de Castelao, estas decisións do Consello de Galiza son coherentes coa xénese e fundación deste. Como institución representativa das aspiracións autonomistas galegas e da súa necesaria presenza nos medios da oposición política, tanto en París como no interior, o Consello estaba a entrar nun camiño sen saída, no que permaneceu por uns dez anos ata encontrar novos rumbos, coa entrada doutros dirixentes e a creación dunha delegación en Europa, con sede en París. En 1950 non só desaparecía o fundador do Consello, senón a razón fundamental da súa existencia, que non foi outra que levar á práctica a estratexia de Galeuzca, da que Castelao foi o seu principal abandeirado.

VIRAXES E BLOQUEOS

O resultado máis importante da executoria política do Consello de Galiza, da propia Galeuzca e das accións políticas de Castelao tanto en Bos Aires como en París ou México é que esta etapa do exilio galego logrou dar expresión política ao mandato expresado no plebiscito estatutario de xuño de 1936. Dado que durante a Guerra Civil non fora posible organizar unha estrutura de goberno autonomista como lograran facer os vascos, o gran mérito de Castelao foi dar visibilidade no exilio á realidade nacional de Galicia. Para conseguir estes obxectivos tivo algunhas axudas impagables, como as prestadas por unha minoría de emigrantes e algúns exiliados, e unhas complicidades políticas externas, tamén moi valiosas, como as prestadas polo nacionalismo vasco. E, por outra banda, hai que subliñar o traballo de reconstrución do galeguismo no interior a partir de 1943, con notable presenza nas plataformas de oposición ao franquismo e cun claro protagonismo nas negociacións realizadas co goberno Giral nos meses de febreiro-marzo de 1946, que abriron a porta para a incorporación a este, como ministro representante de Galicia, do presidente do Consello de Galiza.

Neste proceso, que vai desde 1941, cos primeiros síntomas de reconstrución de Galeuzca en Bos Aires, ata 1947-1948, co devalo das institucións republicanas no exilio e unha viraxe estratéxica provocada pola acción combinada da Guerra Fría e do recoñecemento internacional do réxime de Franco, a presenza de Galiza foi obra da acción de Castelao e da institución que presidía, así como da actividade da oposición interior. E dados os recursos humanos e materiais dos que uns e outros dispoñían, non deixa de ser un milagre a visibilidade que Castelao logrou na política do exilio republicano. Nas páxinas precedentes analizamos feitos e procesos. E agora, como recapitulación conclusiva, cómpre facer algunhas reflexións globais, de natureza comparada, sobre a dimensión institucional do Consello de Galiza e dos motivos que provocaron a creba da estratexia de Galeuzca no contexto das políticas do exilio, e do interior, nos anos finais da década dos corenta. Viraxe que tomou varios camiños no caso do exilio republicano, entre o retorno dalgúns exiliados, a debilitación das institucións reconstruídas uns anos antes e a percepción de que a oposición á ditadura franquista precisaba outra estratexia menos vinculada á tradición republicana e máis próxima á nova democracia que se estaba a construír na Europa da posguerra. Xa o advertía o *lehendakari* Aguirre

na súa mensaxe de fin de ano de 1947, que evocamos no introito: «Dentro de poucos días comenzará el año 1948. Será pródigo en sucesos de toda clase», entre os que establece como fundamental unha estreita vinculación entre a «libertad democrática» e a «liberación» dos vascos da «tiranía franquista» (Santacana 2014: 195). Para o caso galego, sen ser verbalizado desta forma, a viraxe de 1947-1948 tamén tivo consecuencias especialmente pesadas, tanto en Bos Aires como no interior, dado o desconcerto en que ficou o Consello de Galiza e a decisión de «facer política por outros medios» que tomou a xeración fundadora da Editorial Galaxia. Máis que unha viraxe, o exilio galego encontrouse cara a 1950 nunha situación de bloqueio.

A natureza institucional do Consello de Galiza tivo desde o inicio unha evidente dificultade para a súa homologación cos gobernos autónomos de Cataluña e de Euzkadi, malia a insistencia de Castelao en falar de «tres gobernos». Realmente a alianza Galeuzca que servía de soporte ao propio Consello era de partidos e non de gobernos, como diría anos máis tarde o «emigrado» porteño X. Núñez Búa. Neste sentido, o Consello aspiraba a desempeñar as dúas tarefas, tanto superando de modo artificial as diferenzas de partido como presentándose como un goberno no exilio. Porén, os trazos básicos do Consello de Galiza tiñan máis viabilidade para desenvolver unha acción política no seo de Galeuzca que para manter alianzas co resto dos partidos republicanos. A limitación esencial estaba non só na súa baixa representatividade política, senón tamén na carencia dunha experiencia de goberno. A diferenza das institucións de goberno de vascos e cataláns, o organismo fundado por Castelao non foi capaz de integrar as correntes republicanas e, nomeadamente, as procedentes da esquerda, fundamentalmente a socialista. As críticas recibidas polo Consello de Galiza desde o momento da súa fundación foron mal entendidas por Castelao, pero non carecían de fundamento. A substancia política da institución estaba excesivamente determinada por unha tradición galeguista na que se combinaba a herdanza republicana coas achegas procedentes do galeguismo da emigración en Bos Aires. A unha faltáballe a experiencia de goberno e a outra ter pasado o trazo da guerra e, mesmo a do propio exilio. Aínda que os catro fundadores do Consello eran claramente exiliados republicanos e galeguistas, os seus asesores políticos e apoios económicos non o eran. Toda a Comisión de Facenda do Consello estaba formada por antigos emigrantes, politizados nos ambientes

porteños, pero apenas conectados coas dinámicas políticas producidas na España dos anos trinta, tanto en tempos de paz como durante a Guerra Civil. O seu espírito político era o propio do asociacionismo das colectividade emigrantes, pouco dado á cooperación, o que fomentaba prácticas de «campanilismo» e liortas grupais.

As institucións homólogas da alianza Galeuzca, alén da experiencia de goberno, fomentaron claramente unha maior representatividade política na súa composición. No goberno vasco, por máis que a hexemonía fose posuída polo PNV, mantíñanse membros de partidos de esquerda (PSOE e PCE) que foran nomeados en outubro de 1936 e que logo foron ratificados no exilio, como mostra o «Pacto de Baiona» de marzo de 1945 «entre los partidos y fuerzas sindicales vascas, incluído el PC» (Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: 138). No caso das institucións catalás, a pluralidade política tamén era patente tanto durante a guerra como no exilio, coa participación non só de diversas sensibilidades nacionalistas (ERC, Acció Republicana...), senón tamén de socialistas, comunistas e libertarios. Na súa reconstrución a partir de 1945, a través do Consell Assesor ou de Solidaritat Catalana como pasos previos á formación do primeiro goberno do *president* Irla, a presenza maioritaria de dirixentes de Esquerra republicana —esta mesma con fortes divisións internas— non supón a exclusión doutras forzas republicanas de esquerda. De feito, naquel goberno están presentes socialistas (Serra i Moret) e comunistas (Comorera), así como un representante das *comunitats catalanas* de América (Carner) e o que fora presidente do Consell catalán en Londres, Pi i Sunyer, que acepta incorporarse despois dun intento frustrado pola súa parte de presidir un goberno (Morales 2008: 473 e ss.).

As razóns desta diverxencia do Consello de Galiza cos outros membros de Galeuzca deben procurarse, máis que nas decisións persoais tomadas por Castelao e o seu núcleo porteño, na peculiar evolución da política galega tanto na época republicana como no exilio. Hai un feito esencial que marca o exilio galeguista, que é a patrimonialización do proceso autonomista e, de forma aínda máis clara, do plebiscito de xuño de 1936, que o exilio tratou de converter nunha data patriótica. Por máis que aquela vitoria só fose posible grazas á participación das forzas políticas integradas na Fronte Popular —e dalgunhas non integradas, como a Dereita Galeguista—, na que eran hexemónicos os republicanos de Izquierda Republicana de Azaña, que recollía as forzas da antiga ORGA, o discurso gale-

guista elaborado por Castelao, ben reiterado no *Sempre en Galiza*, criticou ou silenciou, desde unha perspectiva claramente presentista, a contribución de republicanos, como Osorio-Tafall, e de figuras da dereita, como Rajoy Leloup, que foran esenciais no proceso autonomista. Unha mostra da lealdade autonomista de Rajoy Leloup pode verse no relatorio que Xosé B. Abreira preparou para o Consello de Galiza, no curso dunha longa viaxe por Galicia durante os meses de verán de 1950, cando refire o seu encontro no compostelán Café Derby co que fora «Segretario do Comité Central da Autonomía de Galiza», daquela convertido nunha «piltrafa que pasea o seu corpo macilento pol-as ruas da cidade do Apostolo» (Fernández Santiago 2000: 140).

Logo a dinámica da Guerra Civil levou a moitos dirixentes republicanos galegos, mesmo con acta de deputado por unha circunscrición galega, a unha alianza con socialistas e comunistas que os afastou claramente do campo do galeguismo político ou, cando menos, do autonomismo (coas excepcións de González López e Fernández Mato). O illamento de Castelao e do Partido Galeguista non foi unha consecuencia da súa situación excéntrica no Río da Prata, senón unha continuidade da dinámica desenvolta durante a Guerra Civil e nos primeiros anos de exilio. De feito, algúns relevantes dirixentes galegos como Osorio-Tafall ou Viana Esperón tiveron responsabilidades directas na xestión dos diñeiros do exilio (sobre todo, no SERE) pero, a diferenza de vascos e cataláns, os galeguistas non se puideron beneficiar dos recursos destinados á evacuación e auxilio dos exiliados republicanos e, posteriormente, dos que xestionaría o goberno republicano. O goberno vasco, a xuízo de Irujo, «percibíó cantidades considerables (decenas de millones de francos)» (FI, 13801.pdf), cantidade que mostra a orfandade económica na que tivo que vivir o Consello de Galiza, sostido coas axudas que un reducido número de emigrantes acomodados lle prestaron.

Outro problema, mais de orde política, derivaba da débil capacidade organizativa que tiña o Partido Galeguista na guerra e no exilio, e das súas relacións co goberno da República. O Partido Galeguista mantívose vivo na zona republicana pero, unha vez chegado a Bos Aires, foi transformado nunha Irmandade Galega que, na práctica, estaba dirixida por vellos emigrantes e non por exiliados. No interior, non foi ata 1943 que comezou a reconstrución do Partido por parte de membros das antigas Mocidades Galeguistas, amosando unha tendencia común na oposición antifranquista que se estaba a formar no interior, máis dinámica e

composta por xentes máis mozas, como sucedía tamén en Cataluña na análise de Carles Santacana (Tarradellas 2014: 54). Por outra banda, a presenza galega nos gobernos da II República estivo protagonizada por políticos como Casares Quiroga ou Portela Valladares, pouco permeables ao ideario do galeguismo autonomista, e só en postos intermedios (gobernos civís, ministerios) foron incorporados algúns dirixentes de tradición autonomista e galeguista como Peña Novo, Osorio-Tafall, Martínez López ou Lois Tobío. Pola contra, ministros vascos e cataláns formaron parte dos gobernos de guerra, afirmando deste modo non só a República, senón tamén unha mínima unidade política no seu propio ámbito político. Como diría Irujo nun largo informe político escrito en maio de 1946, grazas á colaboración coa República, os nacionalistas vascos lograron crear unha gran solidariedade cos partidos do bando republicano e, por esta vía, «forjar la unidad vasca» (FI, 13801.pdf). A situación do galeguismo foi radicalmente distinta. Malia que fora parte importante na alianza electoral da Fronte Popular de 1936, o galeguismo autonomista non puido aspirar a entrar no goberno da República en tempos de guerra, dada a inclusión de Galicia no bando franquista. Durante a Guerra Civil, algunhas iniciativas como as Milicias Gallegas lograron manter viva a lealdade republicana de Galicia, pero a contribución do galeguismo foi inferior á achegada por figuras como os comunistas Enrique Lister e Santiago Álvarez. Isto non supón que o galeguismo político non existise no bando republicano. Unha mínima estrutura partidaria foi mantida na zona republicana, pois unha «Segredaria» galeguista, de crer as informacións de Plá, funcionaba en Valencia e Barcelona. O máis relevante, porén, foi o esfarelamento que provocou o final da guerra no grupo galeguista. Dunha banda, Castelao marchou aos EE. UU. meses antes de que acabase o conflito e se organizase a saída dos exiliados desde Europa cara a América. E, doutra banda, os membros máis novos do Partido Galeguista, como Martínez López ou Lois Tobío, arraxaron pola súa conta a chegada a América e a súa ulterior instalación laboral nos EE. UU. ou no Uruguai. En todo caso, a incorporación de Castelao ao goberno de Giral, que se quixo entender por parte de voceiros galeguistas como unha continuidade da presenza de Casares Quiroga nos gobernos de Azaña, non pasaba de ser un artificio político. Unha voz do exilio galeguista como Núñez Búa vería nunha carta a Paz-Andrade, anos andados, de forma moi crítica a executoria de Castelao e do Consello de Galiza:

Gran erro de Castelao, que sen ter en conta a opinión dos 7 ou 8 galeguistas do Partido Galeguista que estabamos na Arxentina, matou o P[artido] G[aleguista], do que era mandatario ¡non mandante!, sustituíndo a nosa voz cramante no desterro pola tatexa dun espantallo, o Consello de Galiza que, morto il —e aínda vivo—, non foi máis que un barquiño de papel sen leme. (CCG-FD-PA, carta do 23.7.1977)

³¹ J. Virgilio (1868): *Delle migrazioni transatlantiche degli italiani e in specie di quelle dei liguri alle regioni del Plata*, Génova, Tipografía del Commercio; C. Negri (1868): «Discorso nella sessione del 25 gennaio 1868», *Bollettino della Società Geografica Italiana*, 1, 1, p. 53.

(1835-40) a *Souvenirs* (1859), se observa una disociación quizás creciente en el uso de las palabras exilio y emigración, aplicadas aquí a fenómenos diversos, tanto como una clara percepción de la naturaleza económico-social de la última, lo que era inevitable quizás vista su experiencia norteamericana³².

Quizás sea posible concluir indagando en un ejemplo ilustre: Víctor Hugo, uno de los primeros intelectuales modernos y uno de los exiliados más notorios de la segunda mitad del siglo XIX. Fue exiliado por orden de Napoleón III, a pocos días del 18 Brumario de 1851, contra cuyo golpe de estado había intentado en vano luchar, lo que lo había obligado a estar algunos días escondido en París antes de partir en la oscuridad hacia Bélgica con el pasaporte de un amigo (mecanismo no disponible en el siglo XX, a medida que los estados fueron tomando nuevos recaudos para la confección de los documentos, hasta incluir la foto y otras medidas de seguridad³³). Es una primera etapa de un exilio que duraría casi veinte años, hasta 1870. En su correspondencia desde el exterior, sea en Bruselas, sea en Jersey, sea en la isla de Guernsey, no empleará jamás la palabra emigrado para designar su situación, sino la de exiliado (y ocasionalmente «proscripto»), y convertirá esta condición, en su magnífica prosa romántica, en un motivo de orgullo, no solo de melancolía: «c'est ne pas moi que suis exilé, c'est la France [...] je suis vaincu mais hereux. La conscience contente, c'est un ciel serein qu'on a en soi» (6 enero, 1852)³⁴. Juicios más matizados emergerán, a medida que pasan los años: «Je souffre, je pleure en dedans, j'ai dans l'âme des cris profonds vers la patrie, mais, tout pesé, j'accepte et je rends grâces. Je suis heureux d'avoir été choisi pour faire le stage de l'avenir» (29 diciembre, 1853) o «Un exil dans la nuit, une marche vers la lumière» (diciembre, 1859). En ese contexto, en 1859, es su gran rechazo a la amnistía general dada por Napoleón III. Desde su casa al borde del mar en Guernsey, donde vive con su familia, sigue resonando la voz incómoda del poeta. Aunque ya no crea ser «la voix de la France, mais je suis le cri de l'exil»

³² A. de Tocqueville (1793-99) [1ª ed. 1833]: *De la Démocratie en Amérique*, Paris, Flammarion, 2 vols., *passim*, e id. *Souvenirs*, Paris, Calmann-Lévy, 393.

³³ Acerca del progresivo control por parte de los Estados de la documentación, desde fines del siglo XIX y principios del XX, un cuadro general en J. Torpey (2005): *L'invention du passeport*, Paris, Belin, en especial pp. 119 y ss.

³⁴ V. Hugo a A. Van Hasselt, 6/1/1852, en Víctor Hugo (1898): *Correspondance (1836-1882)*, Paris, Calmann Lévy, vol. 2, 116.

(1867)³⁵. Un exilio que deviene así, en sus palabras, ahora voluntario, «l'exil, surtout lorsqu'il est volontaire, doit se rester fidèle à lui-même» (marzo, 1868), y sigue siendo su derecho («Opter pour l'exil est un droit» (16 de febrero, 1870)³⁶.

Con Victor Hugo encontramos, ante todo, el lugar del exiliado como héroe y no el del exiliado como víctima, no al estoico que niega desde la universalidad de lo humano la condición de exiliado, como en Séneca, ni tampoco la de exiliado moral, que encarna Dante. No es tampoco la del político, como Mazzini, que alterna sus días entre la pura supervivencia, la melancolía acentuada y las perpetuas conspiraciones. Por el contrario, es la del intelectual moderno que con la palabra combate al poder desde un lugar que juzga preferible al de las limitaciones que tendría en su patria. Un poder y un mundo de referencia, por lo demás, que no es el de la humanidad genérica, sino el de Francia en el contexto de una Europa de estados y nacionalidades.

Siempre se podrá argumentar que los desniveles de influencia eran distintos en el siglo XIX y en el XX para los individuos notables enfrentados con el poder. Sin embargo, ahí está, en pleno siglo XX, el pequeño gran sardo Antonio Gramsci, enfrentado desde la soledad de la cárcel a un doble exilio (en el sentido clásico y moderno atribuido al exilio interior, «fuga de uno solo hacia uno mismo» o *sollus ad solam*). Enfrentado al fascismo y al aparato comunista que se negaba a pedir una gracia que le hubiese sido concedida y que desde ese orgullo heroico desafiaba a un Mussolini, si no preocupado, sí muy interesado en la decisión de su formidable adversario³⁷.

4.

Llegados a este punto de un largo y veloz recorrido, es bueno hacer algunas reflexiones generales. El itinerario de palabras y nociones presentado no busca atribuir a las mismas un papel performativo o perlocutorio. Aunque, desde luego,

³⁵ V. Hugo au Comité du monument de Mickiewicz, 17/5/1867, en *ibid.*, 307.

³⁶ V. Hugo a Monsieur Chassin, 3/1868; V. Hugo a A. Vacquerie, 16/01/1870, en *id.*, *Correspondance (années 1867-1873. Addendum)*, Paris, Albin Michel (<http://www.chronologievictorhugo.com/>).

³⁷ Cfr. el interesante y discutible libro de F. Lo Piparo (2012): *I due carceri di Gramsci. La prigionie fascista e il labirinto comunista*, Roma, Donzelli.

la lucha simbólica en torno a las palabras no está desprovista de significado (véase, por ejemplo, la polémica alrededor de los términos *esuli* o *fuoriusciti* durante el fascismo). Con todo, menos ambicioso, el trabajo solo aspira a señalar el uso de algunos términos descriptivos que sugieren imágenes o percepciones que identifican fenómenos sociales. En ese punto, lo que las nociones de emigrante y exiliado en la «longue durée» europea sugieren son percepciones diferenciadas de ambos fenómenos, que solo en algunos momentos se solapan y en ellos la noción de emigrante engloba a la de exiliado. Asimismo, cada una de esas nociones encubría significados diferentes, no solamente en relación con los diferentes contextos, sino también en relación a como tipificar desde el discurso a cada uno de ellos.

En el siglo XX esas nociones, ya bien diferenciadas desde fines del siglo anterior, siguen itinerarios diferentes. Puede sugerirse que un exiliado y un emigrante son realidades percibidas como distintas por los observadores letrados (otra cuestión sería preguntar a las personas corrientes). No obstante ello, siempre puede afirmarse también que, en la experiencia concreta de unos y otros, esos dos tipos sociales comparten hasta cierto punto terrenos y problemáticas. A ambos les afectan las políticas públicas de los países de destino, ahora mucho más intervencionistas y reguladoras, en especial luego de la Primera Guerra Mundial. Sobre todo, al exiliado se le suman, además de sus propios problemas, aquellos que derivan de las políticas de control que afectan a los emigrantes, ya que ellos pueden ser considerados a menudo tanto emigrados como exiliados. Desde luego también, y en un registro diferente al que hemos seguido hasta aquí, en su traslado a un nuevo país y en su ajuste a un nuevo contexto, emigrantes y exiliados comparten problemas comunes, desde el viaje hasta las redes de relaciones para sortear obstáculos, el alojamiento, la necesidad de encontrar trabajo y a veces un terreno de acción política común (temas todos sobre los que, por ejemplo, Xosé Manoel Núñez Seixas ha escrito páginas muy perspicaces³⁸). No es menos cierto que las diferencias son a menudo igualmente visibles. La sociabilidad de los exiliados raramente es igual a la de los emigrantes y, aun en aquellos de entre los primeros que se esforzaban por realizar una política hacia los segundos, sus redes se solapaban solo

³⁸ X. M. Núñez Seixas (2011): «Política dos exilados e política dos emigrados», en R. Villares (ed.), *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 89-120.

parcialmente. Ver, por ejemplo, de Luís Seoane. Las diferencias eran asimismo de equipaje y de clase, por usar una vieja palabra que en su generalidad sigue siendo ilustrativa. Desde luego que hay aquí terrenos igualmente compartidos y los más favorecidos de los emigrantes podían compartir habilidades y conocimientos equivalentes a los de los menos desfavorecidos de los exiliados (aunque casi nunca su capital simbólico, cuando estos lo tenían, por ejemplo los Sánchez Albornoz). Nuevamente, esos contactos se refieren a las fronteras de ambos grupos, no al conjunto de ellos. Lo mismo ocurre con las pertenencias sociales: no hay ninguna novedad en afirmar que en los grandes números los emigrantes-fuerza de trabajo pertenecen a grupos diferentes que los exiliados políticos (aunque también aquí haya áreas de contacto). Esto se vincula además con las redes de sociabilidad y cooperación, y con los ámbitos asociativos. En términos generales, es más infrecuente que frecuente que los exiliados participasen activamente en los ámbitos creados por los inmigrantes e inversamente que estos pudiesen acceder a aquellas redes políticas de intelectuales que estaban disponibles para los exiliados. Y, por lo demás, es bueno recordar que muchos emigrantes y no pocos exiliados, llegados a un nuevo país, mantuvieron escasas o nulas relaciones con sus compatriotas y con las instituciones que ellos crearon. Uno de los problemas de los estudios sobre las migraciones, compartido por los estudios sobre el exilio, es que se centran demasiado (traicionados por las fuentes disponibles) en los grupos más aglutinados, más visibles o más notables de cada uno de esos colectivos expatriados.

Ciertamente, de ese cuadro deben excluirse en parte los movimientos masivos de refugiados como los armenios, los judíos o los exiliados republicanos en Francia. El caso de estos últimos es particularmente interesante. Como argumentó Dreyfus-Armand, las características masivas del exilio español en Francia daban a los republicanos un perfil socialmente heterogéneo, no igual pero más cercano al de un colectivo emigrante, que no se iba a encontrar en los exiliados que desde allí o desde otro lugar se dirigieron a las Américas, sea México o la Argentina³⁹. Asimismo, debe recordarse que existían grupos que aunaban su condición de emigrantes y exiliados o que partían por una combinación de móviles económicos y móviles políticos. Las campesinos y trabajadores de la Emilia Romagna que emigraron sobre todo a Francia en los años posteriores a la marcha sobre Roma

³⁹ G. Dreyfus-Armand (1999): *L'Exil des républicains espagnols en France*, Paris, Albin Michel, 192-193.

de 1922 lo hicieron tanto por motivos económicos como por la asfixiante presión de los fascistas⁴⁰, y un cierto número de los emigrados españoles de la inmediata segunda posguerra, también. Por otra parte, esa situación se presentaba además a los pequeños fascistas y otros partidarios menores de los regímenes de derecha europeos colapsados con la caída del eje luego de 1945 que partieron para otros destinos. ¿Debería considerárselos exiliados?⁴¹. La discusión está abierta, ya que se ha tratado de reducir el empleo de la categoría de exiliados para aquellos que huían de regímenes autoritarios o totalitarios y no de aquellos democráticos. Las cosas no son siempre tan sencillas: el grupo de partisanos comunistas que en Italia había continuado con la ejecución sumaria de fascistas luego del fin de la guerra en el mayo 45, e incluso episódicamente luego de la amnistía de 1946, y que en 1948 huyó a Checoslovaquia, donde permanecerían muchos años para eludir la cárcel, ¿eran exiliados o prófugos de la justicia?⁴². El conocido intelectual italiano Toni Negri, que huyó a París aprovechando la facilidad que le concedió el ser elegido diputado y criticando a la justicia de la Italia democrática, ¿era un fugitivo o un exiliado?

Si para algo puede servir el itinerario de las nociones es para preguntarnos acerca de la misma idea de exiliado, apartándonos por un instante de la inmediatez del tiempo corto. Si así lo hiciéramos, deberíamos observar que el exilio emerge siempre, en todas las épocas, de un conflicto con el poder o con la autoridad, cualquiera que sea esta e independientemente de la arbitrariedad o legalidad, formal o sustancial, de la decisión de ella.

También puede ayudarnos el recorrido de aquellas nociones a pensar otros problemas. Se ha argumentado que la diferencia sustancial entre el exiliado y el emigrante está en el carácter voluntario de la decisión del segundo y en el involuntario del primero. Permítaseme matizar un poco este lugar común. Puede hacerse desde los ejemplos concretos o desde los contenidos de las nociones. Desde estas, es evidente que el exilio contiene en casi todas las épocas una ambigüedad: es tanto una pena como el instrumento para eludir una pena. Desde Cicerón a Dante o a Victor Hugo, el exilio muestra dimensiones voluntarias tanto

⁴⁰ C. Bernani (1997): *Il nemico interno. Guerra civile e lotta di classe in Italia*, Roma, Odradek.

⁴¹ F. Bertagna (2006): *La patria di riserva. L' emigrazione fascista in Argentina*, Roma, Donzelli. Ver en particular la «Introducción».

⁴² G. Fiori (1993): *Uomini ex. Lo strano destino di un gruppo di comunisti italiani*, Turín, Einaudi.

como involuntarias y es bueno (creo) recordar esa ambigüedad semántica, que abre un espacio para ser considerado en ciertos casos, no en todos, una opción o a veces una estrategia. Se dirá que ella no estaba disponible en el caso de los estados terroristas contemporáneos. Es posible, lo que obligaría a una definición más estrecha de exiliado en ruptura con la tradición del término. Sin embargo, algunos ejemplos podrían mostrar que ella seguía parcialmente vigente aún en esos casos.

Eludiré ejemplos argentinos que proceden de la *erlebnis* y me detendré en otros. Francisco Fernández del Riego, el reconocido intelectual galleguista, cuya historia debo a la gentileza de Ramón Villares, salvó su vida milagrosamente en el momento del golpe militar de 1936. Como otros, se dirigió en Santiago de Compostela a sumarse a las fuerzas legales en la sede del gobierno. En camino hacia ella, atravesando una de estas plazas vecinas, el pintor Carlos Maside le advirtió que no fuese, ya que estaban allí fusilando a los que llegaban. Varias opciones se le abrían a Fernández del Riego: pasar al exilio, esconderse (que fue su primera opción) o adaptarse y dejarse luego enrolar en el ejército franquista. Eligió esta última, sin abjurar de sus ideales, que reverberarían luego. No era la única disponible. Veamos otro ejemplo: un conocido economista e historiador uruguayo. Había decidido abandonar el país con su esposa, una también conocida historiadora uruguaya, con destino a México. Estaban ambos sentados en el avión cuando subieron a él las fuerzas militares y se llevaron a su esposa, que quedaría detenida por varios años (debo la historia a mis amigos fallecidos Juan Oddone y José Pedro Barrán). ¿Qué debía hacer el economista uruguayo, bajarse él también o partir? Optó por lo segundo. No era tampoco su única alternativa. Veamos un tercer ejemplo ilustre, Marc Bloch. Su decisión de no dejar Francia y dirigirse a los Estados Unidos con el apoyo del programa de la Fundación Rockefeller, que finalmente concluiría en su muerte tras largas peripecias, no parece haber sido motivada por una consideración política o académica, sino por el simple hecho de no poder llevar consigo a toda su familia⁴³.

Detengámonos en un cuarto ejemplo, que puede ayudarnos también a pensar otros problemas. En 1933, con el advenimiento del nazismo en Alemania, decenas de miles de judíos decidieron exiliarse. La decisión «anticipatoria», como ha

⁴³ C. Fink (1989): *Marc Bloch. A Life in History*, Cambridge, Cambridge University Press, 247-252.

sido llamada, era una decisión juzgable *ex post* como acertada entre las disponibles. Lamentablemente para ellos, una parte decidió retornar al año siguiente. Otra decisión, en este caso fatal⁴⁴. Y no se trata de definir esos movimientos como «voluntarios», sino de pensarlos en otros términos: opciones, muy restringidas indudablemente. Y los españoles que arribaron a Francia en la masiva retirada catalana, ¿debían o no volver, independientemente de cuál hubiera sido su exposición pública precedente? ¿Estarían comprendidos en la draconiana e imprecisa ley de responsabilidades políticas de 1939? Y los exiliados republicanos que muy gradualmente comenzaron a acercarse a España desde los años cincuenta, en esa lenta aproximación entre exterior e interior que tan finamente ha estudiado Ramón Villares, ¿qué riesgos y qué seguridades tenían al hacerlo?⁴⁵. Reconstruir esas incertidumbres es también tarea del historiador, salvo de aquellos partidarios de las verdades sencillas, claras y distintas. Por otra parte, veamos los espectáculos contemporáneos de los migrantes que cruzan en balsas el Mediterráneo. ¿Cuán voluntaria es esa decisión que demasiado frecuentemente incluye la muerte? ¿Estrategia o mera táctica desesperada de supervivencia? Se dirá que son simplemente casos límites y que nuevamente estamos en ese tipo de situaciones de frontera a las que ya aludimos. Aunque siempre en la vida de las personas hay una gradación de situaciones que van desde la extrema coacción hasta la libre decisión, no simplemente dos polos.

En cualquier caso, lo que los ejemplos aludidos sugieren es otra cuestión que tiene que ver con una especificidad (creo) del siglo XX. Por una parte, la existencia de aparatos jurídicos que garantizan nominalmente ciertos derechos a los ciudadanos o a los habitantes y, por otra, la violación, abierta o encubierta, de esos derechos por ciertos estados. Violación a menudo sin cancelación de las normas jurídicas garantistas. Esas actitudes del moderno Leviathan generaban y generan una situación de incertidumbre y desamparo que pesa sobre las decisiones de los posibles exiliados o los posibles emigrantes. Generan ambigüedades no existentes en los casos más antiguos, paradójicamente sometidos a mecanismos más brutales pero más previsibles. Dos ejemplos: la confiscación de bienes, que estaba ausente

⁴⁴ D. Glazer (2012): *El exilio incómodo. México y los refugiados judíos (1933-1945)*, México, El Colegio de México, 30-32.

⁴⁵ R. Villares (2011), «As Galicias de Luís Seoane, con exilio de fondo», en id., *op. cit.*, 423-464.

en general en el siglo XX europeo y americano, quizás porque era incongruente con el derecho de la propiedad que los totalitarismos de derecha decían defender, o la no pérdida de la ciudadanía combinada con la práctica de no conceder el pasaporte. Y es posible recordar que, salvo aquellos que estaban en prisión y tenían derecho de optar por salir del país, según las constituciones, para los otros partir o permanecer era una decisión que debía tomarse y que sugiere que el exilio contemporáneo puede estar más en línea con la afirmación de Cicerón que aludimos que con otras. Permite eludir no una pena, ya que demasiado a menudo no había ni juicio ni condena, sino al *schmittiano* poder de excepción, que suspende todo derecho y por ende se coloca fuera del orden jurídico y, así, tanto del derecho como de la pena, como ha argumentado Giorgio Agamben⁴⁶. Empero, por diferente que parezca, también los emigrantes estaban sometidos, de otro modo menos perentorio, a todo tipo de normas de excepción y a cancelaciones de derechos sin ningún marco normativo (como las políticas migratorias desde los años treinta, y luego en muchos contextos iberoamericanos, muestran bien).

Muchos paralelismos pueden realizarse entre esas dos figuras emblemáticas del siglo XX, el exiliado y el emigrante. Muchas ventajas pueden encontrarse en compararlos o en indagarlos en paralelo, al menos eso hemos querido mostrar. Sin embargo, si el historiador no quiere ser solamente testigo o memorialista y recuperar del olvido fragmentos de experiencias, operación desde luego legítima, pero para la cual quizás no sea necesario o imprescindible el oficio del historiador, si este debe plantearse además problemas relevantes que incluso lo excedan, reaparece una diferencia quizás originaria entre ambas figuras. El exiliado nos interroga sobre las personas y la arbitrariedad del poder. El emigrante moderno nos interroga sobre el capitalismo y la desigualdad social. Dos preguntas distintas, o desde ángulos distintos, sobre la condición humana.

⁴⁶ G. Agamben, art. cit.

**DA HISTORIA POLÍTICA
Á ANÁLISE TRANSNACIONAL:
ALGUNHAS REFLEXIÓNS
SOBRE OS EXILIOS
NO SÉCULO XX**

Xosé M. Núñez Seixas

Ludwig-Maximilians-Universität, Múnich

Arquivo da Emigración Galega

Oitenta anos decorreran dende o estalido da guerra civil española de 1936-39 e do comezo do éxodo político máis masivo da historia da España contemporánea, que tamén é un dos de maiores dimensións da historia contemporánea europea, de se exclúren as grandes vagas de refuxiados que percorreron o continente nos anos da II guerra mundial e os posteriores. O seu estudo deu lugar a milleiros de títulos dende diversas disciplinas, converténdose nun dos temas historiográficos e literarios máis vizosos do século XX hispánico e mesmo europeo. Foi cultivado como lugar de memoria antifranquista e como experiencia traumática, como ámbito de actuación política dos transterrados, como contributo aos países de destino, como transplante de identidades políticas e territoriais da península, e, así mesmo, como experiencia individual e colectiva traumática. O exilio constitúe, nas ciencias sociais e humanas ibéricas ou hispánicas, e tamén nalgúns hispanismos foráneos —nomeadamente no hispanismo francés—, un eido temático individualizado e ben identificábel, no que diversos grupos de pescuda levan operando dende hai decenios, e do que a produción bibliográfica é variada e abundosa¹.

A variedade e mais a abundancia desa literatura non implica que todas as preguntas posíbeis verbo do exilio republicano de 1936-39 fosen respondidas, ou que o fosen de maneira historiograficamente satisfactoria. Pois o tratamento do(s) exilio(s) nas historiografías, nas ciencias sociais ou nos estudos culturais e literarios ibéricos está afectado, ao meu ver, dun aínda evidente predominio de perspectivas acríticas. Iso ten a ver coas propias circunstancias do seu estudo, case centrado de xeito exclusivo, agás algunhas achegas sobre o exilio dos liberais e dos carlistas no século XIX, no exilio por antonomasia, o éxodo republicano español de 1936-39. A meirande parte da pesquisa académica sobre o exilio xerouse primeiro en departamentos de lingua e literatura hispánicas fóra do Estado español, que pola súa vez tiveron un carimbo decisivo da achega dos propios exiliados republicanos españois, e mais o selo imprentado polos seus descendentes directos á xénese ou orientación deses mesmos departamentos. Outra parte desa pesquisa

¹ Para visións de síntese, vid. G. Dreyfus-Armand, *El exilio de los republicanos españoles en Francia. De la Guerra Civil a la muerte de Franco*, Barcelona, Crítica, 2000, e A. Alted Vigil, *La voz de los vencidos: El exilio republicano español de 1936*, Madrid: Aguilar, 2005. Para o caso galego, vid. X. M. Núñez Seixas e P. Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936. Política, Política, sociedade, itinerarios*, Sada-A Coruña, Eds. do Castro/ Consello da Cultura Galega, 2006.

foi promovida dende os estudos literarios e/ou artísticos, con especial énfase nos creadores (artistas, escritores, etc.), mais tamén nos profesionais.

A afirmación anterior tamén ten relación coa idealización, adoito acrítica, de que o exilio republicano español foi obxecto na España posterior a 1975; mais igualmente ten a ver coa falla de perspectiva comparada con outros exilios antifascistas europeos, e mais coa separación metodolóxica —e, adoito, apriorística— entre os estudos do exilio e os estudos migratorios. No fondo, trasladouse a todos os exilios peninsulares o que se supuña que era o modelo paradigmático de relación entre os exiliados republicanos e mais os emigrantes económicos asentados con anterioridade que se producira en México após 1939, dende os estudos do antropólogo Michael Kenny e mais doutros autores que seguiron o seu viero². Ese modelo mantívose no imaxinario colectivo e nos postulados fundamentais de numerosos estudos sobre o exilio. Con todo, posteriores análises amosaron, baseándose nun sólido fundamento empírico, que a imbricación sociolaboral entre os «antigos residentes» e mais os novos chegados fora máis estreita do aceptado até o daquela por uns e outros. Pois non todo fora desprezo e ignorancia mutua entre «gachupíns» e exiliados, cando menos no ámbito da vida cotiá, do mercado de traballo e das relacións sociais³.

Tamén dende a historia política, cultural, literaria e artística, o exilio foi abordado con frecuencia dende unha perspectiva acusadamente idealista, identificándose co seu obxecto de estudo de maneira acrítica, cando non apaixonada. Asumíase que os expatriados padeceran un castigo case equiparábel á cadea ou á morte, como era o desterro; que sufriran saudades sen conto e experimentaran a

² Vid. M. Kenny (1962): «Twentieth-Century Spanish Expatriates in Mexico: an Urban Sub-Culture», *Anthropological Quarterly*, 35, 169-80; así como M. Kenny *et alii* (eds.) (1979): *Inmigrantes y refugiados españoles en México. Siglo XX*, México DF, Eds. de la Casa Chata. En parte, tamén reflicte esta división tradicional o traballo de D. Schwarzstein (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en la Argentina*, Barcelona, Crítica.

³ Vid., sen sermos exhaustivos, C. Lida (1997): *Inmigración y exilio. Reflexiones sobre el caso español*, México DF, Siglo XXI / El Colegio de México; C. Soldevilla Oria (1998): *La Cantabria del exilio: una emigración olvidada*, Santander, Universidad de Cantabria; e mais D. Pla Brugat (1994): «Características del exilio en México en 1939», en C. E. Lida (comp.), *Una inmigración privilegiada. Comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*, Madrid, Alianza, 218-231; igualmente, D. Pla Brugat, (2003): *El aroma del recuerdo. Narraciones de españoles refugiados en México*, México DF, Plaza y Valdés / INAH, e id. (ed.) (2007): *Pan, trabajo y hogar. El exilio republicano español en América Latina*, México DF, SEGOG / INM / INAH/DGE Eds.

frustración de non poderen volver; e, sobre todo, que eran quen, derrotados os ideais no chan patrio, podían manter as esencias en terra estraña. Devían así en gardiáns da ortodoxia ou dos ideais, recreándoos noutro lugar. Porén, téndese na historia política europea e americana a manter ríxidas as fronteiras nacionais ou estatais. Os exiliados son interesantes para as historiografías nacionais, sobre todo, na medida en que volven ou na medida en que a súa actividade política e cultural se vencella sempre tendencialmente ao país de orixe. Mais, no caso de optaren pola asimilación cultural individual e familiar nas súas sociedades de destino, deveñen nun obxecto de perfís esluídos, que se vai perdendo na lonxanía.

Deste xeito, a dimensión máis xenuinamente transnacional destes exiliados —quer dende unha perspectiva de historia das transferencias culturais, quer dende unha óptica de historia cruzada⁴— adoitou pasar a un segundo plano ou ficar case inadvertida, máis alá da frecuente elaboración de listaxes de exiliados nos diferentes países, e nomeadamente de lembranzas aos transterrados que foron activos en diversos eidos das ciencias e das letras. O máis importante era o fío de Ariadna que os permitiría volver, ou, cando menos, que os mantiña vencellados á súa sociedade de orixe. Iso xa viña de lonxe, e aplicárase igualmente aos estudos sobre os exilios liberais e republicanos decimonónicos europeos. Así acontecía, por exemplo, co caso dun dos exiliados máis representativos do século XIX, Giuseppe Garibaldi, onde a dimensión americana do líder republicano e mais a pegada deixada alén mar, fose en Bos Aires, Montevideo ou no Río Grande do Sul, fican case inadvertidas para a meirande parte dos estudosos, moito máis interesados no papel desempeñando por Garibaldi no *Risorgimento* italiano⁵.

I. PARADIGMAS HISTORIOGRÁFICOS SOBRE O EXILIO POLÍTICO E AS SÚAS LIMITACIÓNS

A partir das premisas expostas, e simplificando a diversidade de perspectivas e estudos existentes verbo dos exilios, é posíbel identificar o nacemento de tres

⁴ Vid. M. Werner e B. Zimmermann (2003): «Penser l'histoire croisée. Entre empirie et réflexivité», *Annales Histoire, Sciences Sociales*, 58:1, 7-36.

⁵ Así se aprecia, mesmo, na moi meritoria obra de L. Riall (2007): *Garibaldi: The invention of a hero*, New Haven, Yale UP.

paradigmas que caracterizaron, mais tamén lastraron metodoloxicamente, a historiografía sobre o exilio europeo, en xeral, e do exilio republicano español da guerra civil, en particular:

1. A consideración do exilio como un *lugar de hibernación* e, polo tanto, no longo prazo de falla de actualización, de proxectos políticos ancorados no tempo (a República de Weimar, a Rusia dos tsares, a II República española en guerra), cuxos postulados ideolóxicos ficaban inalterábeis ao longo do tempo. Segundo esta perspectiva, moi influente no estudo do exilio español de 1939, os transterrados gardaron un lume sacro, o legado da democracia, da monarquía ou da emancipación social e/ou nacional, así como a memoria da propia tradición política. Porén, non foron quen de o anovar e actualizar de acordo coas mudanzas do longo século XX, perderon o contacto coa realidade social do seu país de orixe e tampouco souberon conectar coas novas xeracións do que, no caso español, viría en chamarse o «interior» (cando menos, alí onde era posíbel esa relación, que non foi tan fluída en todos os casos de diásporas políticas). Esa perspectiva situaba, de xeito implícito ou explícito, o peso da formulación de novas ideas para a liberación da ditadura ou da ocupación (fascista) na resistencia activa dende o interior, ou ben na oposición clandestina.

Esquecíase aquí, porén, que o exilio non sempre perdía a conexión co interior, senón que en moitos casos tiña lugar unha retroalimentación constante. A *exopolítica* —segundo a terminoloxía de Dufoix— non consiste unicamente nunha reprodución en illas estancas das retesías e dos proxectos político-ideolóxicos do país de orixe. Pola contra, áchase tamén suxeita a dinámicas específicas, á recepción de variados influxos, á competición entre varios centros do exilio con outros exilios nacionais e/ou territoriais (mesmo de todos eles apelaren a unha ideoloxía internacionalista/transnacional), así como á coexistencia coas diásporas anteriores (tradicionalistas, imperiais ou produto dos movementos de refuxiados) da propia procedencia, e mais á permeabilidade cos sistemas políticos dos países de acollida⁶.

2. Igualmente, e como xa afirmamos, *a oposición entre exilio político*, dunha banda, e *emigración «económica»*, da outra, está amplamente estendida nos estu-

⁶ S. Dufoix (2002): *Politiques d'exil: Hongrois, polonais et tchécoslovaques en France après 1945*, París, PUF. Vid. tamén K. Schlögel (ed.) (1994): *Der große Exodus. Die russische Emigration und ihre Zentren 1917–1941*, Múnich, Beck.

dos sobre emigración e exilio. Porén, podemos dubidar de que a tal dicotomía sexa sempre acertada ou analiticamente operativa. De entrada, porque as fronteiras entre exilio e emigración son menos nidas do que semella a priori —o texto de Fernando Devoto neste volume exímenos de dedicar moito espazo a este apartado. Nalgúns exemplos, coma no caso do exilio galego de 1936, tentamos establecer unha tipoloxía de síntese que abrangue esa complexidade⁷. Resumindo, emigrantes e exiliados presentan no seu itinerario de desterro moitos puntos en común. Os seus dilemas son, adoito, ben semellantes: procurar traballo e aloxamento, ter os papeis precisos, dispor de quen os avale perante as autoridades de inmigración do país receptor, ou os forneza dun traballo denantes de ingresaren no país de acollida. Doutra banda, os exiliados tamén dependen máis das categorías conceptuais establecidas polos países de acollida e dos seus criterios administrativos de aceptación ou escolma. Non todos os que queren expatriarse o poden facer, pois as oportunidades duns e doutros dependen en boa medida dos seus recursos, dos seus coñecementos e dos seus coñecidos, das políticas migratorias dos países de recepción, das redes microsociais (cadeas migratorias) e/ou das familias políticas nacionais e transnacionais nas que se insiren. En definitiva, da mesma maneira que, como ten subliñado amplamente a historiografía sobre as migracións, non emigra quen quere, senón quen pode, tamén no caso dos exiliados non sempre sae ao desterro quen quere, senón quen pode⁸.

O devandito non significa que entrambos os dous tipos ideais, exiliados e emigrantes, deixen de existir diferenzas. Sinxelamente, que cómpre analízalas polo miúdo. No caso dos exiliados, son as circunstancias da partida as que en boa medida determinan a súa especificidade (non poden escoller, han tomar a decisión de saír de maneira abrupta, a permanencia supón un perigo real); están, ademais, máis suxeitos a regulamentacións restritivas, e igualmente (dende a década de 1940) dependen moito máis da axuda recibida por parte de organizacións internacionais ou non gobernamentais, que en parte se ocupan de definir o status xurídico do exiliado, como obxecto merecente da súa axuda. E, finalmente, os exiliados adoitan desenvolver unha forte identidade de grupo, sobre todo se o

⁷ Cf. X. M. Núñez Seixas (2016): *O soño da Galiza ideal: Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*, Vigo, Galaxia, 69-124.

⁸ F. Devoto (1999): «Ideas, políticas y prácticas migratorias argentinas en una perspectiva de largo plazo (1852-1960)», *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 7, 29-60.

itinerario unía experiencia de guerra e/ou cativerio, mais tamén ás veces a unha certa consciencia de superioridade moral fronte a quen só se ocuparía de gañar cartos. Iso non sempre facía doada a súa asimilación ou integración no colectivo dos coterráneos transterrados.

Con todo, existen grupos e casuísticas non doadamente encadrábeis nesa dicotomía básica emigrante/exiliado. Hai exiliados que tiveron certa capacidade de elixir o seu intre para saír do seu país, deseñar unha estratexia e recorrer a apoios e redes. Doutra banda, cómpre preguntarse se as mulleres ou cónxuxes en xeral —a perspectiva de xénero no estudo dos exilios constitúe até o de agora un amplo eido case inexplorado— dos exiliados políticos son tamén exiliadas/os na mesma medida do que os seus homes ou mulleres, se tamén partillaron as súas motivacións e experiencias. Así mesmo, tamén cómpre plantexarse até que punto constitúe un caso á parte a experiencia dos nenos e menores de idade, que moitas veces son demasiado pequenos cando parten para lembrar a experiencia da separación da súa terra de orixe, e se socializan plenamente nos valores da sociedade de acollida. A pregunta abrangería os descendentes dos emigrantes políticos, mais tamén os casos peculiares dos *nenos da guerra* españois na URSS, e dos nenos gregos e macedonios evacuados á Europa do Leste co gallo da guerra civil grega.⁹

Houbo igualmente moitos casos de exiliados que emigraron dende o seu país, dun punto de vista formal, como emigrantes, obtendo pasaportes e permisos das autoridades e xestionando contratos de traballo nos países de destino, recorrendo a parentes e conveciños; malia iso, eses migrantes consideráronse sempre expatriados políticos. E existiron tamén abondosos casos de emigrantes «económicos» que se identificaron cos ideais e coa cultura política dos exiliados cando estes chegaron aos puntos de destino, configurando unha categoría híbrida que poderíamos considerar como emigrantes «mobilizados». O escritor e xornalista galaico-porteño Eduardo Blanco Amor falaba de «emigrantes» (económicos) e «emigrados», tradución directa de *émigrés*, para se referir ás diferenzas de comportamento e cultura política entre emigrantes mobilizados e exiliados na comunidade galega de Bos Aires nos anos

⁹ Vid. V. Sierra Blas (2009): *Palabras huérfanas: Los niños y la guerra civil*, Madrid, Taurus; M. Mazower (ed.) (2000): *After the War was Over. Reconstructing the Family, Nation and State in Greece, 1943-1960*, Princeton NJ, Princeton UP.

corenta¹⁰. De aí que algúns autores propoñan como concepto máis operativo o de *emigración política*, e non tanto o de exilio, cuxas contornas teóricas son ben máis borrosas¹¹. Existen emigracións «económicas» nas que as motivacións de descontento sociopolítico, máis ou menos esluídas, tamén desempeñan un papel decisivo á hora de tomar a decisión de expatriarse. Porén, as experiencias cotiás deses emigrantes —traballadores portugueses na Francia da década de 1960, por exemplo— non son directamente equiparábeis ás dos exiliados¹².

3. A visión da actividade e ámbito de actuación do colectivo exiliado como *unha illa*, sen conexión política e intelectual cos seus medios e países de acollida, sobre todo no caso dos políticos expatriados. Isto non sempre foi xulgado así no caso dos artistas plásticos ou dos creadores literarios, así como, dos xornalistas, entre os que se recoñece o seu carácter híbrido¹³. Así e todo, pártese adoito do presuposto de que os exiliados, en todo tempo e lugar, tenden a viviren de costas á vida pública do seu país de acollida —o cal tamén constitúe unha estratexia racional pola súa parte, xa que así non arriscan ou prexudican a súa residencia legal no Estado que os cobexa—, e, pola contra, orientan o groso da súa actividade pública cara ao país de orixe.

Esquecíanse así, porén, abondosos matices. Pois moitos exiliados, nomeadamente os encadrados en culturas políticas transnacionais (liberalismo, anarquismo, comunismo, mais tamén algúns nacionalistas subestatais, por exemplo), amosaron unha acusada tendencia a participaren de maneira directa ou indirecta nas angueiras públicas dos seus correligionarios nos países de acollida. Casos houbo, por exemplo, de duplo exilio, nomeadamente entre exiliados republicanos

¹⁰ E. Blanco Amor, «Nosotros los emigrantes», *Galicia*, 28.4.1945. Para unha interpretación máis de vagar, cf. X. M. Núñez Seixas (2011): «Política dos exiliados e política dos emigrados», en R. Villares (ed.), *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane, entre Galicia e Arxentina*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 89-120.

¹¹ Vid. por exemplo, F. Devoto / P. González-Bernaldo (eds.) (2001): *Émigration politique. Une perspective comparée. Italiens et Espagnols en Argentine et en France (XIXe-XXe siècles)*, París, L'Harmattan.

¹² Cf. C. Climaco (1998): «L'exil politique portugais en France et en Espagne: 1927-1940», Tese de doutoramento, Université Paris 7; V. Pereira (2012): *La dictature de Salazar face à l'émigration L'État portugais et ses migrants en France (1957-1974)*, París, Presses SciencesPo.

¹³ Caso, por exemplo, do francoespañol Jorge Semprún ou do galaicoarxentino Luís Seoane (vid. J. Céspedes Gallego (2012): *La obra de Jorge Semprún. Claves de interpretación*, Berna, Peter Lang; e R. Villares (ed.) (2011): *Emigrante dun país soñado*).

españóis refuxiados en América Latina e logo comprometidos con movementos guerrilleiros ou de esquerda revolucionaria¹⁴.

II. UNHA ACHEGA HISTORIOGRÁFICA TRANSNACIONAL AOS EXILIOS

Nos últimos lustros produciuse unha importante revalorización e, en parte, renovación do fenómeno do exilio como obxecto de estudo, en boa parte através do sopesamento crítico da historiografía sobre os exilios europeos no século XIX e XX, mais tamén á luz dalgúns paradigmas teóricos anovados, nomeadamente o da historia transnacional. É un paradigma do que aínda non dispomos de moitas definicións sólidas, e que aquí, seguindo aos historiadores alemáns Jürgen Osterhammel, Kiran Patel e Sebastian Conrad, utilizaremos nun senso laxo, enxergándoo máis ben como perspectiva que sitúa a énfase nos elos/vencellos e nas relacións entre as unidades estudadas, e que ten como un dos seus temas predilectos as experiencias dos que se moven: viaxeiros, emigrantes e exiliados, amais das accións e intervencións das organizacións internacionais¹⁵. No marco desa perspectiva abordáronse de xeito particular as migracións, mais tamén teñen o seu lugar os exilios, en canto redes ou tecidos de relacións transnacionais que están suxeitas á súa vez a dinámicas de evolución específicas. Através desas redes espalláronse modelos de redención ou revolución, culturas políticas transnacionais e, mesmo, modelos de concepción ou construción política e cultural da propia nación¹⁶.

¹⁴ Vid. por exemplo, E. Rey Tristán, «Exilios de ida e volta», en Núñez Seixas e Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936*, pp. 491-497.

¹⁵ Vid. K. Patel (2004): «Überlegungen zu einer transnationalen Geschichte», *Zeitschrift für Geschichtswissenschaft*, 52, 626-645; G. Budde / S. Conrad / O. Janz (eds.) (2011^{2ª}ed.): *Transnationale Geschichte. Themen, Tendenzen und Theorien*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht; P.-Y. Saunier (2013): *Transnational History*, Basingstoke, Palgrave Macmillan; S. Conrad / J. Osterhammel (eds.) (2004): *Das Kaiserreich transnational. Deutschland in der Welt 1871-1914*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht; D. T. Rodgers (1998): *Atlantic Crossings: Social Politics in a Progressive Age*, Cambridge MA, Belknap Press; Th. Bender (ed.) (2002): *Rethinking American History in a Global Age*, Berkeley, University of California Press, e C. Conrad (2017): *Historia global. Una nueva visión para el mundo actual*, Barcelona, Crítica.

¹⁶ D. Hoerder (2009): «Losing National Identity or Gaining Transcultural Competence: Changing Approaches in Migration History», en H.-G. Haupt / J. Kocka (eds.), *Comparative and transnational*

Os exilios e/ou movementos de refuxiados, vistos agora como «peregrinacións» peculiares¹⁷, non só son reflexo do interese da historia transnacional polas redes de comunicación, polo movemento de persoas e ideas, pola comunicación en si (como *explanandum*, máis que como *explanans*), e mais polas diásporas, dentro dunha visión tendencialmente positiva da globalización, ollada como proceso dinámico e crecente, na que se admiten, porén, novos riscos para a seguranza internacional derivada da interconexión das redes terroristas globais, das mafias ou das organizacións criminais. Tamén permiten atender a unha dimensión adoito esquecida ou menosprezada na historia transnacional, como é o ámbito dos conflitos, as loitas, a violencia (que tamén circula entre as sociedades e os continentes) e mais as guerras¹⁸. Xa que logo, pódense converter así mesmo nunha xanela para accedermos, precisamente, a facetas menos positivas ou non necesariamente queridas deses procesos de transferencia cultural.

1. Como ámbito onde se reflexiona e se elaboran proxectos políticos e intelectuais de maneira proactiva, e non só se codifican legados e memorias dun tempo pasado para os transmitir ás novas xeracións que na patria ficaron. Pola contra, no exilio tamén teñen lugar interaccións de ideas e proxectos anovadores, nunha sorte de osmose, en diferentes intres coa sociedade de orixe, a de acollida e con outros exilios políticos (da mesma orixe ou da mesma orientación política), así como con outros núcleos xeográficos onde tamén existen grupos de exiliados pertencentes ao mesmo país e familia política. Xorde así un ámbito de comunicación transfronteirizo e, adoito, transatlántico, que foi estudado, sobre todo, para o caso dos internacionalistas viaxeiros por excelencia no longo século XIX: os anarquistas¹⁹. Esa interacción supón un grao de influencia mutuo entre ambas as dúas realidades, o «exilio» ou «exilios» (no caso dunha diáspora

history: Central European approaches and new perspectives, Nova York / Oxford, Berg, 247-271; E. Loyer (2009): «Exile», en A. Iriye / P.-Y. Saunier (eds.), *The Palgrave Dictionary of transnational history*, Londres, Palgrave Macmillan, 368-70.

¹⁷ I. Fey / K. Racine (eds.) (2000): *Strange Pilgrimages: Exile, Travel and National Identity in Latin America, 1800-1990s*, Wilmington, check ed.

¹⁸ Vid. T. Lyons / P. Mandaville (eds.) (2012): *Politics from Afar: Transnational Diasporas and Networks*, Londres. Hurst & Co.; G. Sheffer (2003): *Diaspora Politics: At Home Abroad*, Cambridge, Cambridge UP.

¹⁹ Vid. T. Wätzold (2015): *Der libertäre Atlantik – unsere Heimat ist die ganze Welt. Die Entwicklung der Arbeiterbewegung Südamerikas zur Zeit der europäischen Massenmigration als Teil der Kulturgeschichte des internationalen Proletariats*, Hamburgo, Verlag Barricade.

de exiliados distribuírse en varios puntos de destino, conformando núcleos suxeitos a dinámicas de seu), e mais o «interior», nun proceso de entrecruzamento que dá lugar a unha auténtica historia *cruzad* ou *croisée*²⁰. Iso implica, como lembra Lutz Raphael, abordarmos cal foi o efecto das interaccións no nivel das ideas, pero tamén no nivel, máis difícil de rastrexar, das prácticas sociais dentro das unidades cuxa interacción se estuda. O que supón irmos alén das relacións político-diplomáticas e da circulación das imaxes e dos modelos políticos e culturais²¹. As ideas e actores que se intercambian reciben tamén, pola súa vez, un carimbo máis ou menos intenso do propio proceso de osmose e de intercambio (M. Espagne), como se comproba no caso de saberes como a historiografía, suxeita a viaxes de ida e volta entre dous ou máis continentes que arriqueceron as perspectivas de análise do lugar de orixe, grazas ás novas ideas adquiridas na sociedade de acollida²².

Deste xeito, poñamos por caso, até comezos do século XXI a imaxe do exilio en boa parte da historiografía europea foi a dun «invernadoiro», isto é, un refuxio a distancia dos que gardaban a memoria do pasado, mais non necesariamente dos que tiñan a chave do futuro. Esa visión foi reforzada, durante o proceso de Transición e consolidación democrática na España, pola propia experiencia histórica da fin do franquismo, nomeadamente polo decisivo protagonismo que, en partidos coma o socialista (PSOE), tomaron as xeracións do interior fronte a quen loitaran na guerra civil, ou á vista do enfrontamento que xurdiu entre os dirixentes chegados do exilio e os cadros autóctonos do interior no Partido Comunista de España (PCE) após 1977; ou mesmo perante o retorno de Josep Tarradellas dende o exilio, ben orquestrado polo Goberno da Unión de Centro Democrático contra do protagonismo adquirido pola esquerda catalanista dende as eleccións lexislativas de 1977. Porén, esta non era a única expe-

²⁰ P.-Y. Saunier (2004): «Circulations, connexions et espaces transnationaux», *Genèses*, 57, 110-126.

²¹ Cf. L. Raphael / H.-E. Tenorth (eds.) (2006): *Ideen als gesellschaftliche Gestaltungskraft im Europa der Neuzeit: Beiträge für eine erneuerte Geistesgeschichte*, München, Oldenbourg.

²² Vid. M. Espagne, “Au-delà du comparatisme”, en id. (ed.), *Les transferts culturels franco-allemands*, Paris: PUF, 1999, pp. 35-49; M. Middell (2000): «Kulturtransfer und Historische Komparatistik – Thesen zu ihrem Verhältnis», *Comparativ*, 10, 7-41. Vid. un bo exemplo, para o caso das historiografías de Europa centro-oriental entre 1945 e 1989, en J. Undusk (2015): «History Writing in Exile and in the Homeland after World War II: Some Comparative Aspects», en M. Zadenka / A. Plakans / A. Lawaty (eds.), *East and Central European History Writing in Exile 1939-1989*, Leiden/Boston, Brill/Rodopi, 322-342.

riencia posíbel, nin aconteceu do mesmo xeito en todos os partidos. O Partido Nacionalista Vasco (PNV) foi, neste senso, un caso moi diferente, no que o exilio fixo entrega do seu legado aos novos protagonistas do interior e mesmo cohabitou con eles. En todo caso, o chamado *Contubernio* de Múnic, en xuño de 1962, foi visto con razón como un fito fundamental na comunicación entre exilio republicano español e oposición interior²³. Mais ese encontro tivo unha prehistoria, e diversas secuelas.

Doutra banda, ao longo dos case corenta anos do exilio, foran varias as conxunturas de vizoso intercambio entre expatriados e opositores do interior. Houbo dirixentes políticos enviados ao interior dende o exilio, vagas de exiliados diferentes e superpostas dende 1939, exiliados que retornaron e retomaron en parte a súa actividade política e/ou intelectual na España franquista, e un longo etcétera. A partir da década de 1950 e, sobre todo, durante os anos sesenta e setenta, as fronteiras da España franquista xa non eran tan impermeábeis coma na década de 1940. Houbo intres e conxunturas concretas nas que se intensificou o intercambio. Os comunistas do exterior e mais os actuaes no interior mantiveron sempre unha comunicación máis ou menos fluída, a través de liberados, emisarios e emisións radiofónicas. Os líderes da guerrilla recibían enviados e mensaxeiros dende Francia, ou mesmo dende a URSS; adoito, eses mesmos xefes partisanos proviñan eles mesmos do exilio. E algúns activistas sindicais de Ferrolterra, dende os anos cincuenta, pasaban tempadas de formación en Francia, cando non nalgunha das repúblicas populares do Leste²⁴.

Si una característica distingue al exiliado del emigrante (hasta cierto punto, y más para algunos grupos que para otros) es que el primero quiere volver lo antes posible a su patria para luchar y afirmar sus ideas, pero estos grupos mostraron en medida muy relativa tal actitud. Cuando hubo regreso, esto no significó un retorno a la actividad política, y más bien fueron los que se habían quedado en sus países los que se reciclaron en el juego político en la democracia⁷⁴.

Wolfgang Schivelbusch ha indagado recientemente en la «cultura de los derrotados», sin analizar de manera específica el caso de los nazifascistas, subrayando que la derrota puede ser procesada de varios modos (convicción de ser los ganadores morales, espíritu de revancha, toma de distancia del pasado) y hasta transformada en un recurso positivo para la acción.

En la introducción a la traducción italiana de su trabajo, el reconocido historiador italiano Roberto Vivarelli, que a los 14 años se alistó en la policía paramilitar de la Repubblica de Saló para vengar la muerte del padre, fascista, en Yugoslavia, por mano de los partisanos de Tito⁷⁵, ha ilustrado otra forma de reelaboración pertinente para los derrotados de la guerra civil italiana de 1943-1945: negar la misma derrota, considerando que no hubo «ni ganadores ni derrotados», porque Italia perdió la guerra y los antifascistas eran una pequeña minoría en un país que había sido fascista hasta la última hora⁷⁶. Tal vez, también, algunos

⁷² E. Priebke: *Autobiografia. Vae Victis*, cit. Notamos de paso que en el título Priebke retoma la expresión en latín «Vae victis», que significa «dolor al vencido», para aludir polémicamente a la justicia sin fundamento jurídico de los ganadores, de la cual él, desde su perspectiva, habría sido víctima.

⁷³ F. Bertagna: *La patria di riserva*, cit., 79-101.

⁷⁴ N. Frei: *Carriere*, cit.; por lo demás, en algunos de los casos de retorno a la actividad política que han desatado más polémicas (como por ejemplo el de Kurt Waldheim, que durante la campaña que lo llevó a la presidencia de Austria mintió sobre sus antecedentes como oficial de inteligencia de la Wehrmacht en los Balcanes durante la guerra) no se han comprobado responsabilidades criminales.

⁷⁵ Ver sus memorias: Roberto Vivarelli (2000): *La fine di una stagione. Memorie 1943-1945*, Bologna, Il Mulino.

⁷⁶ Ver Roberto Vivarelli (2006): «Vinti e vincitori in Italia dopo la seconda guerra mondiale», en Wolfgang Schivelbusch, *La cultura dei vinti*, Bologna, Il Mulino.

de los vencidos fascistas que se exiliaron luego de la Segunda Guerra Mundial hayan compartido esta visión, sin darse cuenta hasta sus últimos días de que si el componente mayoritario de la Resistenza antifascista, es decir, los comunistas, tuvieron que aceptar compromisos y no pudieron lograr todos sus objetivos, a pesar de haber ganado, esos mismos compromisos permitieron la construcción de la democracia en Italia, conquista que nadie hoy discute⁷⁷.

⁷⁷ Aurelio Lepre (2006): «Quando i vinti riscrivono la storia», *Il Corriere della Sera*, 15 de febrero.

O CASO GALEGO DENTRO DO EXILIO COMUNISTA INTERNACIONAL

Víctor Manuel Santidrián Arias
Fundación 10 de Marzo

Está claro que o capital non ten patria. Nin a tivo. O que non resulta tan evidente é que o proletariado —e a súa autoproclamada vangarda— non a tivese. Por iso, e a pesar da solidariedade internacionalista e das apelacións marxianas á unidade da clase obreira de todo o mundo, o exilio sempre foi un oficio duro para os comunistas¹. Oficio que, por certo, exerceron con frecuencia: hai quen fala da existencia dunha especie de canon do «exilio comunista», cun mito fundacional baseado na historia oficial do partido bolxevique. No seu relato, o exilio constitúe unha fase case necesaria no desenvolvemento dun verdadeiro partido comunista: é «un exilio-escuela» —en palabras de Olga Ulianova, autora dun traballo sobre o exilio dos comunistas chilenos durante a ditadura de Pinochet—, unha escola onde «se elaboran estrategias y tácticas que se aplicarían luego en el país, se aclaran cuestiones teóricas, se preparan los cuadros jóvenes, se apoya en los “partidos hermanos” y luego, cuando se dan las condiciones, se retorna para hacer la revolución y llegar al poder o, a lo menos, llegar a ser actores relevantes a la cabeza del partido en democracia» (Ulianova 2013: 217).

Trataremos nestas páxinas dun caso particular do exilio comunista, o galego (e español). Farémolo utilizando como fío condutor a vida de dúas persoas que foron símbolos do comunismo galego (mais tamén español e, en boa medida, internacional): Enrique Lister (1907-1994) e Santiago Álvarez (1903-2002). O exilio destes dous comunistas condicionou a súa militancia, é dicir, a súa vida, e con iso a da organización que dirixiron, o Partido Comunista Español (PCE). Pola súa vez, a compoñente ideolóxica e a adscrición nacional desta militancia viñan dadas polo feito de que o PCE foi durante moitos anos a Sección Española da Internacional Comunista, o partido da revolución mundial. A pesar da desaparición da Comintern, a cultura comunista en que se criaron politicamente Lister e Álvarez seguiu marcada, dalgún xeito, por esa realidade.

O fenómeno do exilio comunista vén, xa que logo, de lonxe, sobre todo en latitudes hispánicas onde o exilio é «un rasgo nacional persistente» (Duarte 2009: 117 e ss.). Pouco sabemos, porén, dos primeiros anos do Partido Comunista en Galicia pero os seus inicios non deberon ser doados. Aos poucos meses da constitución da federación galega, en abril de 1923, produciuse o golpe de Estado de Primo de

¹ *Duro oficio o exilio* é o título dun poemario que o poeta turco Nazim Hikmet, morto no exilio soviético —na patria do socialismo, referencia da militancia comunista que aquí estudamos—, publicou en 1957.

Rivera. Non temos noticias de posibles exilios ou deportacións de comunistas galai-cos durante este período. Resultou determinante, iso si, o fenómeno da emigración económica a América, sobre todo porque foi alá onde se politizou algún dos nosos protagonistas. É o caso de Enrique Líster, que fala da súa estadía en Cuba como o seu primeiro exilio, aínda que non parecía deberse a causas políticas².

Nos anos republicanos, os comunistas intentaron organizar as súas propias escolas de formación para militantes, que estiveron fortemente xerarquizadas: uns comunistas foron enviados á Escola Lenin e outros, á escola de formación de Madrid. Unha das poucas noticias que temos da presenza de galegos na Moscova desta época procede das memorias da comunista Isabel Ríos, quen di que un camarada da Coruña, Escariz, pasara pola escola leninista (Ríos 1986: 44)³.

Outro dos militantes galegos enviados á capital soviética foi o aínda descoñecido Enrique Líster, daquela Jesús Liste. Da súa estadía entre setembro de 1932 e setembro de 1935 na escola de Moscova sabemos algo polo seu propio testemuño (Líster 2007a). A saída de España facilitoulla o Partido Comunista, no que xa militaba o mozo de Calo. Coma noutros casos —por exemplo, o do futuro ministro comunista Jesús Hernández—, veu determinada pola persecución policial á que estaba sometido debido á súa participación en actos de violencia (política). O seu destino foi a Escola Internacional Lenin, onde se fixo realidade o seu «deseo más ardiente»: «vivir y trabajar con los hombres soviéticos» (Líster 2007a: 52)⁴.

Líster lembra que contactou con cidadáns soviéticos nas visitas a fábricas e *kolkhozes* organizadas pola escola pero, dadas as características desta, os contactos

² Un dos poucos textos coñecidos de comunistas galegos destes anos chámase «El Comunismo y el proletariado español», reproducido por entregas no periódico *Revolución. Órgano de la Sociedad Obrera de Cultura de Pontevedra*. O seu autor, Guillermo Cedrón Gómez, presidente do raio comunista da cidade departamental, foi home de negocios na Habana antes de exercer como mestre en Ferrol.

³ Trátase, case con seguridade, de Manuel Escariz, de quen pouco sabemos. Foi candidato comunista nas eleccións da República, en cuxa documentación aparece como albanel. Coñecemos de Manuel Escariz o texto da conferencia que impartiu en Pontevedra: «Cómo se desarrolla la vida obrera y campesina en Rusia» (*El País. Diario Republicano*, insíreo na súa edición do 2 de abril de 1933).

⁴ Sensación semellante á que sentiu Álvaro Cunhal, futuro secretario xeral do PCP: «Em 1935 estive lá vários meses, na altura da colectivização, da industrialização e participei como os jovens soviéticos do entusiasmo da construção da nova sociedade; não era uma ilusão, vivia e participava com eles» (Pacheco 2000: 136). Desexo e fascinación pola patria do socialismo compartida non só pola militancia comunista, senón por moitas persoas —non todas— do mundo occidental que visitaron a URSS.

foron moi limitados (Líster 2007a: 52). Eran intensos mentres traballaba nas obras do metro, nas que «era un ciudadano como los demás» (Líster 2007a: 52). Segundo o seu propio testemuño, traballou na construción da primeira liña do metro de Moscova, «metáfora de la edificación del socialismo»⁵. Eran os tempos do stakhanovismo e Líster converteuse en «obrero de choque» cun cumprimento de obxectivos do 132 % (Líster 2007a: 32). Era, xa que logo, un traballo duro no que os mozos que alí laboraban desbaldían «entusiasmo», «heroísmo» e «espíritu de sacrificio»: «¡Qué juventud tan maravillosa!», escribe Líster (Líster 2007a: 52).

O miliciano galego e os seus compañeiros de pupitre estudaron materias relacionadas coa historia do partido bolxevique ou coa construción do socialismo na URSS, clases de marxismo e historia do movemento obreiro, táctica política e organización de folgas e insurreccións (Priestland 2010: 137-138). Ademais, os profesores da escola militar á que asistiu durante catorce meses compartiran trincheira co canteiro galego durante a Guerra Civil.

É posible que a formación recibida en Moscova sexa un dos factores que expliquen a evolución política de Enrique Líster. Non esquezamos que a Escola Internacional Lenin, creada en maio de 1926 —o período da bolxevización—, tiña como obxectivo a formación de cadros comunistas para «forjar a los partidos jóvenes, radicales y caóticos del anterior período revolucionario y acomodarlos al nuevo patrón elaborado en Moscú» (Priestland 2010: 137-138); a Escola Lenin foi instrumento de bolxevización e estalinización dos partidos comunistas.

Con esta bagaxe, Líster regresou clandestinamente a España, a Madrid, para se encargar dos labores antimilitaristas planeados polo Partido Comunista. Corría o derradeiro trimestre do ano 1935. O canteiro de Calo non volveu a Galicia, polo menos de forma legal, ata corenta anos despois.

Como dicíamos máis arriba, outros militantes foron enviados á escola de formación que os comunistas crearon en Madrid, o que tamén condicionou a súa traxectoria vital. Un deles foi Santiago Álvarez Gómez, futuro secretario xeral dos comunistas galegos, cuxa militancia databa de comezos da Segunda República. Con poucos anos de carné (e de idade), redobrou a súa actividade política a prol do

⁵ Fernando Hernández Sánchez: *Las siete pruebas de Enrique Líster (1907-1994)* (<http://www.sbhac.net/Republica/Colabora/Lister.htm>).

Partido Comunista durante a Fronte Popular. Quizais como recoñecemento ao seu activismo, foi elixido para acudir a Madrid, por primeira vez, a un Comité Central. E para completar a súa formación militante enviárono á escola do Partido, tamén en Madrid. Este feito marcou a súa vida porque a sublevación militar do 18 de xullo de 1936 o sorprendeu na capital da república. Santiago Álvarez, como Enrique Lister, tampouco volveu a Galicia de forma legal ata pasadas catro décadas.

Deste xeito, os dous militantes que no futuro se converterían en símbolos do comunismo galego, desenvolveron unha gran parte da súa actividade fóra de Galicia, primeiro nos campos de batalla da Guerra Civil, logo no exilio (cunha longa paréntese, no caso de Santiago Álvarez, nas cadeas franquistas).

Deixamos escrito noutro lugar (Santidrián 2006) que a división política dos exiliados galegos —e dos españois— tinxiu todo o seu labor, ata o punto de que a tarefa de unir os galegos do exilio considerouna Santiago Álvarez un «esfuerzo ideal» (Álvarez 1984: 102). E cando falamos de división non soamente nos referimos ás liortas entre as distintas forzas do exilio republicano. No fin de contas, «no concebimos la emigración política de 1939 como un conjunto cohesionado», escribe Ángel Duarte, para quen «la fidelidad a las instituciones y a los valores del republicanismo fue vivida [...] de manera diversa», por exemplo, no comunismo e nos nacionalismos catalán e vasco: «Lo suyo era otro proyecto, y, en cierta medida, también pasó a ser otro pasado» (Duarte 2009: 140).

Pero, ademais destes conflitos interpartidarios, tamén se deron enfrontamentos intrapartidarios. A organización do PCE presenta nese sentido unha certa singularidade fronte a outras forzas. O modelo comunista de partido, marcado polo stalinismo, xustifica o feito de que fose a única organización capaz de se presentar monoliticamente. Producíronse disidencias e fraccións —Enrique Lister foi expulsado do PCE, non o esquezamos—, pero, paradoxalmente, as expulsións pretendían manter a cohesión interna: nas organizacións procedentes da Terceira Internacional, a purga fortalecía o partido. Outras características do comunismo terceirista —o culto á personalidade e o centralismo democrático— permitiron que a súa liña política, a pesar de múltiples viraxes, fose ferreamente marcada desde a dirección. Deste xeito, e sobre todo co paso dos anos, o PCE presentábase como un partido moito máis unido ca o resto das forzas republicanas no exilio, o que lle permitiu converterse, xa nos sesenta, na organización con maior capacidade de influír sobre o antifranquismo do interior.

A historia do PCE durante o franquismo é, en boa maneira, a do binomio exterior-interior. No exterior, nun exilio repartido en varios países de Europa, América e a URSS, viviu o núcleo dirixente que durante os anos corenta intentou facerse co control do que pasaba no interior, na Galicia franquista. Co paso do tempo, ese binomio dilúese mediante o establecemento de lazos entre a dirección e o interior; pódese dicir que o concepto de exilio se esvaece, no sentido de que a súa existencia se xustifica en función do que pasa no interior.

Sabemos polas memorias dos nosos protagonistas como e cando pasaron a fronteira. Conta Santiago Álvarez que unha delegación da Fronte Popular Antifascista Galega de Nova York visitouno nada máis entrar en territorio galo camiño do exilio⁶. O seu obxectivo era «auxiliar a los gallegos que, a su juicio, nos habíamos destacado más en la contienda, o que, por diversas razones, consideraban como personalidades políticas», Enrique Lister e el mesmo, entre outros. Ambos os dous rexeitaron a proposición (Álvarez 1992: 147 e ss.), pero, tras unha estancia en Francia, os dous galegos abandonaron o país veciño: Álvarez camiño de América Latina, Lister en dirección á Unión Soviética.

Lister abandonou España en avión, desde o aeródromo de Monóvar, onde se concentrara a plana maior do comunismo español no momento do golpe de Casado. O 7 de marzo de 1939 engalou o aparato en que viaxaba o comunista galego rumbo a Tolosa e desde alí a París. Tras unha breve estadía na capital gala, Lister partiu en barco cara á Unión Soviética. A expedición chegou a Moscova o 14 de abril de 1939. Presentábanse ante Lister varios meses de análise coas autoridades soviéticas sobre o controvertido final da Guerra Civil⁷.

Pola súa banda, Santiago Álvarez pasou os primeiros meses de exilio en terras francesas, onde recibiu a encarga de distribuír axudas económicas a través do Servizo de Evacuación de Refuxiados Españois (SERE); actuou como representante do seu partido, non como galego. Unha pequena porcentaxe das persoas atendidas polas organizacións republicanas foron evacuadas a América, onde as colectividades galegas viviran a Guerra Civil enfrontadas polo control

⁶ Unha das características diferenciadoras do exilio galego fronte a outros exilios hispánicos foi o importante apoio que recibiu por parte das comunidades organizadas e concienciadas de emigrantes galegos, entre elas a Fronte Popular Antifascista Galega de Nova York (Núñez Seixas / Farías 2009). Na Arxentina foi moi activa a Federación de Organizaciones de Ayuda a la República Española (Schwarzstein 2001).

⁷ O periplo pode seguirse tanto nas memorias de Enrique Lister como nas de Tagüeña (2005).

das súas sociedades. Como sinala Núñez Seixas, debido ás redes migratorias preexistentes, o territorio «natural» do exilio galego non era Francia, senón América. Deste xeito, moitos dos que loitaron no Exército Popular e na Resistencia francesa reemigraron a América Latina despois da Liberación (Núñez Seixas 2012).

Álvarez viaxou a Inglaterra a finais do mes de xuño de 1939. Pouco despois, na segunda quincena de agosto, foi a Alxeria, onde soubo do pacto xermano-soviético. De regreso a Francia, o PCE decidiu que o valdeorrés marchase a Cuba, pasando antes por Santo Domingo. En Cuba —e tamén en Santo Domingo—, os comunistas galegos e españois desenvolveron unha intensa actividade política, tanto de cara ao interior como na vida política do país que os acollía. A hexemonía comunista explica a proliferación de actividades contra a represión franquista durante os primeiros anos da posguerra. Sirvan como exemplo as campañas a favor dos comunistas galegos Francisco Comesaña, Antonio Seoane, José Gómez Gayoso —sobre o que volveremos máis adiante— e do propio Santiago Álvarez.

Álvarez viviu no país caribeño ata 1944, cunha intensa actividade política, na que destaca a organización da marcha clandestina de militantes á España franquista, ata que recibiu a consigna de regresar ao interior. Pero non adiantemos acontecementos.

Que pasou noutros países que tradicionalmente foran receptores da emigración galega? Probablemente, foi na Arxentina e México onde a emigración comunista despregou unha maior actividade, aínda que «la frontera entre lo que podemos denominar *exilio gallego* y lo que podríamos definir como *participación gallega en el exilio republicano español* no siempre estaba clara» (Núñez Seixas / Farías 2012: 184). A creación do Consello de Galiza (novembro de 1944), a cabalo entre A Arxentina e O Uruguai, deu unha certa visibilidade ás comunidades galegas residentes neses países —nomeadamente en Bos Aires— fronte aos colectivos exiliados noutros estados suramericanos (Núñez Seixas 2012: 184). O Consello de Galiza foi un foco de tensión entre galeguistas e comunistas, que non recoñeceron a representatividade dos seus catro asinantes⁸.

⁸ Para Duarte, a inexistencia de aparato institucional galego «acaso explique las facilidades de radicalización galleguista» (Duarte 2009: 189). Pola contra, no caso catalán si que existiu, o que serviu de freo para inclinacións separatistas do nacionalismo (Llombart Huesca 2012). Tamén se deu esa continuidade nas institucións vascas, personalizadas na figura de Jose Antonio Aguirre, que pasou de sentir «repugnancia»

A Arxentina foi un dos países desde onde a militancia comunista intentou crear unha cultura de seu, quizais co obxectivo de reforzar os lazos militantes. O PCE dedicou non poucos esforzos á creación dunha serie de mitos, esencia das virtudes do comunista. Corría a época do stalinismo e, con el, a emulación e o culto á personalidade. O tratamento que a prensa comunista lles deu aos procesos contra os militantes caídos nas mans da policía tivo outra función, ademais de impedir o cumprimento das penas de morte. Esas campañas forxaron os mitos que fortaleceron a unidade do Partido. O caso de Santiago Álvarez é paradigmático e contribuíu, sen dúbida, a salvar a vida do valdeorrés (Álvarez 1990c).

A conformación de mitos —e dos seus correspondentes contramitos⁹— pretendía ser, ademais, unha vía a través da cal o Partido Comunista conectase cos intelectuais galegos, que serían os encargados de «cantar en gallego las hazañas de los guerrilleros, la leyenda de un Ponte, de un Vilaboy, de un Manolito Bello [...]», segundo se le nunha carta dirixida desde o exilio francés ao interior¹⁰. A esas e a outras figuras dedicáronselles numerosas páxinas na prensa e un libro enteiro, *Héroes de España y Galicia*, publicado na Arxentina en 1949.

Héroes de España y Galicia reproducía escritos dalgúns guerrilleiros e as cartas enviadas desde a prisión da Coruña polos xa citados líderes do Comité Rexional de Galicia: Gayoso e Seoane¹¹. Os documentos presentan uns militantes que, desde a cadea, fan profesión das súas crenzas, da súa confianza no futuro e no seu Partido; fan gala dunha gran fortaleza, malia estaren na antesala do pelotón de fusilamento. Son, evidentemente, un modelo para imitar por toda a militancia. Ponse de manifesto o sacrificio persoal do comunista que non dubida en deixar

por «todo esto español», a ser adañ da unidade dos vascos, de cataláns e galegos e dos republicanos españois (Mees 2012: 149).

⁹ Os militantes caídos en desgraza dentro da organización: Heriberto Quiñones, Jesús Monzón e, no caso de Galicia, Víctor García Estanillo, o *Brasileño*, por exemplo.

¹⁰ *Carta a Galicia, 1948*, AHPCE. Movemento guerrilleiro. Varios. Anos corenta. Varias rexións. Jacq. 25-30. Outro escrito un pouco posterior (10 de abril de 1949), asinado por «Santiago» [Carrillo] e dirixido aos xefes guerrilleiros, recomendaba novamente utilizar as súas figuras como símbolo da loita antifranquista (*Carta a Galicia, 10 de abril de 1949*, AHPCE. Movemento guerrilleiro. Varios. Anos corenta. Varias rexións. Jacq. 36-37). Sobre a forza do mito guerrilleiro, remitimos a Marco 2012: 175 e ss.

¹¹ Sobre Gómez Gayoso é a curtametraxe *Un héroe del pueblo español*, da produtora Cuba Sono Film, que recrea a loita guerrilleira do mestre galego, a súa detención e asasinato.

todo, en afastarse da familia, para aceptar a honra concedida pola Dirección de loitar no interior do país. O guerrilleiro preso é capaz de aguantar a tortura para non delatar os seus compañeiros —«Más fuertes que la tortura y la pena de muerte» é o subtítulo do cuarto volume das memorias de Santiago Álvarez—; o guerrilleiro é digno do seu «título de comunista» porque «el triunfo de nuestra causa es seguro y la hora de la victoria se aproxima». Como escribía Gayoso na súa derradeira carta:

He procurado que se aplicara fielmente la línea política de nuestro Buró político y clavar en la mente de cada militante y en su corazón el cariño hacia nuestros dirigentes, y principalmente hacia nuestra querida camarada Dolores [...], el jefe querido, la que me educó en la entereza y fidelidad a los principios del marxismo-leninismo. Ella fue la que me dio ánimo y fuerza para aguantar las torturas.

Héroes de España y Galicia tamén incluía un escrito de Jesús Izcaray sobre Manuela Sánchez, a «heroína de Carrés», morta pola represión franquista¹². E sobre ela mesma trata a obra de teatro *Manuela Sánchez*, do escritor comunista César M. Arconada, exiliado na URSS. A peza, representada en 1952, permanece aínda inédita. Sobre Manuela Sánchez tamén escribiron Lorenzo Varela («Pomba, ponla, mai, señora, / guía, vara, mai de nós», poema acompañado dun debuxo de Luís Seoane) e Rafael Alberti, que nas súas *Coplas de Juan Panadero* cantou ao «¡Sangre de Gómez Gayoso, [...] sangre de Antonio Seoane, [...] ¡Sangre de Manuela Sánchez...!».

En México, os comunistas galegos agrupáronse nunha Comisión Galega do PCE, en boa maneira animada por Luís Soto. Promoveron organismos que querían ser unitarios, como a Alianza Nazonal Galega ou a Comisión Gallega de Ayuda a la Junta Suprema de Unión Nacional. Quizais o activismo desenvolvido nos primeiros anos de exilio se converteu na «utopía del regreso», en «sueños de nación» (Hoyos Puente 2012), porque desde 1946 o centro de gravidade republicana pasou a París.

¹² Trátase dunha das poucas mulleres do relato comunista, no que a maior parte das militantes están invisibilizadas.

EN FRANCIA

Os impulsores principais da constitución de organizacións políticas do exilio galego en Francia foron, sen dúbida, os comunistas, conta Núñez Seixas (2012: 185). Xa nos anos corenta promoveron no país veciño organismos unitarios como Unión Nacional. Enrique Lister, chegado a Francia en 1944 tras o seu paso pola Academia Frunze e os exércitos roxo e polaco, desempeñou un importante papel (Lister 1983: 27 e ss.) que algúns autores cualifican de «liderazgo pseudocarismático» (Núñez Seixas 2012: 185).

Un daqueles organismos foi o Frente Liberador Gallego, que procuraba a unidade de todos os partidos galegos no exilio para apoiar a loita guerrilleira e os grupos antifranquistas do interior, coa pretensión de ser embrión dun futuro goberno autónomo galego. Deu paso ao Bloque Republicán Nazional Galego, que desenvolveu certa actividade entre 1946 e 1948. A participación de Lister foi clave nese organismo. Parecía que, con Santiago Álvarez na cadea, o de Calo se convertía na cabeza visible dos comunistas galegos. Así se puxo de manifesto na súa intervención no III Pleno do Comité Central do Partido Comunista, que se converteu nunha publicación titulada *Galicia en la lucha contra el régimen de Franco y por la República*. Nela podía lerse que o pobo galego non era «separatista; le une con los demás pueblos de España la voluntad de salir de la tragedia»¹³.

Os últimos anos corenta non foron unha época dourada para a oposición comunista. O grupo dirixente parecía non ter unha estratexia clara. A represión provocou numerosas caídas no interior. A loita guerrilleira, que en boa medida era responsabilidade de Lister, chegaba ao seu final de xeito pouco brillante. En Francia, o PCE foi ilegalizado en setembro de 1950 a raíz da operación policial coñecida como «Bolero-Paprika»¹⁴. Para completar o panorama, Stalin morreu en marzo de 1953 e habería que esperar tres anos para coñecer o que ocorrera co líder xeorxiano.

Lister, que ata ese momento residira en Francia, foi enviado a Praga. Despois da toma do poder polos comunistas en febreiro de 1948, a capital de Checoslo-

¹³ AHPCE. Serie Dirigentes 23/3.3.2. Está comentado en *Mundo Obrero* 59, 27 de marzo de 1947 e *Mundo Obrero*, 60, 3 de abril de 1947.

¹⁴ Sobre este tema remitimos a Lister López 2007; véxase tamén Guixé 2012.

vaquia converteuse nun dos núcleos centrais do movemento comunista e sede de organizacións internacionais como a Unión Internacional de Estudantes, a Organización Internacional de Xornalistas, a Organización Mundial dos Sindicatos e o Consello Mundial da Paz, do que Lister entrou a formar parte. Viviu en Praga como responsable das comunidades de españois nos países da Europa Oriental, nexo entre o núcleo dirixente de París e o de Moscova¹⁵. Parece que entre as súas responsabilidades non se encontraba a de manter a relación coa militancia de Galicia.

Pola súa banda, Santiago Álvarez volveu ao país, segundo comentamos máis arriba, a mediados de 1944. Pouco despois, caeu nas mans da policía franquista. Permaneceu en prisión ata 1954. A mediados dese ano regresou a Francia e trasladouse a Praga para asistir ao V Congreso do PCE, no que interveu como representante dos comunistas galegos, elixido polo grupo dos que saíran de Galicia para asistir ao conclave. Formou parte do consello de redacción de *Cuestiones de la paz y el socialismo*, revista teórica e de información dos partidos comunistas e obreiros, que tiña a súa sede en Praga. Acatou a proposta do Buró Político de trasladarse a México. Tratábase de neutralizar a actuación política de dous ex-militantes da importancia de Jesús Hernández e de Enrique Castro. Ademais, Álvarez responsabilizárase do resto de organizacións do PCE en América.

Pouco antes de rematar a década dos cincuenta, cambiou de novo o domicilio, sempre ás ordes da súa organización. Instalouse en Francia, o que non significou a fin das súas viaxes. Máis ben ao contrario, porque desde Europa ía encargarse das actividades internacionais do PCE. Así, en 1959 participou no Congreso da Emigración Galega de Bos Aires, asemblea en que presentou unha comunicación sobre os foros. Era un paso máis na súa preocupación pola historia de Galicia, tema sobre o que foi publicando diversos artigos ao longo dos anos sesenta.

O VI Congreso comunista (decembro de 1959) consolidou o cambio de rumbo iniciado co acceso dos «mozos», encabezados por Santiago Carrillo, aos postos de máxima responsabilidade dentro da organización. O grupo dos «mozos» enfrontárase a quen daquela tiña a dirección efectiva do partido, Vicente Uribe,

¹⁵ Os informes de Enrique Lister, algúns deles moi detallados, están analizados en Petho 2008: 58 e ss. Proceden do Arquivo Histórico do PCE, en Madrid, e dos arquivos checos. Por estes escritos sabemos, por exemplo, que, desde mediados dos anos cincuenta, o PCE apoiou o regreso a España de todas aquelas persoas exiliadas nos países comunistas que tivesen posibilidades de facelo. Non hai galegos entre eles.

que lideraba o grupo dos «vellos»¹⁶. A loita, que se saldou coa vitoria dos primeiros, tomou como escusa o debate xerado pola admisión de España na ONU (decembro de 1955). Pouco despois, a dirección comunista asumiu a «política de reconciliación nacional» (1956).

Doutra banda, parece que o VI Congreso consolidou unha repartición de responsabilidades entre os nosos protagonistas que podía vir de lonxe. A intervención de Enrique Lister, membro do Comité Executivo comunista e do Consello Mundial da Paz, xirou arredor da cuestión militar, da que se ocupaba desde había tempo. Santiago Álvarez, que por primeira vez compartiu con Lister asento no Executivo, falou de Galicia.

Alí, Álvarez apuntou un aspecto fundamental da batalla ideolóxica á que o PCE debía facer fronte. Era a cuestión nacional, na que o partido habería de popularizar a súa tradicional posición de apoio ao dereito de autodeterminación¹⁷. Volveremos máis adiante sobre este tema.

Despois do VI Congreso, Álvarez emprendeu unha longa viaxe para visitar, en principio, a recentemente nada Cuba revolucionaria, país ao que, por certo, tamén viaxou Lister. En xuño de 1960, o valdeorrés foi a México, onde as relacións entre a organización local do comunismo español e a dirección do PCE non sempre foron doadas¹⁸. No que se refire á comunidade galega, Santiago Álvarez tiña a encarga de falar do «caso [Luís] Soto», militante que tiña «una actitud respecto al grupo gallego y realiza una labor no acorde con el P. en el Patronato [da Cultura Galega]». Parece ser que as conversas con Carlos Velo e co propio Soto non deron os resultados apetecidos, porque non pecharon o enfrontamento deste último coa súa organización: os comunistas non o apoiaron como candidato á presidencia do Padroado (Gurriarán 1999: 254 e ss.). Segundo a versión de Soto, o abandono definitivo da militancia comunista, nos anos sesenta, estivo relacionado precisamente coa actitude do PCE respecto ao Padroado da Cultura Galega (Soto 1983, Martínez González 2011).

¹⁶ En realidade, todos eles pertencían á mesma xeración política, a das xentes formadas baixo a influencia da Revolución de Outubro, a xeración da República e da Fronte Popular.

¹⁷ «Intervención de Santiago Álvarez», *Nuestra Bandera*, 25, marzo de 1960, 47-62.

¹⁸ Non esquezamos que Santiago Álvarez foi enviado ao país azteca nos anos xusto posteriores á súa saída do cárcere, en boa medida para pacificar a situación.

Da lectura do informe de Santiago Álvarez sobre a súa viaxe de 1960 tírase a conclusión de que os comunistas xa non tiñan posto o seu máximo empeño en América Latina. Había que ter controlada a situación, loxicamente, pero non era o seu principal foco de atención. O Consello de Galiza na Arxentina, que para os comunistas non respondía aos verdadeiros intereses da loita antifranquista, entrara nunha vía morta. En México apareceu a revista *Vieiros*, fundada polo médico comunista Francisco Comesaña, pero parecía limitarse ao eido cultural. A iniciativa política e o traballo antifranquista —o comunista, mais tamén o do nacionalismo galego— xa levaban tempo noutras latitudes.

SON OS ANOS SESENTA

«Si un grupo político gallego tuvo interés y cierto éxito en preservar una esfera pública autónoma en el exilio francés, éste fue sobre todo el PCE», afirma Núñez Seixas (2012: 195). A creación da Casa de Galicia (1958), por exemplo, cunha presenza comunista hexemónica, ía nese camiño. No terreo partidario, os comunistas galegos comezaron a editar en Francia a súa revista teórica, *Nova Galicia* (1966). A finais de 1968 naceu, tamén no exilio francés, o Partido Comunista de Galicia (PCG).

Os comunistas puxeron un dos seus focos de traballo antifranquista na mobilización da emigración económica¹⁹. Non foi unha experiencia illada, o fenómeno tamén se produciu no exilio portugués²⁰. O vínculo entre exiliados políticos e emigrados económicos establécese acotío no lugar de traballo e mediante diversas prácticas, non moi diferentes das que desenvolveu a emigración española: a Librería Portuguesa de París actuou como lugar de sociabilidade política, organizáronse xantares de confraternización, conmemoráronse efemérides...²¹.

¹⁹ Sobre este tema remitimos a Babiano e Fernández Asperilla (coords.) 2009 e Fernández Asperilla (ed.) 2010.

²⁰ Sobre este tema, Pereira 2003: 121-157.

²¹ «Para unha comunidade emigrada, a memoria histórica está por riba de todo, é vital mantela; é o factor de cohesión nacional, cultural e político», escribiu Geneviève Dreyfus-Armand en 1999 (Dreyfus-Armand 1999: 174).

Os comunistas exiliados portugueses —co apoio do Partido Comunista Francés (PCF) e da Confederación General del Trabajo (CGT)— favoreceron a creación de diversas organizacións, como a Conferencia dos países de Europa Occidental para a amnistía dos presos e exiliados políticos portugueses, a Asociación dos Naturais de Portugal, a Comisión de Solidariedade cos Presos Políticos, o Club de Mozos Emigrados, o Movemento de Mulleres Portuguesas, etc., que se movían ao son dunha música semellante á dos comunistas españois e galegos.

Volvamos, xa que logo, ao caso galego. Das catro ondas migratorias de España a Francia entre 1870 e 1979, a económica, que se produciu a partir da creación do Instituto Español de Emigración (1956), foi a máis abundosa²². A diferenza doutros momentos, a emigración dos sesenta asentouse na zona de París, pero tamén nos departamentos do norte e do leste. As orixes deste proceso pódense remontar a principios do século XX, cando os españois se converteron no grupo maioritario nalgúns zonas. Tratábase, doutra banda, dunha poboación pouco politizada, sobre a que a CNT/FAI exerceu unha certa influencia. A emigración galega —menos do tres por cento— foi escasa.

A situación cambiou co estalido da Guerra Civil e da Segunda Guerra Mundial, momento en que a influencia comunista substituíu a anarquista, ben a través do Partido Comunista de España, ben a través dos comunistas franceses ou do sindicato CGT. Desde 1963, esta central editou prensa sindical en castelán (*Defensa Obrera*). Coa chegada dos emigrantes económicos, a actividade de politización redobrouse, moitas veces coa infiltración en asociacións xa existentes, como a Federación de Emigrantes Españoles Residentes en Francia. Creáronse outras como *France-Espagne* (1949) ou, anos despois, o Comité Nacional de Defensa das Vítimas do Franquismo; ambas organizaron en marzo de 1961 a Primeira Conferencia de Europa Occidental para a amnistía dos presos e exiliados políticos. A campaña para salvar a Grimau (1962-1963) supuxo un paso adiante neste terreo. As conmemoracións da Segunda República, o apoio ás folgas asturianas, as proxeccións de filmes e as festas campestres eran, entre outras, actividades para conquistar a emigración para o antifranquismo. A captación tivo éxito e en ocasións algúns dos novos militantes foron enviados ao interior. Foi o caso de Santos Costa Barroso, traballador emigrado a Francia, onde empezou a militar

²² Seguimos nestas liñas os traballos de Lillo (2008, 2010, 2011 e 2012).

no PCE. A súa organización mandouno a Galicia e desempeñou un activo labor de axitación nas provincias de Ourense e Lugo²³.

Nos primeiros anos da década dos sesenta, a actividade clandestina acelerouse en Galicia. Nas vacacións de 1961, dous dirixentes obreiros de Ferrol, Julio Aneiros e Francisco Fernández Filgueiras, viaxaron a París para reunírense coa dirección do PCE. En febreiro de 1962, Filgueiras marchou novamente a Francia. Nesta segunda viaxe tamén foron, por separado e con pasaporte falso, outros militantes ferroláns: Francisco González Vidal (*Paco Balón*), Julio Aneiros e Juan Vázquez. Reuníronse con Santiago Álvarez, Enrique Líster e outros dirixentes para falaren, principalmente, do «asalto al Sindicato Vertical» (González Vidal 1999: 159). No mes de xullo de 1962 regresaron a Francia varios militantes do interior²⁴. Deste encontro saíron as consignas que, coidamos, son clave para entender a estratexia do PCE en Galicia ao longo da década dos sesenta²⁵. As viaxes a Francia foron xa desde aquela unha constante.

Comezaron a impartirse, ademais, cursos de formación política para a nova militancia, esta vez na República Democrática Alemá (RDA)²⁶. Previamente, algúns militantes foran enviados á URSS. Foi o caso de Carlos Núñez, que nos primeiros anos sesenta asistiu a un curso de ano e medio e se instalou en Vigo en 1963²⁷. Por Moscova tamén pasou daquela outro galego, Xesús Redondo Abuín, exiliado económico. A súa militancia levouno ás cadeas franquistas durante varios anos, de xeito que non retornou a Galicia ata mediados dos setenta do século pasado.

Jesús Aneiros Rodríguez, procedente de Ferrol, foi dos primeiros en acudir á Alemaña Oriental, segundo sabemos por outro militante obreiro, Rafael Pillado, que nas súas memorias relata polo miúdo o seu paso polo curso de formación na RDA: foron seis meses a cabalo dos anos 1964 e 1965 (Pillado 2012). Viaxou desde Ferrol en compañía doutro camarada, Remigio Gonzalez, *Pipo*. Tras unha cinematográfica viaxe, cruzaron desde a Europa capitalista á RDA. Pillado e mais

²³ Tamén volveron a Galicia algúns emigrados á Arxentina como David Álvarez Carballido, que regresou a Lugo na década dos sesenta para reconstruír o PCE (Santamarina 1999).

²⁴ *Acta del Secretariado del 24 de julio de 1962*, AHPCE. Documentos 43.

²⁵ *Propuestas con carácter resolutivo concernientes a las cuestiones del trabajo en Galicia. 10 octubre de 1962*, AHPCE. Sección Galicia e León. Jacq. 22.

²⁶ Harmut Heine, no seu artigo sobre o exilio republicano na RDA, xa escribiu sobre os cursos de formación que moitos dos militantes do interior foron realizar á Alemaña comunista (Heine 2001).

²⁷ Conversación con Carlos Núñez, Vigo, 10 de febreiro de 1999.

González compartiron aulas con outro paisano, Luis González, *Ferreiro*. Eran os tres únicos galegos. Dous anos despois, a delegación de Galicia sería máis numerosa (Enrique Viera, Manuel Núñez, José Luis Seijas, Jesús Miguel Pedro, Nicasio Mourón e José Manuel Puentes), pero tamén máis desafortunada, porque varios dos seus integrantes foron detidos pola policía franquista debido a fallos no sistema de seguridade (Pillado 2012: 166).

En 1965 tivo lugar en Francia o VII Congreso do Partido Comunista. Das 136 persoas que asistiron ao conclave, formaban a delegación galega Santiago Álvarez e catro militantes do interior: David Álvarez Carballido, Carlos Núñez, José Díaz, *Carballeira*, e Francisco Fernández Filgueiras.

As decisións do VII Congreso relacionadas con Galicia foron de gran transcendencia. Non esquezamos que foi mandato congresual a creación do Partido Comunista de Galicia, que non se materializaría ata tres anos despois²⁸. A decisión arroupouse cos numerosos escritos de Santiago Álvarez sobre a cuestión nacional. Os primeiros textos sobre o tema datan de 1960, ano en que saíron do prelo os artigos «Orígenes y formación de la nacionalidad gallega» e «La lucha de los irmandiños del Siglo XV» (Álvarez 1990a e 1990b). Partindo do concepto de *nación* acuñado sobre a definición de Stalin (territorio, lingua, historia e psicoloxía común), Álvarez falaba de tres nacionalidades no Estado español —Galicia, Euskadi, Cataluña—, que definía como «multinacional» (Álvarez 1968: 23-24). A opresión secular á que foron sometidas esas tres nacionalidades xerou o problema nacional, agudizado polo franquismo. Xa que logo, a solución pasaba pola fin da ditadura franquista²⁹.

Desde o punto de vista organizativo, os comunistas galegos falaban xa en 1962 da necesidade de crear o PCG como sección galega do PCE³⁰. A idea tomou forma de mandato, lembrémolo, no VII Congreso do Partido. Meses despois do VII Congreso, en outubro de 1966, realizáronse unhas reunións en que se insistiu

²⁸ *Resolución sobre el Partido Comunista de Galicia (VII Congreso del PCE, 6-10 de agosto de 1965)*, AHPCE. Documentos do VII Congreso, 835.

²⁹ Santiago Álvarez: «Galicia, la autonomía, la autodeterminación», *Nova Galicia*, 1, outubro de 1966, 55-62. Atopamos ese programa democrático de mínimos na *Declaración del Comité Ejecutivo del PCE de junio de 1964*.

³⁰ *Propuestas con carácter resolutivo concernientes a las cuestiones del trabajo en Galicia. 10 octubre de 1962*, AHPCE. Sección Galicia e León. Jacq. 22.

na «oportunidad de ir a la constitución del PCG en la fecha más o menos que se venía barajando, o si era oportuno para un poco más adelante»³¹.

Os comunistas do PCE tardaron case tres anos en facer realidade o mandato de crear un Partido Comunista de Galicia³². Temos constancia dalgunhas das reunións organizadas nese período, nas que participaron tanto militantes do interior como membros da Dirección residente en Francia, Santiago Álvarez e Enrique Líster, entre eles. Significativamente, os colectivos comunistas de México e Cuba souberon das reunións a posteriori, «sin que con anterioridad haya la más mínima comunicación por los conductos regulares del proceso, desarrollo y culminación de tales hechos políticos»³³. As resolucións adoptadas na xuntanza parisiense de outubro de 1966 foron elevadas á sesión plenaria do Comité Executivo do PCE, que tivo lugar entre o 17 e o 20 do mes de decembro do mesmo ano. Alí xa se aprobou iniciar a preparación do congreso do PCG, tarefa encomendada a Santiago Álvarez e Enrique Líster³⁴. Estes dous personaxes, con Eduardo García, Juan Gómez e mais Anselmo Hoyos, responsabilizáranse da elaboración do plan de traballo no interior e do proxecto de programa e de estatutos do Partido Comunista de Galicia para presentalos no seu congreso constitutivo³⁵.

A reunión en que se fundou o Partido Comunista de Galicia, polo xeral coñecida como I Congreso, realizouse en París en decembro de 1968. Por Ferrol asistiron Francisco Fernández Filgueiras, Jesús Aneiros, Rafael Pillado e Rafael Bárez (González Vidal 1999: 165 e ss.). Desta asemblea constitutiva tamén saíu nomeado o primeiro Comité Central, formado por vinte e unha persoas³⁶. Santiago Álvarez actuou desde ese momento como secretario xeral do PCG. Enrique Líster aparecía na listaxe como membro do Comité Central. Pero a situación ía mudar nun prazo relativamente breve.

³¹ *Informe de Martínez. 13-10-66*, AHPCE. Sección Galicia e León. Jacq. 147.

³² O proceso pode seguirse en Santidrián 2002: 585 e ss.

³³ Carta datada en México D. F., o 1 de agosto de 1969, AHPCE. Emigración política. Microfilme. Caixa B. Jacq. 385.

³⁴ *Reunión plenaria del Comité Ejecutivo del 17 al 20 de octubre de 1966*, AHPCE. Documentos. Cartafol 47.

³⁵ *Comité Ejecutivo (reunión del 16/18 de 1967)*, AHPCE. Documentos. Cartafol 47; *Comité Ejecutivo (reunión del 20 de enero 1968)*, AHPCE. Documentos. Cartafol 48; *Comité Ejecutivo (reunión del 26 de enero 1968)*, AHPCE. Documentos. Cartafol 48.

³⁶ *Relación C.C.-P.C.G.*, AHPCE. Galicia e León. Jacq. 213. O documento está reproducido en Santidrián, 2002.

É ben coñecida a crise que viviu o PCE como resultado da invasión de Checoslovaquia por tropas soviéticas en agosto de 1968. Por primeira vez na súa historia, os comunistas españois condenaron unha acción da Unión Soviética. A decisión provocou unha escisión encabezada por dous históricos militantes, Eduardo García e Agustín Gómez. Enrique Lister mostrou reticencias ante a postura do seu partido, coa que se aliñou Santiago Álvarez³⁷. En 1970, *Mundo Obrero*, voceiro do PCE, daba conta da expulsión de Enrique Lister. O ferrolán *Paco Balón* escribe nas súas memorias que o Comité Executivo do PCG analizou o caso en decembro de 1970. Fronte a dúas únicas abstencións, trece persoas aprobaron a decisión de expulsar da organización o canteiro de Calo (González Vidal 1999). A militancia de Enrique Lister no PCE, mantida ao longo de máis de corenta anos, chegaba á súa fin.

Estamos xa nos anos derradeiros da ditadura. A axitación antifranquista cobraba vigor, tamén a represión. En 1972 producíronse os acontecementos do 10 de Marzo en Ferrol, cando a policía asasinou dous obreiros que se manifestaban polas súas reivindicacións laborais. A represión que seguiu a este suceso foi dura e longa. Algúns dos seus protagonistas, militantes comunistas e das Comisións Obreiras, tiveron que marchar ao exilio francés: José Julio Miraz, Ramiro Romero, José Cabado e Francisco Fernández Filgueiras asentáronse en París, onde ficaron ata a morte de Franco.

As iniciativas xeradas polos galegos residentes en París daquela non foron poucas. Como escribe un dos seus estudosos, Xaime Varela, a maior parte delas «xurdiron ó abrigo de certos grupos políticos do exilio ou ben doutras asociacións que intentaban vertebrar as inquedanzas culturais dos emigrantes galegos» (Varela 2000: 1008). Unha desas iniciativas foi a creación a comezos de 1970 do Centro Galego de París, controlado por xentes de Enrique Lister, é dicir, fóra da disciplina do PCG. En 1973, Ramiro Romero, José Díaz, *Carballeira*, José Julio Miraz e Paco Filgueiras contribuíron á creación da Asociación Cultural O Toxo, na órbita do PCG³⁸. A actividade do Toxo foi intensa: palestras —como a de Ramón de Valenzuela o domingo 2 de maio de 1976, organización de excursións, creación de grupos de danza, publicacións, etc. Destas coñecemos un libriño titulado *Gali-*

³⁷ Sobre a posición de Lister en agosto de 1968, remitimos a Lister López 2008. Véxase tamén Pala 2006.

³⁸ Entrevista a José Julio Miraz Fernández. Ferrol, 4 de maio de 2006. Fundación 10 de Marzo.

cia. Un pobo, unha nación, datado en 1975, e a revista *Sempre. Boletín do Centro Cultural Galego O Toxo* (Varela 2000: 1010-1011).

Os traballos dos catro novos exiliados galegos no Toxo non se limitaron ao eido cultural: «Hicimos muchas cosas», conta José Julio Miraz, «hemos hecho actos cuando el proceso de los 23» —o xuízo contra os militantes acusados de seren os instigadores dos sucesos do 10 de Marzo. A colectividade inmigrante en Francia participou dalgúns deses actos desenvolvendo «una cultura política específica, que combinaba el culto a la memoria de la República (celebrando el 14 de abril), del movimiento obrero y las propias efemérides del nacionalismo gallego, ahora incorporadas a su propio calendario» (Núñez Seixas 2012: 200).

Estes novos exiliados regresaron ao país ao morrer Franco. Tamén o fixeron Santiago Álvarez e Enrique Lister. E se o exilio foi un duro oficio, o regreso tampouco foi doado. Resulta sorprendente a teimosía do réxime posfranquista por negar o pasaporte a Enrique Lister³⁹. Unha teimosía relacionada talvez coa imaxe que o franquismo forxara deste comunista ao que, desde os tempos da *Causa general*, se identificara coas checas madrileñas da Guerra Civil e ao que facía un simple peón de Moscova⁴⁰.

A prensa da Transición recolle con certa frecuencia noticias sobre as dificultades do canteiro galego para conseguir o pasaporte —ata dez negativas por parte do Goberno español⁴¹—, nun proceso que durou máis dun ano e ante o cal

El propio Tarradellas sufrió los golpes de la persecución política en la Francia derrotada. En octubre de 1940, pasó cinco días en la prisión de Le Violon. Durante el mismo mes del año 1942, era detenido en Aix-en-Provence, atendiendo a una solicitud de extradición presentada por las autoridades españolas. La extradición fue denegada gracias a las rápidas y enérgicas gestiones que llevó a cabo la legación de México ante las autoridades de Vichy. Existía el antecedente de Companys y el de su trágico desenlace. En cualquier caso, la presión se mantuvo y Tarradellas acabó optando por pasar, a finales de 1942, a Suiza. Allí obtendría el asilo y allí nacería el segundo hijo del matrimonio, Josep.

La liberación de Francia comportaría la reanudación de las actividades políticas en un doble frente. Por un lado, su anticomunismo (catalán) se hace más patente, pasa a formar parte de su visión del mundo, de España y de la Cataluña nacional. Le estimulan en esa dirección el recuerdo de algunos datos endógenos, catalanes y españoles: las modalidades de conducción de la Guerra Civil y su balance inmediato, la recomposición y el agrupamiento de fuerzas en el exilio. Había razones de carácter más general: Europa pasa de la dialéctica fascismo/

antifascismo a la antinomia comunismo/mundo libre o totalitarismo/democracia. El nítido posicionamiento de Tarradellas le llevará a tener algunas dificultades de entendimiento con el comunismo catalán.

El otro gran frente abierto a mediados de la década de 1940 era el de la naturaleza y los proyectos del republicanismo catalanista y del nacionalismo de izquierdas. La deriva autodeterminista que canalizaban tanto las personalidades del Consell Nacional Català de Londres como los militantes en el interior, y en el exterior, del neonato Front Nacional de Catalunya, apartaba a ERC de la hegemonía y dificultaba, más que no propiciaba, según el parecer de Tarradellas, la resolución del caso español en la posguerra mundial.

Lo que acabaría siendo el Front Nacional tendría sus orígenes remotos en el manifiesto que Joan Casanovas hacía público con motivo del día de Sant Jordi de 1939. Con Cataluña ocupada por los ejércitos de Franco, Casanovas no hacía nada más que rubricar la que había sido su línea de conducta durante la guerra. Tras salir del gobierno y abandonar más tarde sus funciones en el Parlament, intervino en diversas ocasiones en la prensa extranjera para procurar deslindar el escenario catalán del español en su conjunto y, más concretamente, para insistir que la influencia de anarquistas y comunistas significaba la anulación de la singularidad nacional catalana, la liquidación de hecho del nacionalismo como cultura central. Hacía una durísima crítica a la clase política catalana —se entiende que a la republicana—, a los partidos nacionalistas, a los anarquistas y comunistas y, por supuesto, al gobierno de Negrín. Proponía abrir un nuevo camino —en realidad, un retorno a los orígenes del nacionalismo—, el de la formación de una unión de patriotas tras la ruptura con un pasado inmediato concebido, todo él, como un error. El objetivo tenía que ser el de la independencia, dentro de la órbita de los países democráticos y liberales de la época en combate contra la amenaza totalitaria. Evidentemente, esta perspectiva chocaba con la que propugnaba Companys y asumía Tarradellas. Los apoyos a Casanovas le vinieron de la desperdigada intransigencia separatista. Casanovas negó, en consecuencia, su colaboración con el Consell Nacional que, a modo de gobierno, vendría a sustituir al ejecutivo existente en febrero de 1939. En abril de 1940 nació en París, siguiendo la estela de esa primera propuesta, Front Nacional de Catalunya (FNC) Entre los fundadores se encontraban Joan Cornudella, Antoni Andreu i Abelló, Manuel Cruells, Marcel·li Perelló Daniel Cardona. Veteranos y jóvenes indepen-

dentistas, miembros del Partit Nacionalista Català, Nosaltres Sols!, Federació Nacional d'Estudiants de Catalunya y Estat Català. La idea era agrupar en un frente amplio, y con un programa simplificado, a todos los partidos nacionalistas. En realidad, logró agrupar la mayor parte del nacionalismo más radical. En agosto de 1940, mientras Tarradellas impulsaba la reconstrucción institucional, hombres como Andreu, Cornudella o Cruells entraban clandestinamente y se dedicaban a pasar información a los servicios de inteligencia británicos o a crear cadenas de evasión hacia el exterior.

El segundo de los grandes proyectos soberanistas que ponían en entredicho la trayectoria reciente del nacionalismo y, ahora, el proyecto del que participaba Tarradellas, tuvo por escenario Londres. Allí radicaba un histórico del nacionalismo radical, contrario a todo tipo de concesiones, maximalista: el doctor Josep Maria Batista i Roca, historiador y etnógrafo que había sido uno de los introductores del movimiento *scoutt* en Cataluña y que participó en diversos episodios de carácter militarista. En abril de 1931 y en octubre de 1934 recurre a las armas en defensa de los golpes de fuerza que, cree, van a dar lugar a la secesión. Desplazado a Londres durante la guerra, haría gestiones, junto a Nicolau Maria Rubió i Tudurí, con la intención —paralela a la de Casanovas en Francia— de conseguir un armisticio unilateral para Cataluña. Tras el fin de las hostilidades, y desde la misma capital británica, y contando con personalidades de relieve llegadas a raíz del desastre —Carles Pi i Sunyer, Pere Bosch Gimpera, Josep Trueta— creó el Consell Nacional Català. En un primer momento, aparecía como una suerte de delegación del gobierno que intentaba recomponer Companys en París. El inicio de las hostilidades de la Segunda Guerra Mundial aisló a unos y otros y permitió una deriva radical, autodeterminista en los proyectos de los *londinenses*. En realidad, los vínculos se recompusieron con posterioridad, aunque no es menos cierto que quedó sembrada una simiente que acabaría desarrollándose con fuerza —en algunas ocasiones con Batista i Roca al frente— en años posteriores.

En cualquier caso, resulta pertinente recordar aquí un fragmento de las memorias del primer exilio de Pi i Sunyer. Decía quien fuera ministro de Trabajo de la República con Diego Martínez Barrio, en otoño de 1933, y alcalde de Barcelona, en 1934, que estaba de más, en 1939, la «adhesión petrificada a una legalidad que había dejado de ser». Escribía que las leyes fundamentales de la democracia española —la Constitución republicana y el Estatut— eran imposibles de aplicar

en el exterior. Señalaba que, en consecuencia, era posible, quizás, permanecer fiel al espíritu, pero que la sujeción a la letra solo comportaba dificultades y conflictos. Iba, en fin, más allá: el propio gobierno de la República habría esquilado el Estatut estando todavía en Cataluña y lo ignoraba en el exilio. El Parlament era una institución inoperante y dispersa, con facciones y odios instalados. El gobierno de Cataluña no existía, al haberlo disuelto Companys al pasar la frontera. Era imperativo, por tanto, crear algo nuevo, algo que inflamase la imaginación y fuese un llamado imperativo. Estaba, en fin, propugnando el sentido del Consell Nacional Català y de la deriva autodeterminista.

De manera bien diferente, en el París de 1944, Tarradellas rechazaba el cargo de ministro en el Gobierno de la República española en el exilio. Como dirigente de partido, protagonizó, desde su retorno de Suiza en noviembre de ese año, una gran ofensiva orientada a poner orden en el partido y a recuperar el papel hegemónico de ERC, para convertirlo en el eje articulador de un amplio movimiento unitario. El resultado de sus múltiples gestiones fue la constitución, el 6 de enero de 1945, de Solidaritat Catalana, uno de los muchos pactos opositores enfocado en hacer caer la dictadura franquista y restablecer la legalidad republicana y, con ella, el Estatuto de Autonomía de 1932. Es decir, a mantener el pacto con la democracia republicana española.

El 3 y el 4 de junio de 1945, bajo la presidencia de Tarradellas, tuvo lugar el congreso de ERC en Toulouse, el primero en el exilio. Nuestro protagonista estuvo acompañado por Joan Sauret y Carles Pi i Sunyer, miembros del Consejo ejecutivo elegido en 1938 en Barcelona. Manteniendo el timón firme, consigue hacer valer sus tesis sobre la fidelidad a los marcos constitucional y estatutario. Ello implicó la disolución del Consell Nacional Català de Londres, la consolidación de la hegemonía del núcleo tarradellista y la pérdida de peso, en el devenir del partido, de las comunidades de exiliados radicados en América.

Siguiendo con el programa establecido, el 14 de septiembre quedaba constituido el Govern de la Generalitat en el exilio. Lo presidía Josep Irla, el relevo de Companys. Contaba, como *consellers*, con Pompeu Fabra, Carles Pi i Sunyer, Antoni Rovira i Virgili, Josep Carner, Joan Comorera, Manuel Serra i Moret y Pau Padró. El ejecutivo catalán elevaría, a los pocos meses, un memorando a la ONU. Al resultar estériles todo este tipo de gestiones, el Govern se disolvía como instancia colectiva en 1948. Por lo demás, Irla iba quedándose cada vez más solo.

Algunas de las figuras más relevantes del exilio nacionalista, como Rovira i Virgili o el maestro Fabra, fallecían. Desde 1952, Irla delega en Tarradellas la mayor parte de sus funciones ejecutivas. En mayo de 1954, finalmente, el primero tomaba la decisión de retirarse.

Entre el 5 y el 7 de agosto de 1954, gracias a la insistencia de su predecesor, Tarradellas sería elegido, en los locales de la embajada de la República española en México, *president* de la Generalitat. Lo fue por nueve diputados presentes y diecisiete en ausencia del parlamento autonómico. El Parlament no se reunió de acuerdo con las normas y los reglamentos internos. No podía hacerlo dadas las circunstancias. Dicha flaqueza legal —la ausencia de *quorum*, en especial será aducida por sus enemigos para poner en entredicho la legitimidad del ejercicio del cargo. Con independencia de dichas impugnaciones, aisladas, Tarradellas daba la vuelta, definitivamente, a una cierta manera de actuar. A partir de ese momento, el patrimonio de la Generalidad republicana dejó de expresarse en obsoletas instancias colectivas —gobiernos, consejos asesores, etc.— y se personalizó.

Tarradellas renunció a formar gobierno en el exilio. Después de un breve itinerario por diferentes países de América, fijó su residencia en Francia, en Saint-Martin-le-Beau. Se asegura que, a partir de ese momento, hubo de hacer frente a la soledad de un poder aislado, irrelevante, falto de contactos, y que hasta la muerte del general Franco mantuvo una actitud testimonial en defensa de la legitimidad que representaba. Siendo cierto, no lo es menos que recibió visitas. Alguna de ellas, muy pronto y de remarcable utilidad, tanto de presente como de futuro. Manuel Ortínez, un abogado de éxito que ejercía como director del Consorcio de Industriales Algodonero, con una gran habilidad para el contrabando de moneda, empezó a visitarle. Los algodoneros, como recordaba en un memorable artículo Arcadi Espada, «trabajaban a ambos lados de la calle y en 1957 asumieron con naturalidad casi unánime la conveniencia de pasarle un tanto al presidente exiliado». Ortínez se quedó a dormir en algunas ocasiones en casa de los Tarradellas y, como a otros visitantes posteriores, se le hizo saber que la única obligación visible del anfitrión era aguantar más que Franco y volver algún día a Cataluña.

A la altura de 1973 o 1974, Tarradellas era una figura poco o nada conocida. Entre los jóvenes militantes antifranquistas, incluso entre los más preocupados por lo que podríamos denominar la formación política e histórica, era, muchas veces, un estricto desconocido. Sabían de su existencia quienes habían sido objeto

de alguna de sus acometidas epistolares. La relación de enemistad de Tarradellas con los comunistas del PSUC se extendió, en la década de 1960, a las instituciones, que, sin contar con su visto bueno, iniciaron dinámicas de resistencia cultural, social o política. Los argumentos fueron múltiples. En ocasiones recuperó un tono anticlerical, en la mayoría de los casos se quejaba de que recursos que hubiesen tenido que dedicarse a sostener lo que él simbolizaba —la persistencia política de la nación a través de las instituciones de autogobierno— hubiesen ido a parar a iniciativas menos comprometidas, a mecenazgo catalanista interior.

No le ayudó a ser conocido entre los catalanes de los primeros años setenta el hecho de que chocase frontalmente con los organismos unitarios del antifranquismo militante que surgen a inicios de la década de 1970. De espaldas a Tarradellas, y por supuesto al resto del exilio catalanista, estos organismos establecieron una agenda, desde el antifranquismo, para la transición: libertad, amnistía y estatuto de autonomía. Esta última meta no se perfila mucho más. Quedaba abierta a lógicas restauracionistas y a otras de autodeterministas, a horizontes federales y a otros genuinamente independentistas. A mediados de la década, ese punto iría perfilándose en la dirección de procurar el restablecimiento de la Generalitat con Tarradellas como presidente. La confluencia de los dos vectores acabaría permitiendo el retorno de Tarradellas a la plaza de Sant Jaume. Los dos grandes momentos de la negociación tuvieron lugar el noviembre de 1976 y en junio del año siguiente. El informe del coronel Casinello al gobierno de Suárez constata: «Tarradellas irradia dignidad». Una dignidad, entiende Casinello, que le viene dada por la pátina histórica. Tarradellas se muestra afable con su interlocutor, le hace saber que se siente tan catalán como español. Y que está dispuesto a asumir su parte de responsabilidad en la tarea de hacer posible el paso a un régimen democrático en España. Quiere, eso sí, que el gobierno le tenga en cuenta como intermediario e interlocutor, que le permita hacer de mediador y, con ello, evite el enfrentamiento de Cataluña con el resto de España. Es él, pero en particular la institución que encarna en solitario, la que puede hacer realidad esta obra de concordia. Obra, entiende Tarradellas, doble: la de la unidad de los catalanes y la de la transición democrática con la resolución del pleito catalán dentro de España.

A los efectos que aquí nos convocan, importan poco las circunstancias de la negociación. Los altibajos de la misma. Lo cierto es que Tarradellas, tras pasar por Madrid, llega a Barcelona el 23 de octubre de 1977. Un impresionante reci-

bimiento popular, que se inicia en el aeropuerto del Prat y acaba en el balcón del edificio de la Diputación en la plaza de Sant Jaume, lo lleva en volandas. Nombrado *president* de la Generalitat provisional por designación real, con el acuerdo de los partidos políticos catalanes mayoritarios, forma un Consejo Ejecutivo de unidad.

El último y definitivo triunfo del exilio catalanista.

ANEXO

**GALEGUISMO, FRANQUISMO
E SALAZARISMO.
A COLONIA E OS INTELECTUAIS
GALEGOS EN PORTUGAL
DURANTE A GUERRA CIVIL
ESPAÑOLA**

Alberto Pena Rodríguez
Universidade de Vigo

BREVE INTRODUCCIÓN

Este texto pretende achegarse a aspectos pouco coñecidos sobre o intercambio ideolóxico entre o franquismo e o salazarismo durante a Guerra Civil española, colocando como pano de fondo o papel do galeguismo e a relación simbólica de Galicia e dos galegos co Portugal salazarista. A afinidade cultural e a fraternidade histórica que uniu a Portugal e a comunidade galega foron utilizadas polo franquismo para favorecer a identificación da sociedade portuguesa e do salazarismo cos seus valores políticos¹.

Logo da aprobación da Constitución Política en 1933, o chamado Estado Novo, de estrutura corporativa e inspiración fascista, atopábase en fase de consolidación cando se produciu o golpe militar contra a II República española. António de Oliveira Salazar, consciente do perigo que representaba para a estabilidade do seu goberno un réxime político democrático en España, prefería para o país veciño un modelo de Estado que favorecese as sinerxías ideolóxicas. Pretendía que as relacións ibéricas se edificasen sobre unha nova arquitectura institucional, dentro dun marco de relación entre gobernos autoritarios. O modelo republicano español era unha fonte potencial de conflitos internos para Salazar, pois alimentaba a inspiración do movemento republicano portugués. De feito, o goberno republicano español chegara a apoiar incluso os exiliados políticos portugueses para restaurar a democracia en territorio luso².

Entre os intelectuais galegos que axudaron a forxar o molde ideolóxico das novas relacións ibéricas e fomentaron o intercambio franco-salazarista estaban Wenceslao Fernández Flórez, Julio Camba, Álvaro de las Casas ou Eugenio Montes. Estes escritores contribuíron a crear unha imaxe benevolente do Movemento Nacional fascista por medio de diversas intervencións en conferencias, foros de debate ou colaboracións coa prensa portuguesa, dentro dunha orquestrada campaña de propaganda coordinada por axentes franquistas en Portugal, que actuaron co apoio das autoridades lusas durante a Guerra Civil española. O principal artífice das campañas franquistas en Portugal era Nicolás Franco, irmán

¹ Léase Castelao, Alfonso Daniel Rodríguez, *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 2004.

² Cf. Oliveira, César, *Portugal e a II República de Espanha, 1931-1936*, Lisboa, Perspectivas e Realidades, 1985.

do caudillo español, que se convertería no seu embaixador oficial en territorio portugués a partir de 1938. Nicolás Franco mantivo estreitas relacións cos medios de comunicación lusos, co Secretariado de Propaganda Nacional (SPN) salazarista e con diversas institucións nacionais e internacionais, para crear unha imaxe internacional benevolente do franquismo, especialmente entre os integrantes da colonia galega en Portugal³.

1. A COLONIA ESPAÑOLA E GALEGA EN PORTUGAL NOS TEMPOS DA REPÚBLICA E DA GUERRA

A colonia española en Portugal tivo historicamente unha relevancia superior a calquera dos colectivos de estranxeiros alí establecidos⁴. A proximidade co país de orixe e a facilidade para integrárense na hospitalaria sociedade portuguesa representaban para os inmigrantes españois vantaxes decisivas para preferir este destino, mentres os cidadáns doutros países que se estableceron en Portugal durante os séculos XIX e XX estaban relegados en pequenos núcleos con menor influencia social e económica. O censo de poboación de 1900 contabilizou 27 029 españois, cifra que se reduciu ata os 13 092 en 1930, nun declive numérico progresivo que chega ata a actualidade. Quizais debido ao desenvolvemento industrial experimentado en España na década dos anos vinte, desaccelerouse o fluxo migratorio da poboación española. Aos emigrantes españois as cidades portuguesas xa non lles resultaban tan atractivas polas penurias da

³ Cf. Pena Rodríguez, Alberto, *El gran aliado de Franco. Portugal y la Guerra Civil española: prensa, radio, cine y propaganda*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1998.

⁴ Sobre a inmigración española en Portugal neste período, véxase: Burgos Madroñero, Manuel, «Actividades da colonia e das autoridades diplomáticas españolas em Portugal», dentro do capítulo titulado «Vinte mil portugueses lutaram na Guerra Civil de Espanha (1936-1939)», *Boletim do Arquivo Histórico Militar*, vol. 55, pp. 5-227. Do mesmo autor tamén: «As actividades da colonia española em Portugal (1936-1939)», baseado nun estudo inédito máis extenso depositado no Instituto Cervantes de Lisboa, titulado: «La colonia española en Portugal (1900-1982) y el Instituto Español en Lisboa (1932-1982)», *Diário de Notícias*, 06/07/1986, pp. 15-17; e «La Colonia Española en Portugal y la Guerra Civil (1936-1939)», revista *Historia* 16, ano XV, n.º 172, agosto de 1990, pp. 12-22. De César Oliveira pode lerse: «A colonia española em Portugal. As dúas embaixadas: a republicana e a Embaixada Negra. A Falange Española em Portugal. O proceso de ruptura de relacións entre Portugal e a República de Espanha», capítulo do seu libro *Salazar e a Guerra Civil de Espanha*, Lisboa, Edições O Jornal, 2ª edición, 1988, pp. 171-201.

crise económica portuguesa, que se agudizou no período republicano (1910 e 1926) a causa da endémica inestabilidade política do país veciño⁵. Neste período, América convértese no horizonte migratorio máis desexado para españois e portugueses⁶.

Entre a comunidade de inmigrantes españois en Portugal, Galicia era entón unha das maiores exportadoras de capital humano de España e o colectivo rexional máis importante en Portugal. Entre 1911 e 1970, abandonaron a súa terra natal 1 900 000 galegos⁷. Case todos eles emprenderon rumbo a América, persuadidos nalgúns casos pola propaganda da prensa galega, na que os principais investidores publicitarios eran os consignatarios de buques e armadores, que estimularon a emigración a aquel continente a principios do século⁸.

A instauración da II República en España incrementou notablemente o fluxo migratorio dos españois cara a Portugal entre abril de 1931 e 1934, moitos deles asumindo a condición de exiliados políticos, a maioría procedentes da aristocracia e da alta burguesía madrileña. En 1932, establecéronse en Portugal ao redor de 2000 españois que rexeitaban o novo sistema político e que viron definitivamente frustrados os seus desexos de reinstauración dun réxime conservador co fracasado golpe militar do xeneral Sanjurjo en agosto daquel ano⁹. En xullo de 1936, a colonia española roldaba as 15 000 persoas, o 60 % das cales eran de orixe galaica, a maioría de Ourense e Pontevedra, o 15 % eran procedentes de Salamanca e Zamora, e o continxente restante procedía de diversas provincias, entre as que destacaban Badaxoz, Sevilla e Madrid¹⁰. Algún autor eleva a porcentaxe de galegos ata o 90 %, cuxa preponderancia, ademais, está patente no signo galeguista das dúas únicas asociacións rexionais dentro da colonia, a Asociación Galaica de Socorros Mutuos e La Juventud de Galicia. Máis da metade (9500) residían en Lisboa, 1500 vivían en Porto e

⁵ Pereira, Miriam Halpern, *Política y economía. Portugal en los siglos XIX y XX*, Barcelona, Ariel, 1984, pp. 184-199.

⁶ Oliveira, *Salazar*, pp. 172-173.

⁷ López Taboada, Xosé Antón, *Economía e población en Galicia*, A Coruña, Editorial Rueiro, 1979, p. 71.

⁸ Luca de Tena, Gustavo, *Noticias de América. O relato da grande emigración americana na prensa da Galicia de ultramar*, Vigo, Nigra, 1993.

⁹ Oliveira, *Salazar*, pp. 174 e 175.

¹⁰ Burgos Madroñero, Manuel, «As actividades da colónia española em Portugal (1936-1939)», *Diário de Notícias*, 06/07/1986, p. 15.

varios miles máis espaxíanse polas outras cidades e localidades portuguesas¹¹. Segundo o informe elaborado pola Falange Española Tradicionalista y de las JONS (FET-JONS) en Portugal o 8 de setembro de 1938, os núcleos de españois máis importantes repartidos polas capitais de provincia eran os seguintes: Viana do Castelo: 186, Braga: 163, Bragança: 204, Vila Real de Santo António: 134, Porto: 1210, Guarda: 109, Viseu: 82, Aveiro: 91, Coimbra: 180, Leiria: 108, Setúbal: 377, Santarém: 100, Castelo Branco: 101, Évora: 352, Portalegre: 311, Beja: 394 e Faro: 383¹².

A maioría dos membros da colonia eran obreiros e pequenos industriais que traballaban como camareiros ou donos de hoteis, restaurantes, cafés, tabernas ou pensións, ou que gañaban a vida con oficios como carboeiros ou afiadores ambulantes. Outro grupo integrábanos comerciantes que se dedicaban a diversos negocios: axentes de seguros, tendas de paquetarías, tecidos, camisarías, etc. «[...] Este núcleo es el de las mayores aportaciones a suscripciones de todas clases para la España Nacional; personas ya mayores, no envenenadas por el virus marxista que tan intensamente se extendió por España en los últimos años y del que ellos se libraron por su formación anterior a todo esto y por sus largos años de residencia en Portugal y que contribuyen generosamente a todo llamamiento», expónse no citado documento¹³. E o terceiro grupo estaba formado polos funcionarios que traballaban para o Estado español na embaixada, o consulado ou o Instituto Español¹⁴.

Grazas ás informacións publicadas polo xornal *O Século*, que dedicou senllas reportaxes especiais á colonia española en Lisboa e Porto, coñecemos máis detalles específicos das actividades económicas desenvolvidas polos españois no

¹¹ Oliveira, *Salazar*, pp. 173-174.

¹² Este informe xa foi citado por César Oliveira, aínda que sen dar unha data precisa sobre a súa elaboración. O informe referido, de 10 páxinas, titúlase «Notas sobre la colonia española de Lisboa». Foi elaborado anonimamente por un membro da Falange Española en Portugal, que o remitiu ao Servicio de Información y Policía Militar do goberno de Burgos, denunciando a actitude indiferente dos representantes rebeldes con relación á Falange. De forma desagregada, contén datos sobre a organización social e as actividades industriais dos españois en Portugal, así como outros aspectos interesantes relacionados co funcionamento dalgúns organismos da colonia e o recrutamento de mozos para o exército franquista. AMAE, R-1058, expediente n.º 6. Informe remitido anonimamente o 08/09/1938 ao Servicio de Informaciones Políticas y Militares.

¹³ *Ibidem*.

¹⁴ *Ibidem*.

seu exilio lusitano e algúns datos interesantes sobre a súa reacción ante a Guerra Civil española (1936-1939)¹⁵. *O Século* informaba en abril de 1938 que a colonia española en Lisboa respectaba escrupulosamente as doutrinas da «Nova Espanha», comprometidas co «sentimento do deber» imposto pola FET y de las JONS¹⁶. Na capital portuguesa, entre as empresas españolas máis importantes a principios dos anos trinta estaban o vendedor por xunto de froitas Francisco Benito & C.^a, a compañía de seguros España S.A., a exportadora de viños A Nova Sociedade Vinícola, a empresa de transportes Agencia Internacional Aduaneira, de Manuel B. Vivas, os enxeñeiros industriais Durán García & C.^a, a céntrica camisaría da Praça do Rossio de Refojos Rodríguez, a Camisaria Moderna, as importadoras madeireiras Torrens & Marques Pinto e Francisco González y González, o Hotel Universo, a Sapataria Orion, o importador de tabaco Apolinar Contreras, etc.¹⁷. En Porto, onde vivían arredor de 1500 españois, boa parte da industria téxtil e de curtidos de peles estaba nas súas mans: a Fábrica de Cortumes da Póvoa-Pablo Gati, a Fábrica de Cortumes Rio Leça, La Catalana e a fábrica de Dionisio Mateu, entre outras. Os españois tamén eran propietarios da fábrica de chocolates La Española, das empresas de recauchutados Vulcania e Vulcanoff, e dalgúns comercios relacionados coa hostalaría¹⁸. Moitas delas fixeron xenerosas doazóns ao exército franquista durante o conflito civil en España. Como curiosidade, a fábrica téxtil de Porto Bosch & Bayllina, propiedade do delegado da Falange naquela cidade, Ramón Bayllina, doou a produción de calcetíns que tiveron tres das súas máquinas durante toda a guerra¹⁹.

¹⁵ Véxase o artigo xornalístico: «A colonia espanhola de Lisboa que acompaña com o maior entusiasmo e patriotismo o movimento nacionalista do generalissimo Franco, está integrada nos principios renovadores da revolução Nacional salvadora da sua gloriosa Pátria», *O Século*, n.º 20151, 24/04/1938, pp. 9 e 10. E tamén: «Movimento Nacionalista de Espanha. A colonia do Porto tem prestado, abnegadamente, o seu valioso auxílio áqueles que se batem no campo de batalha com o alto significado de redimir a Pátria», *O Século*, n.º 20075, 06/02/1938, p. 13.

¹⁶ *O Século*, n.º 20151, 24/04/1938, p. 9.

¹⁷ *Ídem*, pp. 9 e 10.

¹⁸ *Ídem*, n.º 20075, 06/02/1938, p. 13.

¹⁹ *Ídem*, n.º 20067, 28/01/1938, p. 2.

2. AS CAMPAÑAS FRANQUISTAS DAS ASOCIACIÓNS DE INMIGRANTES GALEGOS

A asociación La Juventud de Galicia foi unha das institucións da colonia española máis solidarias co bando franquista. Organizou varias campañas de propaganda para recadar fondos na colonia cos que axudar os militares sublevados. A finais de 1936, por exemplo, organizou unha colecta para enviar o aguinaldo aos soldados de Franco, «[...] que derraman su sangre generosa en el suelo sacrosanto de la Patria». Esta campaña de Nadal foi desenvolvida en colaboración co xornal vigués *El Pueblo Gallego*, que ofreceu as súas páxinas para facer propaganda franquista e a sede da delegación en Lisboa, situada na Avenida 24 de Julho, como oficina para o depósito dos donativos. Nas súas columnas publicábanse os nomes de todos aqueles que respondían á chamada de La Juventud de Galicia achegando fondos para o exército insurrecto²⁰. Esta institución foi tamén protagonista do envío dunha caravana de víveres e material sanitario para o bando franquista de Vigo. O 11 de xaneiro de 1937 transportou duascentas camas e alimentos diversos²¹. Mentres durou a guerra, durante a época de Nadal coordinaba unha campaña de recadación de doazóns para os insurxentes.

De acordo coas instrucións da Representación da Junta de Burgos en Lisboa, organizáronse accións de propaganda nas que colaboraban, ademais da La Juventud de Galicia, a Asociación Galaica de Socorros Mutuos. Esta institución chegou a coordinar directamente con Nicolás Franco a estratexia propagandística que debía seguir o franquismo para persuadir os inmigrantes galegos en 1938²². A Asociación Galaica enviou circulares a todos os seus asociados, que recibiron tamén a visita nos seus domicilios dunha comisión *ad hoc* para fomentar a colaboración cos militares rebeldes. A circular, remitida en novembro de 1938, estaba acompañada dun impreso para asinar polo propio destinatario, que debía engadir un donativo. Reprodúcese a continuación o seu contido pola súa relevancia histórica:

²⁰ *O Século*, n.º 19663, 11/12/1936, p. 4. Véxase tamén: *Diário de Notícias*, n.º 25457, 18/12/1936, p. 4.

²¹ *O Século*, n.º 18692, 11/01/1937, p. 4.

²² AGA, Exteriores, caixa n.º 6639. Carta de José Rodríguez Márquez, da Asociación Galaica de Socorros Mutuos, a Nicolás Franco, 14/11/1938.

Camarada y Amigo:

[...] Sabemos que tiene Vd. un alma bien formada. Por eso mismo queremos hablarle al corazón. En España continúa esa guerra, horrible y sangrienta, que estalló el 18 de Julio de 1936. No se trata de una lucha de conquistas materiales ni de ambiciones de partido ni de choque entre dos pueblos. Es España, su Historia, su Fé, su Tradición, la civilización misma de que nuestra Patria es máximo exponente en el mundo contra el comunismo devastador y sanguinario, feroz, vengativo y criminal. Es la verdadera España que lucha por nosotros mismos, por la defensa de la tranquilidad y el orden que disfrutamos y que nos garantiza el trabajo digno de que vivimos rodeados de los nuestros. ¿Y podemos nosotros asistir insensibles al supremo sacrificio de todos aquellos que están dando la misma vida por defendernos del horrible caos comunista? La Causa Nacional de España es nuestra propia Causa. En el triunfo de Franco está nuestro mismo triunfo. ¿Y cómo correspondemos a tan sublime sacrificio? Al menos un recuerdo que patentice nuestra gratitud. Que en las solemnidades de Navidad no falte nuestra expresión de solidaridad y cariño para con nuestros heroicos combatientes! Queremos reuniros en pleito sentimental, enviando a las trincheras de España, los agasajos que simbolicen nuestro aliento a tantísimos héroes que va a pasar la tercera Noche-Buena de guerra, luchando y vigilando por la Civilización! Su nombre, estamos seguros de ello, ocupará honrosamente un lugar de presencia en la lista de «Recuerdos». La comisión que tendrá el honor de visitarle, recogerá el boletín adjunto, que esperamos habrá Vd. llenado, con el donativo que significa su acendrado patriotismo y vivo amor a España!

¡Que Dios le premie y España sea Una, Grande y Libre!
¡Saludo a Franco!
¡Arriba España!²³

A Asociación Galaica de Socorros Mutuos xa dera mostrás da súa firme colaboración coa propaganda franquista en Portugal cando emitiu, o 24 de setembro de 1936, un manifesto contra a implantación en España de ideas e sistemas subversivos de «carácter internacional», en defensa do «patrimonio moral y material»

²³ AGA, Exteriores, caixa n.º 6639. Circular anexa á carta de José Rodríguez Márquez a Nicolás Franco, 14/11/1938.

e o respecto da historia, a fe e a memoria dos antepasados. O manifesto rexeita de plano as teorías «bárbaras e utópicas» para impedir o aniquilamento da civilización e, en nome da comunidade inmigrante galega en Portugal, proclama o orgullo de ver a Galicia en poder de Franco, co desexo expreso de que o resto de España fose pronto conquistada polos golpistas:

[...] Pela nosa parte muito honrados nos consideramos manifestando a mais estreita comunhão de ideologia com todos aqueles que só pensam em salvar a Espanha do pior flagelo de todos os tempos. Agora mais do que nunca, e por termos nascido na hispánica região galega, sentimos orgulho pela dignissima posição da nossa terra natal ao contribuir com o maior entusiasmo para a causa sacrossanta e em tudo digna da salvação da Espanha. Estamos de alma, vida e coração ao lado do glorioso Exército espanhol. Desejamos a paz de Espanha. Queremos unha Patria disciplinada, ordenada, consciente, laboriosa, progressiva, forte e nacionalista. E assim há-de ser a Espanha de amanhã²⁴.

Cando o xeneral Franco é nomeado Xefe de Estado, en outubro de 1938, polo goberno de Burgos, a Asociación Galaica de Socorros Mutuos mandoulle un efusivo telegrama de felicitación, que foi publicado en *O Século*. O telegrama estaba asinado polos membros da xunta directiva, da que formaban parte José Rodríguez Márquez, Benito Pérez Raymundo, Daniel Garrido Oitavén, José Garrido Ventín, Avelino Fernández López, Enrique Fernández Díaz, Enrique Almeida Martínez, Constantino Muñoz Fernández e Carlos Baquero Peruch. Deste xeito, a dirección da asociación demostraba publicamente, unha vez máis, o seu apoio decidido aos militares sediciosos con esta mensaxe: «A Associação Galaica de Lisboa expresa a sua fé inquebrantável no ideal nacionalista Salvador da Espanha nova! Arriba Espanha!»²⁵. En febreiro de 1937, tras producirse o atentado anarquista contra o goberno de Salazar, os directivos da asociación tamén lle expresan ao ministro do Interior de Portugal a súa «inquebrantable fé» no Estado Novo²⁶. Tanto as dúas asociacións galegas referidas como a Cámara Oficial de Comercio e Navegación de España serviron como importantes núcleos de captación de adeptos para o

²⁴ *Diário de Notícias*, n.º 25374, 24/09/1936, p. 4.

²⁵ *O Século*, n.º 19597, 04/10/1936, p. 4.

²⁶ AMI-GM/ANTT, M 486, C 40. Carta de Gumersindo Casal Fernández, presidente da xunta directiva da Asociación Galaica de Socorros Mutuos, ao ministro do Interior, 10/02/1937.

Movemento franquista en Portugal. A través da súa instrumentalización política, a Representación da Junta de Defensa de Burgos puido canalizar de xeito persoal e eficaz a súa propaganda cara aos diferentes sectores que integran a comunidade inmigrante española.

Por tanto, a diáspora galega en territorio portugués formou parte da estratexia propagandística dos militares insurrectos, que trataron de adoutrinar aos emigrados galegos en Portugal con catro obxectivos principais: recadar fondos económicos para a causa golpista, recrutar combatentes para o campo de batalla, evitar a acción política en defensa da II República e transformar a colonia nunha cómoda retagarda, que ademais prestase apoio loxístico e económico aos militares sediciosos. As institucións da colonia española en Portugal, moitas delas relacionadas coa inmigración galega, serviron así de plataformas de difusión da ideoloxía falanxista e do franquismo, grazas ao determinante apoio que prestou o goberno do Estado Novo aos militares españois insurrectos, que encontraron en Portugal un aliado leal, que proporcionaba cobertura diplomática e colaboraba no aprovisionamento militar²⁷.

3. INTELECTUAIS GALEGOS E PROPAGANDA FRANQUISTA EN PORTUGAL

A campaña a favor do franquismo en territorio portugués contou coa colaboración de algúns intelectuais galegos, que nalgúns casos asumiron simbólicamente a representación do galeguismo como unha estratexia para conectar e persuadir emocionalmente aos inmigrantes galegos. No marco dunha acción propagandística para outorgar proxección exterior ao movemento fascista español e obter o apoio da colonia galega e española, a utilización de prestixiosas figuras intelectuais de orixe galega por parte dos rebeldes franquistas perseguía tres obxectivos fundamentais: lexitimar politicamente o golpe de Estado en España, elevar o prestixio da causa franquista en Portugal e estreitar os lazos ideolóxicos co salazarismo.

²⁷ Cf. Pena Rodríguez, Alberto, *Galicie, Franco y Salazar. La emigración gallega en Portugal y el intercambio ideológico entre el franquismo y el salazarismo*, Vigo, Universidade de Vigo, 1999.

O Estado Novo de Oliveira Salazar, extremadamente celoso en canto ás actividades políticas dos estranxeiros durante a Guerra Civil española, prohibiu as actividades xornalísticas dos intelectuais demócratas españois en territorio portugués, amedrentados ademais polo temor a seren entregados ao goberno franquista durante a guerra. En ningún caso se podían mostrar partidarios do goberno de Madrid porque iso significaba a expulsión automática de Portugal. A policía política do réxime, a Policía de Vigilância e Defesa do Estado (PVDE), extremou ao máximo as precaucións para evitar calquera tipo de contaxio ideolóxico da España republicana.

Toda a propaganda realizada por membros da colonia española en Portugal estaba supervisada pola Junta de Defensa de Burgos e os seus axentes, que non necesitaron fundar ningunha publicación específica para promover o goberno rebelde español. Porque o franquismo xa era promovido, con grande entusiasmo, polos propios medios de comunicación portugueses, cos que mantiñan un contacto permanente. Os españois residentes en Portugal que non se declararon abertamente a favor dos militares golpistas pasaron a ser sospeitosos, ao igual que os portugueses que non respectaron o *statu quo* da ditadura salazarista.

As actividades do núcleo franquista da colonia non se concentraban unicamente en pedir donativos por medio das súas festas, poxas, misas ou outras celebracións, organizadas desde a Cámara Oficial de Comercio e Navegación de España, a Asociación Galaica de Socorros Mutuos, o Centro Español, a Mocidade de Galicia ou a Sociedade Española de Beneficencia, entre outros organismos. As súas accións de recadación para o exército franquista ían acompañadas dunha propaganda realizada en español desde a propia prensa portuguesa por intelectuais franquistas, entre os que se atopaban eminentes escritores galegos como Julio Camba, Eugenio Montes, Álvaro de las Casas ou Wenceslao Fernández Flórez. Algúns xornais lusos de referencia, como o *Diário de Notícias* ou o *Comércio do Porto*, brindaron as súas páxinas para que os máis ilustres simpatizantes do exército rebelde vencellados a Galicia publicasen artigos a favor do fascismo español ou concedesen entrevistas de propaganda franquista. Entre eles estaban tamén o marqués de Quintanar, Carmen Fernández de Lara, Manuel Falcón, Lasso de la Vega, Francisco Cervantes e moitos outros, que empregaron a súa pluma para promover o franquismo no país veciño. As ideas políticas e sociais da Falange, a concepción franquista da restauración nacional ou a censura sistemática das

teorías marxistas e o goberno leal á II República son temas recorrentes na propaganda destes intelectuais na prensa portuguesa.

O diario católico *A Voz* foi un dos diarios no que os intelectuais franquistas adquiriron máis protagonismo, publicando os seus artigos de forma destacada. O *Diário de Notícias*, o *Diário da Manhã*, o *Comércio do Porto* ou as revistas nacionalistas *Ocidente*, *Alma Nacional* e *Aviz* incluíron propaganda en español. *A Voz*, dirixida por Fernando de Souza, foi moi receptiva cos artigos do marqués de Quintanar, que, nunha entrevista concedida ao *Diário de Lisboa* o 22 de agosto de 1936, vaticinaba un inmediato final da guerra. Entre setembro e novembro de 1936, publicou diversos artigos sobre as consecuencias da guerra para Europa, sobre a necesidade de resucitar a vella alianza peninsular, sobre as virtudes do tradicionalismo español ou sobre o desenvolvemento do enfrontamento bélico, algúns deles lidos nos micrófonos da emisora profranquista Rádio Club Português.

En *A Voz* atopou tamén espazo xornalístico o escritor español Manuel Falcón, que naquel momento traballaba para o Secretariado de Propaganda Nacional, en colaboración permanente cos representantes franquistas en Lisboa. Durante a guerra, emprendeu unha campaña de prensa ao servizo de Nicolás Franco, de quen recibía instrucións para publicar artigos favorables á rebelión militar en España. Segundo o axente de Burgos Álvaro Seminario, Manuel Falcón era o «cronista de asuntos españois» de *A Voz*. Neste xornal, demostrou ter unha certa debilidade pola propaganda poética, asinando ata seis poemas, de escasa calidade literaria pero de gran fondo ideolóxico, que plasmaban os seus sentimentos franquistas. Publicou tamén en *A Voz*, en decembro de 1938, unha entrevista co xefe dos Arquivos, Biblioteca e Propiedade Intelectual do goberno rebelde, Lasso de la Vega, quen se atopaba en Portugal para asistir ao doutorado *honoris causa* do intelectual catalán Eugenio D'Ors pola Universidade de Coimbra. Lasso de la Vega comenta os proxectos que tiña entón o seu Departamento dentro do Ministerio de Educación Nacional. Durante a entrevista, o intelectual franquista, na súa condición de xefe das Lecturas para os Combatentes, solicita publicamente a Falcón que, como axente da «embaixada negra» (a Representación do goberno de Burgos en Lisboa), se ocupe de facer unha campaña de recolleita de libros en portugués para enviarlles aos milleiros de voluntarios portugueses na fronte de batalla.

Porén os intelectuais profranquistas que tiveron máis eco propagandístico nos medios de comunicación portugueses foron os que estaban vencellados a Galicia. Wenceslao Fernández Flórez foi un dos máis destacados. Presentouse en Portugal como supervivente do «inferno» comunista de Madrid, onde residiu durante o primeiro ano da Guerra Civil, ata que conseguiu pasarse á zona franquista en 1937, segundo a prensa salazarista. Fernández Flórez foi un dos intelectuais fascistas máis populares, activos e eficaces na difusión propagandística do proxecto franquista en Portugal. A súa orixe galega contribuíu de xeito relevante á lexitimación do fascismo diante da colonia galega e da opinión pública portuguesa. Desacreditou o discurso do Partido Galeguista, que pretendía espertar a conciencia e o sentimento de solidariedade da sociedade portuguesa, apelando ás raíces históricas e culturais do nacionalismo galego coa nación portuguesa, como se expón mais adiante.

Wenceslao Fernández Flórez chegou a Lisboa o 24 de maio de 1938. Os lectores do *Diário da Manhã* (órgano do partido único do réxime, a União Nacional) xa coñecían as súas opinións sobre a guerra porque reproduciu en varias edicións algúns dos seus artigos publicados no *Abc* de Sevilla, cabeceira en que traballaba desde 1937, logo de conseguir saír «clandestinamente» de Madrid²⁸. Na estación do Rossio de Lisboa, nunha recepción de carácter oficial e protocolaria, agardábanos Jorge Faria, presidente do Sindicato Nacional dos Jornalistas, e Guilherme Pereira de Carvalho, representante do Secretariado de Propaganda Nacional. Era considerado pola prensa lusa como un dos máis insignes intelectuais españois superviventes ao «xenocidio» do goberno republicano. A súa estadía en Portugal tivo unha enorme repercusión mediática, como correspondía a un ilustre invitado do SPN que ía pronunciar dúas conferencias sobre a «Revolución Nacionalista»²⁹.

As intervencións públicas de Fernández Flórez foron retransmitidas en directo pola Emissora Nacional. A primeira alocución do autor español, titulada «O terror vermelho», realizouse o 8 de xuño na sede do propio SPN. No acto estiveron presentes numerosos xornalistas e escritores portugueses. Foi cualificado pola prensa lusa como un éxito rotundo para o SPN e os representantes do goberno de Burgos en Lisboa. A capacidade da sala era insuficiente para acoller a todos

²⁸ *Diário da Manhã*, n.º 2331, 16/10/1937, p. 3.

²⁹ *Diário da Manhã*, n.º 2331, 16/10/1937, p. 3.

os asistentes, polo que os organizadores decidiron instalar altofalantes noutras dependencias do edificio. A presentación do intelectual español correu a cargo do director do SPN, Ant3nio Ferro, que recorda expresamente a campaa de propaganda internacional realizada polos intelectuais portugueses para impedir o fusilamento dos escritores espa3ois en territorio leal. Ferro subli3a, ademais, o «erro» cometido por el mesmo en setembro de 1936, cando, no medio da vertixe imparable daquela campaa desde o organismo que el dirix3a, se daba por morto a Fern3ndez Fl3rez. O correspondente do *Di3rio de Noticias* Armando Boaventura certificara incluso o seu asasinato publicando unha entrevista p3stuma co escritor, na que amosaba a s3a admiraci3n por Franco e Salazar³⁰. Tendo en conta o sistem3tico asasinato de intelectuais no bando leal (sic), apuntaba Ferro, a «resurrecci3n» do escritor franquista era un «milagre»:

Flores acabou por conseguir da Espanha vermelha, salvar-se, mas n3o f3cilmente, n3o como quem parte, com a sua bagagem feita, a horas certas. Salvou-se, para bem de n3s todos, para nossa alegria, mas como aqueles raros condenados 3 morte que conseguem libertar-se, quando a noite desce, dum monte de cad3veres que se forma ap3s os fuzilamentos em massa. Conseguiu salvar-se mas deixando nesse monte de cad3veres intelectuais como Ramiro de Maeztu, Manuel Bueno, Salazar Alonso, Mu3oz Seca e tantos outros. Testemunha implac3vel, justiceira, salvou-se para nos vir contar o que os seus olhos viram, o que a sua alma sofreu! [...] Depois da sua confer3ncia todos concluir3o que, para a intelig3ncia de Fernandez Flores, homem de bem e escritor de bem, os chamados direitos do homem deixaram de existir, porque os voi (sic) em plena actividade, transmutados em aut3nticos direitos da fera!. [...] Lembrou em seguida Ant3nio Ferro que o conferente nasceu na Galiza, provincia de Espanha, mas amiga intima de Portugal, da nossa paisagem, dos nossos costumes, da nossa l3ngua, circunstancia essa que nos torna Wenceslau Flores particularmente simp3tico³¹.

A segunda diatriba de Fern3ndez Fl3rez realizouse o 16 de xu3o na Sociedade de Xeografia, cuxa capacidade era moito maior. Esta vez falou sobre «A Mulher na Revoluci3o Espanhola», conferencia publicada integralmente polo

³⁰ *Di3rio de Noticias*, n.º 25353, 03/09/1936, p. 1.

³¹ *Di3rio da Manh3*, n.º 2560, 09/06/1938, p. 4.

Diário da Manhã e a revista *Ocidente*. Nesta nova alocución o popular escritor eloxia as sobresaíntes calidades da muller falanxista fronte aos «salvaxes» costumes das mulleres marxistas³². A primeira, segundo o seu argumento, é unha boa nai e tenra co seu marido, mentres a segunda, cuxos modelos representaban a Pasionaria ou Margarita Nelken, é un auténtico monstro que perdeu os valores máis «puros» do seu sexo³³. A xeira do escritor de *O bosque animado* continuou en Porto. Alí foi recibido o 21 de xuño entre aplausos de diplomáticos e intelectuais portugueses no Salão Nobre do Centro Comercial, durante unha sesión presidida polo alcalde da cidade, Mendes Correia, xunto aos escritores Alberto Pinheiro Torres e Augusto Pires de Lima³⁴.

A campaña propagandística de Fernández Flórez tivo tamén unha vertente xornalística e editorial. Durante o verán de 1938, escribiu para o *Diário de Notícias* unha soada serie de 15 crónicas sobre as súas peripecias persoais para fuxir do inferno madrileño e salvar a súa vida logo de iniciada a guerra, grazas á axuda prestada polo embaixador portugués, Riba Tâmega. O seu traballo xornalístico foi recollido nun libro de propaganda anticomunista editado ese mesmo ano pola Empresa Nacional de Publicidade, propietaria do *Diário de Notícias*, titulado *O terror vermelho*³⁵. A cuberta deste opúsculo aparece ilustrada cun cadro que mostra unha caveira adornada cunha gorra vermella que loce unha estrela comunista. O libro foi traducido a varias linguas e difundido internacionalmente ao mesmo tempo que a edición portuguesa³⁶. No prólogo, W. Fernández Flórez expresa o seu desexo de convencer os lectores de evitar o «contaxio» do comunismo ruso, que segundo el se estendeu rapidamente polo territorio español logo de facerse co goberno os burgueses que simpatizaban coas ideas marxistas: «As ideas eran russas, os procesos eran russos; russos eran os homens chegados para dirixir até as matanzas; russas as armas, russas as conservas que, ao principio, deram ao povo, russos os nomes que se invocavam, russas as brigadas, os orixinais dos grandes retratos que presidiam os comícios e as deliberacións»³⁷. Esta supos-

³² *Ocidente*, vol. I, n.º 3, xullo de 1938, pp. 419-430; vol. II, n.º 4, agosto de 1938, pp. 79-81.

³³ *Diário da Manhã*, n.º 2508, 17/06/1938, p. 5.

³⁴ *Ídem*, n.º 2573, 22/06/1938, p. 8.

³⁵ Fernández Flórez, Wenceslao, *O terror vermelho*, Lisboa, Empresa Nacional de Publicidade, 1938.

³⁶ *Ídem*, (s.p.), (pp. 2 e 3).

³⁷ *Ídem*, (s.p.) (p. 12).

ta invasión vermella, segundo o autor, foi estimulada por «falsos» intelectuais e xornalistas «de meia tegela» que se enriqueceron facendo propaganda comunista. Engade que aqueles «seudo-intelectuais» fuxiron arrependidos da súa incendiaria provocación, que sumiu a España no horror³⁸. O escritor galego, ademais, móstrase orgulloso dos resultados da propaganda realizada en Portugal. Segundo escribe, dous rapaces portugueses agradecéronlle persoalmente, nunha das súas conferencias, os seus artigos xornalísticos porque estes «tinham estrangulado nos seus espíritos uma tendencia de simpatía, de aproximación para o comunismo»³⁹.

Xunto a Fernández Flórez, houbo outros intelectuais galegos que asumiron tamén un certo protagonismo público nos medios de comunicación portugueses para xustificar diante da opinión pública lusa a acción represiva do exército de Franco en Galicia e España. O escritor vigués Eugenio Montes, nomeado director do Instituto Español de Lisboa polos representantes do goberno de Burgos, pronunciou unha palestra sobre as causas da guerra no Teatro da Trindade de Lisboa, o 14 de maio de 1937, á vez que publicaba un artigo no *Diário da Manhã* titulado «De Dostoievski a Estaline»⁴⁰. A súa presentación no Teatro da Trindade foi realizada por Manuel Múrias, simpatizante da causa facciosa e director da revista *Ocidente*⁴¹. Mentres, en Porto, o escritor Julio Camba e o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Álvaro de las Casas erixíronse en voceiros oficiais da «verdade» franquista. De las Casas, que fora militante do Partido Galeguista e fundador da Vangarda Nazionalista Galega, estableceuse naquela cidade en setembro de 1936, despois dunha estadía en Alemaña e Italia. Mantiña unha estreita relación co *Comércio do Porto*, que se mostrou durante a guerra interesado en publicar asuntos relacionados coa colonia española naquela cidade e, de modo moi especial, sobre todo o relacionado con Galicia ou o galeguismo.

Sobre a política do franquismo en Galicia, suscitáronse críticas entre algúns sectores da sociedade portuguesa pola represión rebelde cos nacionalistas galegos, que se difundiron a través da circulación clandestina de follas voantes, folletos e periódicos distribuídos por organizacións anarquistas e pola Frente Popular Portuguesa. Para desacreditar esa propaganda opositora no norte de Portugal, o

³⁸ *Ídem*, (s.p.) (p. 11).

³⁹ *Ídem*, (s.p.) (p. 18).

⁴⁰ *Diário da Manhã*, n.º 2177, 14/05/1937, pp. 3 e 7.

⁴¹ *O Século*, n.º 19813, 15/05/1937, p. 6.

fascismo ibérico utilizou, sobre todo, o relato favorable ao franquismo do escritor galeguista Álvaro de las Casas. O que fora autor de obras como *Teatro dos nenos* ou *Rechouchío*, concedeu unha entrevista o 7 de setembro de 1936 que foi portada do *Comércio do Porto*. O antetítulo do diálogo xornalístico co intelectual galeguista era «A Galiza na revolución española» e o título: «O depoimento dum galeguista: Pela Civilização e pela Espanha contra a demência tartárica!»⁴². Álvaro de las Casas é tratado como portavoz do nacionalismo galego, e como tal manifesta a posición deste movemento ante o conflito. O *Comércio do Porto* contextualiza a entrevista sinalando que non deben ser confundidos os nacionalistas galegos, defensores da unidade de España, co separatismo vasco e catalán:

[...] a Galiza formou, desde os primeiros momentos, um bloco sólido e homogéneo ao lado do exército espanhol, mais nem por isso deixava de ser curioso pescudar da maneira como algumas figuras representativas da inteligência galega entendem a solidariedade dada pela unanimidade da população do Noroeste hispânico ao movimento de reconstrução espanhola, desencadeado pelo Exército do país vizinho⁴³.

Segundo a versión ofrecida polo *Comércio do Porto*, Galicia era unha *rexión* que apoiaba incondicionalmente ao exército rebelde. Na entrevista, Álvaro de las Casas, cun discurso de ton imperialista, consideraba que as tropas de Franco estaban «salvando as mais puras essências de “europiedade” e todos os valores morais que deram á Espanha um pôsto de primeira ordem no diálogo das mais antigas, nobres e gloriosas civilizações»⁴⁴. Porén, na súa argumentación política, o intelectual galego reconece as especificidades de Galicia como «individualidade» histórica e, ao mesmo tempo, afirma que a rexión galaica necesitaba un «robustecimento» da súa personalidade hispánica. «Neste instante, a minha terra de novo com perfeita unanimidade, com ardor insuperável, com a fé dun verdadeiro misticismo, tôda ela unida num apertado feixe, está em armas pela salvação e pela restauração da Espanha, pelo prestígio da Europa»⁴⁵. O testemuño de Álvaro de las Casas é utilizado polo *Comércio do Porto* para concluir con rotundidade que o movemento galeguista era franquista:

⁴² *Comércio do Porto*, n.º 233, 07/09/1936, p. 1.

⁴³ *Ídem*, p. 2.

⁴⁴ *Ibidem*.

⁴⁵ *Ibidem*.

«Nenhum equívoco é mais possível. O galeguismo declarou-pélase Civilização, pela Espanha e pelo Exército nacionalista. Proclamou-ou abertamente, um dous mais nobres e lúcidos espíritos da terra galega»⁴⁶.

O 18 de setembro de 1936, Álvaro de las Casas participou como representante do Movimento Nacional español no multitudinario mitin anticomunista que tivo lugar en Porto. E o 12 de outubro seguinte foi o conferenciante invitado nunha das moitas sesións de propaganda organizadas pola União Nacional. Pronunciou o seu discurso xunto ao coronel Namorado de Aguiar, comandante da Policía de Segurança Pública e da Legião Portuguesa, e Vasco Mourão, presidente da comisión política da União Nacional. Pouco despois, volveu a ter a oportunidade de lanzar desde o *Comércio do Porto* unha «vibrante exortación» aos nacionalistas portugueses, aos que lles comunica a chegada do «grande día de Europa» contra a ideoloxía materialista e o islamismo:

Como em tempos passados contra o perigo islâmico, que ameaçava arrasar os fertilíssimos campos dos velhos impérios, os povos que, hoje, têm consciência de si e renegam nefandas claudicações servís, juntam-se, outra vez, para salvar os eternos valores morais, reverdecer os sempre viçosos loiros das nossas histórias gloriosas e reafirmar a soberana hegemonia do espírito. Espanha é, outra vez, trincheira e clarim da Europa. [...] Estamos em luta titânica entre as duas mais opostas concepções do mundo. A um internacionalismo utópico e absurdo opomos o perfil nitido das nossas nacionalidades, ao nomadismo judaico e depauperado opomos a mais firme posse do solo pátrio, ao ateísmo brutal o princípio religioso, ao conceito materialista da vida a nossa sêde inesgotável de infinito, à luta de classes criminosa e esgotante a mais firme coesão no Estado, por que todos, ricos e pobres, patrões e trabalhadores, somos parte essencial de um todo indivisível, somos carne e potência de um corpo e alma únicos; em suma: somos, conjuntamente História e Futuro⁴⁷.

Álvaro de las Casas converteuse en asesor do *Comércio do Porto* para asuntos relacionados con Galicia e España. O 7 de outubro de 1936, coordinou a entrevista realizada ao avogado e publicitario galego José Ignacio Ramos, en calidade de cofundador das Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista. Ramos é descrito

⁴⁶ *Ibidem.*

⁴⁷ *Ibidem.*

como outro supervivente do «inferno madrileno», cuxo soño era ser un dos primeiros falanxistas en entrar na capital española. O tamén galego Julio Camba foi convidado por Álvaro de las Casas para dirixirse ao pobo portugués desde a tribuna informativa do *Comércio do Porto*. O autor de *Aventuras dunha peseta* tratou de demostrar que «tudo quanto há de categorizado na vida espanhola está ao lado do exército contra a invasão comunista»⁴⁸. Camba falou da posición adoptada polos intelectuais españois diante do golpe militar. Mentres o goberno de Madrid fomenta o asasinato de escritores, artistas e científicos, apunta Camba, á beira dos franquistas están personaxes como: Unamuno, Eugenio Montes, Pío Baroja, Luca de Tena, José María Pemán, García Lorca (sic), Bergamín, Sánchez Mazas, Salaverría, Pujol, Otero Pedrayo ou Giménez Cabaleiro. Julio Camba renegou do manifesto antifranquista que asinara en apoio ao goberno de Madrid, no que estampou a súa sinatura, dicía, baixo ameazas. A súa postura era radicalmente clara e fascista: «Ao lado do exército, ate onde seja necessário. Como homem sou anti-comunista e, como espanhol, desejo uma limpeza que faça desaparecer, de vez, tôda essa turba de patifes que, por infelicidade, nos tinha caído em cima; é preciso fazer uma nossa Espanha. Chegou a hora»⁴⁹.

4. CASTELAO E O PARTIDO GALEGUISTA, CONTRA O FASCISMO IBÉRICO

Dous dos intelectuais e políticos máis representativos da causa galeguista, Alfonso Rodríguez Castelao e Ramón Suárez Picallo, deputados do Partido Galeguista nas Cortes da II República cando se iniciou a guerra, fixeron unha campaña contra o Estado Novo portugués a través da publicación e difusión dunha carta-manifesto. Nela acusaron publicamente a Salazar de ser o verdugo da cultura e da identidade do pobo galego. A carta-manifesto asinada polos deputados galegos foi editada e impresa en Madrid con formato de folleto, en abril de 1937, pola Delegação em Espanha da Frente Popular Portuguesa, e foi reproducida na prensa afín ao

⁴⁸ *Comércio do Porto*, n.º 262, 07/10/1936, p. 1. Antetítulo: «Como pensa a intelectualidade espanhola». Título: «D. Julio Camba, o ilustre escritor fez importantes declarações a “O Comércio do Porto”».

⁴⁹ *Ibidem*.

gobierno republicano. O título deste texto propagandístico era *Carta a Oliveira Salazar, ditador de Portugal*⁵⁰.

O manifesto foi distribuído clandestinamente en territorio portugués para mobilizar a sociedade lusa en defensa dos seus «irmáns» galegos. O seu contido, ademais, tivo resonancia na prensa ibérica da época. Algunhas cabeceiras portuguesas e españolas enfrontáronse polo contido do folleto, cuxa difusión foi prohibida e perseguida pola policía política lusa, que sospeitaba que o texto fora introducido clandestinamente no seu territorio por medio do correo enviado desde Francia.

O texto acusaba a Salazar de traizón. Segundo Castelao e Suárez Picallo, o ditador portugués estaba cavando a tumba do galeguismo: «Sabe V. que o triunfo do feixismo em Hespanha supón a volta de Catalunya, Euzkadi e Galicia á tiranía centralista — tiranía que Portugal non soportou —. Cré V., señor dictador, que Portugal pode diñamente axudar aos militares hespañoes no afán de abolir as autonomías?», sinalase no escrito. Salazar é acusado tamén de cómplice do asasinato de centos de galegos. Os deputados nacionalistas, empregando unha singular dureza co ditador luso, acúsano de fechar as fronteiras con Galicia para impedir o refuxio en Portugal dos demócratas que fuxían da represión fascista. Segundo o folleto, Salazar permitiu a morte de moitos galegos, malia os lazos eternos que unían a comunidade galaica con Portugal:

Galiza e Portugal forman, étnicamente un mesmo pobo. Fórono no abrente da Hestoria e camiñaron xuntos moito tempo, a falar e cantar no mesmo idioma. Xuntos erguemos un dos mais belidos momentos do mundo: a gran poesía lírica dos cancioneiros galaico-portugueses. Xuntos creamos unha cultura e un xeito de vida. E o río Miño era o noso pai. Sabe V. que aínda dispois da malfadada separación Galiza e Portugal queríanse como dous namorados. [...] Debe saber V. que o noso amor a Portugal valeunos a xenreira dos «nacionalistas hespañoes» e que foi xustamente ese amor o delito mais grave que se nos imputa. ¿Cré V., señor Oliveira Salazar, que os galeguistas estábamos infectados dalgunha enfermidade perigosa para o pobo portugués?. Pois V. tratounos como apestados, metendo galeguistas en cadeas inmundas ou entregándoos aos asesinos

⁵⁰ Castelao, Alfonso e Suárez Picallo, Ramón, *Carta a Oliveira Salazar, ditador de Portugal*, Madrid, Delegación em Espanha da Frente Popular Portuguesa, 1937.

de «Falange Española». Sabe V. que os intelectuales portugueses e galegos comezaban a formar unha comunidade cultural que sería outro expoñente da nosa estirpe atlántica. Chamábonos irmáns, e Rosalía de Castro era o «corpo santo da Saudade». Un poeta, amigo de V., quixo engaiolar a Galiza con este chamamento: «Deixa Castela e ven a nós!». Sabe V. que os galeguistas fechábamos os ouvidos a todo chamamento ilícito; pero queríamos ser fideles aos legados da tradición e cada vez sentíamonos mais empurrados cara Portugal [...] Pois ben, señor Oliveira Salazar: V. matou as nosas ilusións. ¿Cré V. que se pode axudar descaradamente aos imperialistas hespañoes?⁵¹.

Mentres Castelao e Picallo denunciaban a situación dos fuxidos galegos en territorio portugués, un grupo de refuxiados clandestinos en Portugal envíalle unha carta a Oliveira Salazar, con carácter particular, solicitando que puxese fin á persecución dos galegos que entraron en Portugal fuxindo do fascismo e que sexa clemente coa súa situación:

[...] Nosotros, humildes gentes de Galicia — víctimas siempre, ahora como antes, con izquierdas y con derechas del caciquismo gallego — somos ajenos a las causas diplomáticas que motivaron el rompimiento de relaciones entre ambos países hermanos. [...] Porque es inhumano, que a nosotros, respetuosos con la política de Portugal, que buscamos la protección de sus leyes, se nos obligue a llevar una vida absolutamente indigna. Es inhumano que se nos persiga a tiros en los pueblos y montes (tenemos testimonios). Es inhumano, Excelentísimo señor, que cuando somos detenidos se nos entregue a los nacionalistas españoles [...]. No pretendemos en modo alguno burlar las leyes de Portugal, ni tampoco forzar su hostilidad. Si su Excelencia juzga que somos agentes peligrosos de propaganda política, razón por la cual no podemos residir en esta nación hermana, autorícenos el embarque libremente para otros países, o reclúyanos en un campo de concentración, con gastos de sostenimiento por nuestra cuenta. Si no podemos vivir en Portugal, déjenos su excelencia libertad para abandonarlo. Es cuanto respetuosamente le pedimos [...]⁵².

⁵¹ *Ibidem*, pp. 6 e 7.

⁵² AOS/ANTT, CO/NE-9I, carpeta 1, 7ª subdivisión, follas nº 18-19. Carta enviada por un grupo de refuxiados gallegos a Oliveira Salazar, 19/09/1937.

Galicia foi a primeira rexión veciña de Portugal en quedar baixo control dos insurrectos. Esta circunstancia provocou unha avalancha de refuxiados. Os galegos que conseguiron cruzar a fronteira atravesando o Miño ou a serra de Castro Laboreiro atoparon en Portugal un ambiente solidario nas aldeas portuguesas. Pero as autoridades locais eran totalmente hostís. Os refuxiados foron perseguidos a tiros polos montes e moitos deles entregados pola policía portuguesa aos rebeldes españois. Varios centenares de fuxidos sobreviviron clandestinamente practicando o contrabando durante a Guerra Civil, mentres esperaban aforrar para ter a oportunidade de chegar ata algún porto e embarcar con destino a América.

O texto ía precedido por unha introdución asinada pola delegación en España da Frente Popular Portuguesa. Nel descríbese o perfil biográfico dos autores do manifesto, que pretenden representar a solidariedade do nacionalismo galego co pobo portugués fronte ao salazarismo: «Aos dois nobres signatários desta carta não temos a dizer senão que o povo Português, revoltado ate a náusea, anseia pela hora de resgatar a sua Pátria do crime monstruoso e sem par com que o Ditador a infamou», conclúe o prefacio. Na carta-manifesto tamén se acusa ao ditador portugués de poñer en risco a propia independencia de Portugal, resaltando os sacrificios realizados polo pobo portugués para manter en pé a fronteira con Castela. Os deputados galegos argumentaban que a única garantía para a integridade territorial de Portugal era unha España organizada en autonomías:

[...] Non cabe dúbida de que foi Portugal quen rompeu a unidade hispánica. E fixo ben. Agora, señor profesor de Dereito: Sabe V. que o «motivo patriótico» que invocan os militares hespañoles, para xustificaren o seu crime, foi provocado pola xenerosidade constitucional, pois, según eles, a concesión das autonomías pon en perigo a «sagrada unidad de la patria» cando, en verdade sirve para fortificala. Sabe V. que os militares facciosos defenden, somentes, un sistema — o sistema unitario e centralista — que causou a perda do noso imperio colonial e a deseintegración peninsular. Sabe V. que eses militares desprezan olímpicamente a Portugal, sen coñecelo, e gardan nos seus adentros, un anxeio irreprimible de reconquistalo; entrementras que os pobos autónomos da República hespañola serían sempre unha garantía da independencia de Portugal [...] ⁵³.

⁵³ *Ídem*, p. 6.

CONCLUSIÓNS

O fascismo español estableceu unha estreita colaboración co salazarismo durante a Guerra Civil española co obxectivo de consolidar, tanto en España como en Portugal, os seus respectivos proxectos autoritarios. A ditadura portuguesa, por medio do seu aparello de propaganda e de todas as súas estruturas mediáticas, lexitimou o Movemento Nacional franquista fomentando unha intensa campaña contra o goberno da II República. A propaganda estivo especialmente protagonizada por intelectuais de orixe galega que contribuíron a desacreditar o galeguismo democrático, cuxa influencia sobre a colonia galega en Portugal e a sociedade portuguesa foi unha das principais preocupacións do franquismo e do salazarismo. Neste contexto, a maioritaria colonia galega en Portugal foi obxecto de campañas de propaganda para recadar donativos ou recrutar soldados para o bando franquista. Varias das principais institucións asociativas da comunidade inmigrante galega, como a Asociación Galaica de Socorros Mutuos ou La Juventud de Galicia colaboraron coa acción política do fascismo español en Portugal.

Intelectuais galegos de prestixio como Wenceslao Fernández Flórez, Álvaro de las Casas ou Eugenio Montes convertéronse en portavoces da causa franquista en Portugal, mentres os verdadeiros representantes do galeguismo tentaban sen éxito facer chegar á opinión pública lusa o seu discurso político sobre o movemento fascista ibérico e os graves prexuízos para Portugal e Galicia. Os intelectuais franquistas tiñan á súa disposición todas as tribunas informativas de Portugal para facer a súa propaganda. Porén, os representantes do Partido Galeguista nas Cortes españolas, Alfonso Rodríguez Castelao e Ramón Suárez Picallo, tiveron moitas limitacións para difundir as súas ideas. Unha das iniciativas máis interesantes dos políticos galeguistas contra a ditadura foi o manifesto *Carta a Oliveira Salazar, ditador de Portugal*, editado pola delegación da Frente Popular Portuguesa en Madrid, que foi introducido e difundido clandestinamente en territorio portugués.

**CASTELAO E OS
«AMIGOS PORTUGUESES»:
O REPUBLICANISMO
E A LIBERDADE COMO
BANDEIRAS COMUNS**

Heloisa Paulo

Centro de Estudos Interdisciplinares
do Século 20
(Universidade de Coimbra)

Cando un galego entra nas planuras de León ou de Zamora, síntese en terra allea, invadido pola tristura que producen os desertos. Cando entra en Asturias ten que afacer os seus ollos a un novo estilo de paisaxe. Pero cando transpón a fronteira portuguesa, síntese na propia terra, e non dá creto ás arbitrariedades da política hestórica. Alfonso Castelao, *Sempre en Galiza*.

1. JAIME ALBERTO DE CASTRO MORAIS, ALBERTO MOURA PINTO E JAIME ZUZARTE CORTESÃO: OS «BUDAS» PORTUGUESES

Um dos mais tristes, mas também mais inteligentes e mais perigosos traidores a nossa causa que tivemos, alcunhou em Madrid o nosso comité de GRUPO DOS BUDAS. Por sermos corpulentos, gordos? Não, simplesmente porque impossível lhe foi sempre (e a todos) conhecer o nosso pensamento e os nossos planos; não apenas militares, mas também, e, sobretudo políticos¹.

Em 28 de Maio de 1926, um golpe militar implanta em Portugal um regime ditatorial que, ganhando contornos fascistas nas décadas seguintes, perdurará 48 anos. Comandado por oficiais, advogados de um exército intervencionista, o movimento vai gerar oposições; quer no seio das próprias forças armadas, inclusive dos próprios participantes do movimento²; quer no seio da sociedade civil, criando uma vaga de opositores, capitaneada por republicanos e os grupos de esquerda, como anarquistas e comunistas³.

¹ Memórias dactilografadas de Jaime de Morais. P. 5. O arquivo de Jaime de Morais foi localizado por mim com um neto na cidade de Niterói, Brasil. Actualmente, ele se encontra na Fundação Mário Soares a espera de tratamento para ser disponibilizado ao público.

² Este é o exemplo do General Gomes da Costa, responsável pela revolta da 8ª divisão militar de Braga, ao norte de Portugal, no dia 28 de Maio. Gomes da Costa, após ser Presidente do Ministério, ele é exonerado e preso em 9 de Julho do mesmo ano. Sobre o tema ver, entre outros: Marques, A. H. de Oliveira (org). *O General Sousa Dias e as revoltas contra a Ditadura, 1926-1931*. Lisboa, Publicações D. Quixote, 1975; Campinos, Jorge. *A Ditadura Militar: 1926-1933*. Lisboa, Publicações D. Quixote, 1975; Farinha, Luis. *O Revivalho. Revoltas Republicanas contra a ditadura e o Estado Novo. 1926-1940*. Lisboa, Ed. Estampa, 1998.

³ Sobre a oposição ainda é escassa a bibliografia. Ver, entre outros, Raby, Dawn Linda. *A Resistência Antifascista em Portugal*. Lisboa, Edições Salamandra, 1980; Marques, A. H. Oliveira. *A unidade da Oposição à Ditadura (1928-1931)*. Lisboa, Europa-América, 1973; Marques, A. H. Oliveira. *A Liga de Paris e a ditadura militar (1927/1928)*. Lisboa, Europa-América, 1976; Marques, A. H. Oliveira. *A Literatura*

No dia 3 de Fevereiro de 1927, na cidade do Porto, surge o primeiro levante contra a ditadura militar, reunindo nomes de militares e civis, descontentes com o cerceamento das liberdades democratas, defendidas pelo republicanismo. Comandados pelo General Sousa Dias, um antigo membro da ditadura militar, os revoltosos contam com nomes de destaque da hierarquia do Exército, da Marinha, da política da velha República, contando ainda com a participação de personagens de realce da sociedade portuguesa de então. Entre estes, estão Jaime Alberto de Castro Morais, médico de formação, oficial da Marinha e antigo governador de Angola e da Índia, e Jaime Zuzarte Cortesão, intelectual vinculado ao grupo da Seara Nova⁴, deputado pelo Partido Democrático, antigo Capitão médico das Forças portuguesas combatentes na Primeira Grande Guerra e diretor da Biblioteca Nacional de Lisboa.

Os revoltosos recebem o apoio imediato de José Domingues dos Santos, chefe do Partido de Esquerda Democrática, aguardando a revolta de outras guarnições militares. Surgem respostas nas cidades de Vila Real, Guimarães, Guarda, Régua, e, tardiamente, as forças da Guarda Nacional Republicana e a Marinha respondem ao apelo na capital, Lisboa. No entanto, no dia 7, as tropas governamentais já haviam acuado os rebeldes no Porto. Sousa Dias é preso, mas, alguns dos sublevados conseguem escapar, partindo para um breve exílio na Galiza, em Espanha. Entre estes, temos Jaime de Morais, que retornará à Portugal no ano seguinte, sendo preso e deportado para ilha de São Tomé. Dali, ele escapa para a África, conseguindo depois chegar a Paris, onde se reúne com Jaime Cortesão, ali exilado. Em 1931, retorna a Madrid, acompanhado pelo amigo, aproveitando o clima de liberdade instaurado com a República.

Entretanto, o descontentamento em solo português não cessa durante este tempo. Em Junho de 1930, uma nova revolta fracassada leva à prisão outros republicanos, entre eles, Alberto Moura Pinto, um antigo Ministro da Justiça e

Clandestina em Portugal (1926-1932). 2 volumes. Lisboa, Fragmentos, 1990; Marques, A. H. de Oliveira (org). *O General Sousa Dias e as revoltas contra a Ditadura, 1926-1931*. Lisboa, Publicações D. Quixote, 1975; Campinos, Jorge. *Op. cit.*; Farinha, Luis. *Op. cit.*

⁴ A revista *Seara Nova* vai surgir em 15 de Outubro de 1921, sendo considerada «o principal órgão de intervenção na vida política e cultural de sucessivos grupos de intelectuais republicanos de esquerda ao longo de seis décadas», Reis, António. «Seara Nova», in *Dicionário do Estado Novo*. V. 2. Lisboa, Círculo de Leitores, 1996, p. 890.

deputado pelo Partido Unionista⁵. Deportado para o Arquipélago dos Açores, consegue evadir-se para o território francês aquando da Revolta de 1931. Com o advento da República Espanhola, parte para Madrid e juntamente com Jaime de Morais e Jaime Cortesão compõem um «triumvirato» de combatentes na defesa dos ideais democráticos republicanos, sempre ligados por uma amizade que atravessará décadas de exílio.

Em Espanha, Morais, Cortesão e Moura Pinto fixam residência na capital, passando a serem conhecidos como o «Grupo de Madrid». Situados à esquerda do republicanismo, e apesar da sua origem política diferenciada, todos são profundamente marcados pelos ideais republicanos, advogando o primado da participação política direta do cidadão, do regime democrático baseado no parlamentarismo, das liberdades sindicais, dos direitos à liberdade de culto e de expressão e da defesa da autonomia local⁶. Entretanto, a oposição exilada está longe de ser um grupo homogêneo, sobretudo no que respeita ao consenso em torno das formas de luta contra a ditadura portuguesa. Na verdade, podemos falar em dois grupos distintos de opositores exilados, os vinculados ao Grupo de Madrid, e aqueles que se reúnem em torno de Ribeiro de Carvalho⁷, mais numeroso em território francês. As rivalidades internas, os fracassos das tentativas revolucionárias e, sobretudo as querelas geradas pela distribuição de fundos de auxílio aos emigrados políticos portugueses formam mote para as discordâncias internas no exílio⁸. Um dos «simpatizantes» de Ribeiro de Carvalho, Ferro Alves,

⁵ Junto com Moura Pinto são presos João Soares, pai do antigo Ministro português Mário Soares; e Ernesto Carneiro Franco, que também buscará exílio em território espanhol. ANTT. Torre do Tombo, Arquivos da PIDE-DGS, Processo n.º 4658. NT 4265. 20 de Julho de 1930.

⁶ Sobre a ideologia republicana ver, entre outros, Catroga, Fernando. *O Republicanismo em Portugal. Da formação ao 5 de Outubro de 1910*. 2 v. Coimbra, Faculdade de Letras, 1991.

⁷ Na verdade, Antonio Germano Guedes Ribeiro de Carvalho (1889-1967), oficial do Exército e antigo Ministro da Guerra (1923-24), ele defende a não participação de civis no movimento revolucionário, opondo-se ao Grupo de Madrid, pela defesa do contacto com a sociedade civil e o preparo revolucionário a partir das bases da sociedade. Sobre o tema ver, Farinha, Luis. «Carvalho, Antonio Germano Guedes Ribeiro de», in *Dicionário do Estado Novo*. V. 1. Lisboa, Círculo de Leitores, 1996, p. 128.

⁸ Sobre o tema ver: Clímaco, Ana Cristina Pereira. *L'exil politique portugais en France et en Espagne: 1927-1940*. 4 v. Dissertação de doutoramento em Sociedades Ocidentais, apresentada à Universidade de Paris 7 (Denis Diderot), Paris, 1998. Texto policopiado.

através de uma publicação, vai «popularizar» a designação pela qual o grupo de Madrid passa a ser conhecido: «Os Budas»⁹.

As relações próximas e cordiais entre os «Budas» e o governo republicano de Espanha contribuem para fomentar a discórdia e o clima de rivalidade entre os exilados. As cartas e os relatos de Jaime de Morais e Alberto Moura Pinto demonstram contactos próximos com importantes figuras do republicanismo espanhol, em especial, com elementos vinculados ao Partido Socialista Obrero Español, à Acción Republicana¹⁰, à Confederación Nacional del Trabajo e aos autonomistas, como a Federación Republicana Galega. Jaime de Morais, Moura Pinto e Cortesão possuem fortes laços ideológicos que os ligam à vertente socialista defendida por diversos sectores da ala esquerda do republicanismo espanhol, já por si próximo ao ideário português. As simpatias demonstradas por Jaime de Morais para com o ideário anarquista e a empatia de Cortesão com a temática iberista completam o quadro de vinculação aos sectores radicais de Espanha¹¹.

Em 1934, depois da reviravolta política que leva a CEDA ao poder, esta ligação é posta em relevo com a apreensão de armas cedidas pelos republicanos portugueses aos seus companheiros espanhóis e que seriam usadas na tentativa revolucionária conhecida por Revolta das Astúrias¹². O episódio fica conhecido como Caso Turquesa, devido ao nome do navio que as transportava, leva a uma crise política em Espanha, ao exílio de Jaime de Morais e Cortesão, novamente em França, e a prisão de Moura Pinto, entre fins de Setembro de 1934 e Maio de 1935, no Cárcere Modelo de Barcelona¹³. No entanto, as suas famílias per-

⁹ Um elemento pertencente ao quadro dos republicanos revoltados nas Ilhas Açorianas em 1931, o jornalista Ferro Alves, publica em Portugal o livro *Os Budas - o contrabando de armas*. Lisboa, Imprensa Lucas C.ª, 1935, no qual a imagem do grupo é reduzida a de «profissionais da revolução» (*Op. cit.*, p. 35), interessados no enriquecimento pessoal. O autor é apresentado nas cartas e documentos de Moura Pinto como um agente pago que, aproveitando-se das dissidências internas dos republicanos, procura desestabilizar os exilados. Ver: Relatório do caso Ferro. Arquivo Moura Pinto (em posse da Família).

¹⁰ O próprio Manuel Azaña cita inúmeras vezes nas suas memórias os contactos mantidos com os Budas. Ver: Azaña, Manuel. *Memorias políticas y de guerra*. Barcelona, Crítica, 1980, 2 v.

¹¹ Ver Autobiografia de Jaime de Morais. Arquivo Jaime de Morais.

¹² Ver, entre outros, Ruiz, David. *Octubre de 1934. Revolución en la República española*. Madrid, Síntesis, 2008.

¹³ No arquivo de Moura Pinto, há inúmeros recibos do Cárcere Modelo, de Barcelona, em favor de Moura Pinto, pagos pela mulher, Sra. Maria do Carmo. Com Moura Pinto, é igualmente preso Francisco Oliveira Pio, seu companheiro de exílio.

manecem em Espanha, assumindo a responsabilidade do auxílio aos exilados¹⁴, esperando o retorno político dos seus aliados espanhóis.

Em 1935, após o governo francês solicitar a deportação de Jaime Cortesão, o que não consegue devido aos inúmeros protestos de políticos e intelectuais, Jaime de Moraes retorna incógnito a Madrid, sem que seja incomodado pelas autoridades locais. Moura Pinto é libertado em Junho do mesmo ano¹⁵. Em 17 de Julho de 1936, com a amnistia dada pela Frente Popular, Cortesão volta a capital espanhola para se juntar ao grupo. O golpe de Franco vai envolvê-los e as suas famílias na Guerra Civil¹⁶, levando os filhos de Jaime de Moraes à frente de batalha¹⁷ e ao acordo político de maior simbolismo para o republicanismo na Península Ibérica, o Plano Lusitânia.

2. A GUERRA CIVIL E O REPUBLICANISMO PORTUGUÊS: O PAPEL DOS BUDAS NO COMBATE CONTRA O GOLPE MILITAR DE FRANCO

O dia de hoje (escrevo em 18 de Julho) dizem ser agora considerado festivo em Espanha, mas não creio que ele possa despertar alegria no coração de nenhum dos seus filhos.

Foi há oito anos já que a tragédia espanhola se iniciou, mas ninguém a pode ter esquecido; dela saiu uma grande nação destroçada materialmente, gravemente ferida no seu espírito e magoada no seu legítimo orgulho. Devido a ela, a generosa terra espanhola transformou-se num cemitério imenso que guarda piedosamente os restos de bem perto de dois milhões de homens que, quase em exceções, se revelaram heróis numa luta fratricida que não tem exemplo na história. [...]

¹⁴ Ver listas com os auxílios e recibos do dinheiro dado aos exilados republicanos. Arquivo Moura Pinto.

¹⁵ A partir desta data, desaparecem do Arquivo de Moura Pinto os recibos dos pagamentos ao cárcere em Barcelona.

¹⁶ A filha de Moura Pinto, Maria Luísa Moura Pinto, torna-se voluntária da Frente Republicana, passando a trabalhar como enfermeira num hospital em Madrid. Informações fornecidas por Joana Moura Pinto Rabinovitch, filha de Maria Luísa.

¹⁷ Os quatro filhos de Jaime de Moraes alcançam os seguintes postos no exército republicano: tenente dos Carabineiros (Mário de Castro Moraes), capitão dos Carabineiros (Fernando Secca Moraes), capitão de Artilharia (Óscar Secca Moraes) e tenente Engenharia (Ruy Secca Moraes). Depoimento de Fernando Secca Moraes, com 92 anos, residente no Rio de Janeiro, Brasil. Podemos verificar a veracidade das afirmações na *Gaceta de la República*, disponível on-line. Entre as nomeações de portugueses destacamos a do próprio Fernando de Moraes ao posto de Capitão, publicada a 3 de Junho de 1937, p. 1043.

O dia de hoje, para espanhóis e amigos será sempre um doloroso dia de luto: dia de festa, não pode ser para ninguém¹⁸.

A participação dos republicanos e demais opositores antissalazaristas portugueses na Guerra Civil espanhola é uma temática pouco tratada na historiografia espanhola e portuguesa¹⁹. No entanto, a participação efetiva do grupo vinculado aos Budas e as suas relações com o governo republicano de Espanha apenas começaram a ser tratadas²⁰. A documentação até hoje disponível estava limitada às declarações contidas nos autos de prisão de exilados portugueses, como Jaime de Moraes e Jaime Cortesão, assim com os relatórios dos espíões de Salazar, que não oferecem confiabilidade, dada as circunstâncias da sua produção²¹. As cartas pessoais trocadas entre os três «Budas» e os seus companheiros, portugueses e espanhóis, revelam um universo de vínculos e relacionamentos que são confirmados na documentação de alguns arquivos espanhóis, como o processo do Caso Turquesa, disponível no Archivo General de la Administración, en Alcalá de Henares, em documentos diversos depositados no Arquivo da Memória Histórica, em Salamanca, e em testemunhos guardados em arquivos particulares de Espanha, como o de Manuel Irujo, na Fundación Sabino Arana. Podemos afirmar que o forte vínculo estabelecido entre portugueses e espanhóis vai ser complexo e durará um longo período, abrangendo todo o período de exílio dos republicanos ibéricos.

A colaboração forte dos exilados lusos com o governo republicano é reforçada durante a Guerra Civil. Assistência militar, política e diplomática são constantemente citadas na correspondência e nos diários dos portugueses no exílio

¹⁸ Moraes, Jaime de. «18 de Julho: Uma data dolorosa», *Diário Carioca*, Rio de Janeiro, 23 de Julho de 1944, Segundo Caderno, p. 3.

¹⁹ Ver, entre outros, Oliveira, César. *Salazar e a Guerra Civil de Espanha*. Lisboa, O Jornal, 1987.

²⁰ Alguns trabalhos tocam no tema, como o César de Oliveira, já citado, e outros o tratam de maneira mais cuidada como o de Cristina Clímaco, também mencionado.

²¹ Como exemplo, podemos citar o caso de Ferro Alves ou, ainda, os relatórios produzidos por informantes em Madrid e Paris, que relatam fatos puramente fantasiosos a respeito dos republicanos. Ver nos processos individuais dos citados os relatórios anexos. ANTT, PIDE/DGS, Lisboa. Sobre o tema ver também Paulo, Heloisa. «A imagem oficial. Os Budas e a Espionagem Salazarista», in Carneiro, M. L. T. / Croci, F. (orgs.). *Tempos de Fascismos. Ideologia — Intolerância — Imaginário*. São Paulo, Edusp / APSP/ Imprensa Oficial, 2010.

espanhol e em documentação oficial expedida pelo Estado-maior republicano. Todo o grupo de exilados reunidos em torno dos Budas presta serviços militares, como Francisco Oliveira Pio, que é um dos primeiros responsáveis pelo treinamento recém-constituído exército republicano²², ou Alexandrino dos Santos, Comandante da Base Militar de Castelon de la Plana, na Catalunha²³. César de Almeida, um dos elementos mais próximos ao grupo, presta serviços no Comissariado do Exército do Este, no Ministério da Defesa Nacional²⁴. Jaime de Morais estima que quatrocentos combatentes portugueses estivessem retidos nos campos de concentração franceses em 1939, mas o número daqueles que combateram pela República Espanhola é bem maior do que esta estimativa feita no final do conflito²⁵.

Jaime de Morais, Moura Pinto e Cortesão estão ligados ao Estado-Maior²⁶, estabelecendo um relacionamento bem próximo com vários nomes do governo

²² Francisco Oliveira Pio nasceu em 17 de Janeiro de 1897. Em 1921, é nomeado Comissário da Divisão de Polícia da Segurança Pública de Lisboa. No 28 de Maio, pela discordância que assume publicamente com relação ao movimento, é transferido para Bragança. Participa do movimento de 3 de Fevereiro de 1927, fugindo para a França, Bélgica e, finalmente, Espanha. Em 1934, é preso com Moura Pinto após o Caso Turquesa. Solto, fica em Madrid até a eclosão da guerra civil, quando é incorporado ao 5.º Batalhão de Milícias Civis como Major. Participa de várias frentes de combate, incluindo a formação da linha de defesa da cidade universitária. É nomeado director da Escola de Aperfeiçoamento de Oficiais e, posteriormente, chefe de Operações do 23º Corpo do Exército. Em 1939, ao passar a fronteira, é internado no campo de concentração na região de Montauban, de onde escapa para Argel. Nesta cidade, combate na resistência junto ao General Bethouart e indicado pelos Budas, em 1945, como o seu representante no Hemisfério Norte. Em 1955, parte para o Brasil, retomando a resistência antissalazarista através do Movimento Nacional Independente. É membro do Grande Oriente Espanhol e possui fortes contactos com os espanhóis exilados em território brasileiro e com o governo republicano no exílio no México. Falece em 1972, no Rio de Janeiro, onde o seu corpo se encontra enterrado. Sobre Oliveira Pio não há estudos, mas o seu arquivo pessoal está no Museu da República e da Resistência em Lisboa, servindo de base para este apontamento.

²³ As informações sobre Alexandrino dos Santos são escassas. Para além do seu processo na PVDE, ANTT, Processo SR 1451UI. 2345, os dados obtidos de cartas e documentos dos dois arquivos citados apontam Alexandrino dos Santos como um «traidor», que teria passado com dinheiro para a França, onde viveria, em 1940, como agricultor. Ver ainda o dossiê sobre Alejandrino dos Santos em /PS-MADRID, 451, 50, Centro Documental de la Memoria Histórica.

²⁴ Ver correspondência trocada entre Moura Pinto, César de Almeida e Jaime de Morais. Arquivo Moura Pinto.

²⁵ As listagens franquistas de presos constantes no Arquivo Militar de Ávila apontam para 160 portugueses presos ao final da Guerra Civil.

²⁶ Jaime de Morais afirma numa carta a Moura Pinto que o Estado espanhol devia a ele e aos seus filhos cerca de 10.000 pesetas em salários atrasados. «Falia o Banco de Espanha se nos pagassem tudo». Carta datada de 15 de Maio de 1938. Arquivo Moura Pinto.

republicano, como, por exemplo, Paulino Gómez Saiz, Ministro de la Gobernación, entre Maio de 1937 e Março de 1939; ou ainda, Julio Alvarez del Vayo, Ministro de Estado, entre Setembro de 1936 e Agosto de 1938²⁷. O rápido avanço das tropas franquistas e o auxílio prestado por Salazar aos rebeldes vai reforçar a colaboração dos exilados portugueses e, entre eles, a ideia do restabelecimento do governo democrático em Portugal como uma possível solução para o «abandono» da República decorrente da política de «não intervencionismo» de possíveis aliados, com Inglaterra e França.

O Plano Lusitânia²⁸, segundo o seu assumido autor, Jaime de Morais, é «ambicioso»²⁹, pretendendo, após a derrocada de Salazar, criar uma nova frente de combate favorável à República. Desta forma, os rebeldes estariam «cercados» e os seus aliados nazi-fascistas seriam obrigados a recuar, pois lhes faltariam as bases necessárias de apoio em território português. Para a concretização do planeado, os exilados portugueses contam com o auxílio direto do governo espanhol, tendo sido nomeado o General Rojo para prestar o auxílio militar necessário aos portugueses, possibilitando o seu deslocamento nas zonas ocupadas pelos governamentais e o acesso às bases militares e aos depósitos de armamentos³⁰.

Da parte portuguesa, os contactos com o norte, o centro e o sul de Portugal demonstram um clima propício para a revolta, contando com o auxílio das guarnições militares e de comandos formados por civis. Em Espanha, os portugueses que lutavam ao lado da República são concentrados na zona da Catalunha, esperando a o embarque para Portugal. No entanto, as dificuldades de comunicação, o rápido avanço das tropas franquistas e as desavenças internas³¹

²⁷ Ver, entre outras, correspondência datada de Niterói, Brasil, de 27 de Julho de 1945, de Jaime de Morais para Moura Pinto, e de Paulino Gomez Saiz endereçada a Moura Pinto, datada de Bogotá, 22 de Julho de 1942.

²⁸ Sobre o tema há pouco material publicado, ver, entre outros, Farinha, Luís. *Op. cit.* A melhor fonte sobre o Plano Lusitânia é o relato do próprio Jaime de Morais nas suas memórias, os apontamentos de Moura Pinto e as cartas cifradas trocadas entre ambos.

²⁹ Memórias de Jaime de Morais. Exemplar dactilografado. Arquivo Jaime de Morais.

³⁰ Jaime de Morais afirma que o Governo espanhol estaria «pronto a auxiliar-nos, pedindo-nos em troca pouca coisa: que Portugal deixasse de abastecer e auxiliar os rebeldes». Memórias de Jaime de Morais. Exemplar dactilografado. Arquivo Jaime de Morais.

³¹ Um incidente ocorrido no acampamento português, que levou a morte de um anarquistas e a prisão de um soldado, Pedro Rocha, causando um mal estar entre os oficiais e as autoridades locais, para além da recusa dos comunistas de darem andamento ao Plano, foram os factores de atraso ao prosseguimento do

fazem com que «quando Portugal disse que estava pronto, acabava a guerra em Espanha»³².

Em Janeiro de 1939, Jaime de Morais e Jaime Cortesão atravessam a fronteira para um longo exílio. Em França, encontram Moura Pinto, que deixara Barcelona meses antes, iniciando uma série de contactos para uma saída da Europa, já às portas da guerra. Mais uma vez, os caminhos dos Budas se cruzam com os republicanos espanhóis, retidos nos campos de concentração franceses. O número de pedidos de socorro enviados, em especial, para Moura Pinto, mas também para Jaime de Morais, revelam as condições miseráveis a que foram submetidos os exilados espanhóis em França. Diversos grupos de portugueses também se acham nos campos e, em alguns deles, os espanhóis assumem a identidade dos seus «vizinhos» e antigos companheiros de armas, com medo de serem entregues ao regime de Franco³³.

Em 1940, com as tropas alemãs já em território francês, Jaime de Morais e Jaime Cortesão, juntamente com Bernardino Machado e as suas famílias cruzam a fronteira a caminho de Portugal, aceitando a propalada «amnistia» do governo de Salazar. Uma vez em solo português, são presos, sendo Cortesão e Morais encaminhados para o exílio no Brasil. Lá encontram Moura Pinto e retomam as actividades de combate ao salazarismo, juntamente com outros emigrados políticos e exilados do regime.

3. O IBERISMO DOS EXILADOS PORTUGUESES: OS CONTACTOS COM OS NACIONALISTAS E A IMPORTÂNCIA DA FIGURA DE CASTELAO

Poucas semanas depois das xornadas parlamentarias de Montserrat, nas que se presentou o Estatuto, nos días 16 a 17 de marzal, a poboación civil de Barcelona foi sometida a un bárbaro bombardeo [...] Castelao foi unha das vítimas. Vivía nun pequeno hotel, onde

Lusitânia. Declarações de Fernando de Morais, filho de Jaime de Morais, tenente carabineiro encarregado do acampamento em Centelhas.

³² Memórias de Jaime de Morais. Exemplar dactilografado. Arquivo Jaime de Morais.

³³ Sobre o tema ver Clímaco, Cristina. «A emigração política portuguesa em França (1927-1940). Fontes e Bibliografia», in *Penélope. Portugal no exílio no Século xx*. Lisboa, Ed. Cosmos, 1996, pp. 153-177.

tamén estaba o seu amigo, o escritor portugués Xaime Cortesão, na Rua de Balmes, perto da Universidade³⁴.

